

**ROSA ANA PRADA QUEIPO, SECRETARIA DO CONCELLO DE AMES NA PROVINCIA DA CORUÑA**

**CERTIFICO:** QUE O PLENO DESTE CONCELLO LEVOU A CABO SESIÓN ORDINARIA O 24 DE ABRIL DE 2014, DESA REUNIÓN REDACTOUSE A CORRESPONDENTE ACTA QUE É DO TEOR LITERAL SEGUINTE.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA LEVADA A CABO POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 24 DE ABRIL DE 2014.-**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ames, ás vinte horas (20:00) do día 24 de abril de 2014, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. alcalde don **Santiago V. Amor Barreiro** e coa asistencia das/os señoras/os concelleiras/os seguintes:

Grupo municipal Popular	Grupo municipal Socialista	Concelleiras/os non adscritas/os
Santiago V. Amor Barreiro	José Manuel Miñones Conde	María Pilar Candocia Pita
Mª Eugenia Martín Vicente	Isabel González Cancela	Xosé Anxo Doval Rey
Bernardo Moar Míguez	Carmen Fraga Crespo	Susana Mallo Redondo
Alfredo Taboada Alvelo	José Pazos Balsa	Ramón García Argibay
Mª Carmen Verde Leboráns	Francisco Villaverde Marcos	Mª Dolores Fernández Álvarez
		Manuel J. Ferreiro Santiago
		Alfonso Rey López
		María González Gómez
		Emilio Martínez Carballeira

Non asiste, pero xustifica a súa ausencia, a concelleira, **Olalla Alvite del Rio**.

Actúa como **secretaria** a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

**ORDE DO DÍA:**

**A) PARA DAR CONTA:**

**Punto primeiro.- Dación de conta ao Pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.**

O señor alcalde, **Santiago V. Amor Barreiro** informa á Corporación que os decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria estiveron a disposición de todas/os as/os concelleiras/os na Secretaría Xeral, engadindo que o acceso aos decretos é libre para todas/os as/os concelleiras/os en calquera momento na Secretaría Xeral do Concello, e que con ocasión da convocatoria dos plenos ordinarios o que teñen a súa disposición é o libro oficial, en papel timbrado e numerado, ademais dos duplicados existentes nos distintos departamentos do Concello.

**Punto segundo.- Información periódica a render ao Pleno, en execución do acordo adoptado en data 26/08/2010: Execución do orzamento ao remate do 1º trimestre do exercicio 2014.**

O señor alcalde, **Santiago V. Amor Barreiro** da conta da información periódica a render ao pleno en execución do acordo adoptado en data 14/10/2013: Execución do orzamento ao remate do 1º trimestre do exercicio 2014, de acordo co informe 07/2014 da intervención municipal emitido en data 21 de abril de 2014 e a documentación en formato dixital que se xunta a aquel.

**Punto terceiro.- Información ao pleno, en execución do disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, informe sobre o cumprimento dos prazos previstos no artigo 216.4 do Real decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para o pago das obrigas de cada Entidade local, correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2014.**

O señor alcalde, **Santiago V. Amor Barreiro** da conta da información ao pleno, en execución do disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, informe sobre o cumprimento dos prazos previstos no artigo 216.4 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para o pago das obrigas de cada Entidade local, correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2014 de acordo co informe 71/2014 de intervención municipal emitido o 21 de abril de 2014 e documentación en formato dixital que se xunta a aquel.

**Punto cuarto.- Información ao pleno, en execución do disposto no artigo 5.4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, relación de facturas que presentan unha demora na tramitación superior aos tres meses, correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2014.**

O señor alcalde, **Santiago V. Amor Barreiro** da conta da información ao pleno, en execución do disposto no artigo 5.4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas relacións comerciais, relación de facturas que presentan unha demora na tramitación superior aos tres meses, correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2014 de acordo co informe de intervención municipal 71/2014 emitido en data 21 de abril de 2014 e a documentación en formato dixital que se xunta a aquel.

#### ***B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:***

**Punto quinto.- Aprobación, se procede, de actas anteriores.**

O señor alcalde **Santiago V. Amor Barreiro** somete a aprobación a acta correspondente á sesión ordinaria de 27 marzo do 2014 que resulta aprobada por maioría absoluta coa abstención de Alfonso Rey López por non estar presente naquela sesión, e o voto favorable do resto de membros presentes da corporación municipal.

**Punto sexto.- Aprobación inicial da modificación do Regulamento de funcionamento do mercado de venda ambulante do concello de Ames.**

Durante o transcurso deste punto da orde do día a concelleira **Mª Pilar Candocia Pita** solicita que este asunto quede enriba da mesa, proposta que tras ser sometida a votación resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes da corporación municipal.

**Punto sétimo.- Aprobación definitiva do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do Concello de Ames**

(.....)

Rematadas as intervencións o pleno da corporación por maioría absoluta do número legal de membros, coa abstención das/os concelleiras/os non adscritas/os **María Pilar Candocia Pita, Susana Mallo Redondo e Xosé Anxo Doval Rey**, e o voto favorable do

resto dos membros presentes da corporación municipal, adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Prestar aprobación definitiva ao Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuradora do concello de Ames, unha vez introducidas as correccións indicadas por Augas de Galicia ao texto aprobado inicialmente en sesión 30 xaneiro 2014. O texto aprobado definitivamente figura como anexo I deste acordo.

**Segundo.-** Publicar o acordo de aprobación definitiva e o texto integro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos.

**Terceiro.-** Facultar ao alcalde do concello de Ames, Santiago V. Amor Barreiro para cantas actuacións de tramite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

### Anexo I

#### REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONCELLO DE AMES

##### CAPÍTULO I: OBXECTO, NORMAS XERAIS E CARÁCTER E OBRIGA DO SERVIZO

- Artigo 1.- Obxecto do regulamento
- Artigo 2.- Normas xerais
- Artigo 3.- Carácter e obriga da subministración

##### CAPÍTULO II- OBRIGAS E DEREITOS DA PRESTADORA DO SERVIZO E DOS ABONADOS

- Artigo 4.- Obrigas da prestadora do servizo
- Artigo 5.- Dereitos da prestadora do servizo
- Artigo 6.- Obrigas do abonado.
- Artigo 7.- Dereitos do abonado.

##### CAPÍTULO III.- CONTRATOS DE SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

- Artigo 8.- Concesión da subministración de auga
- Artigo 9.- Tramitación das solicitudes de contratación da subministración de auga
- Artigo 10.- Causas de denegación do contrato de subministración de auga potable
- Artigo 11.- Cotas de contratación do subministración de abastecemento de auga.
- Artigo 12.- Fianzas
- Artigo 13.- Contrato de Subministro de auga
- Artigo 14.- Titularidade do contrato do subministración de auga e o seu cambio
- Artigo 15.- Subrogación do contrato de subministración de auga
- Artigo 16.- Obxecto e alcance do contrato de subministración de auga
- Artigo 17.- Duración do contrato de subministración de auga
- Artigo 18.- Causas de suspensión da subministración de auga
- Artigo 19.- Procedemento de suspensión de subministración de auga potable
- Artigo 20.- Extinción do contrato de subministración de auga potable

##### CAPÍTULO IV.- CONDICIÓNS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

- Artigo 21.- Carácter da subministración de auga
- Artigo 22.- Obrigas da subministración de auga potable
- Artigo 23.- Esixibilidade da subministración de auga potable
- Artigo 24.- Continuidade do servizo de subministración de auga potable
- Artigo 25.- Suspensións temporais da subministración de auga potable
- Artigo 26.- Reservas de auga potable
- Artigo 27.- Restricións na subministración de auga potable
- Artigo 28.- Subministracións para servizos contra incendios

##### CAPÍTULO V.- INSTALACIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA

- Artigo 29.- Rede de distribución
- Artigo 30.- Arteria
- Artigo 31.- Conducións viarias
- Artigo 32.- Acometida
- Artigo 33.- Instalacións interiores de subministración de auga.

## **CAPÍTULO VI.- ACOMETIDAS**

- Artigo 34.- Concesión de acometidas da subministración de auga potable
- Artigo 35.- Características das acometidas da subministración de auga potable
- Artigo 36.- Tramitación de solicitudes da subministración de auga potable
- Artigo 37.- Execución e conservación da subministración de auga potable
- Artigo 38.- Dereito de acometida da subministración de auga potable
- Artigo 39.- Terreos en réxime comunitario
- Artigo 40.- Construción de novos edificios
- Artigo 41.- Subministración provisional de auga para obras
- Artigo 42.- Urbanizacións e polígonos

## **CAPÍTULO VII.- INSTALACIÓNS INTERIORES DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

- Artigo 43.- Condicións xerais
- Artigo 44.- Facultade de inspección
- Artigo 45.- Instalación interiores inseguras
- Artigo 46.- Modificación das instalacións interiores
- Artigo 47.- Obrigatoriedade de uso do contador
- Artigo 48.- Características técnicas dos aparellos de medida
- Artigo 49.- Situacións dos contadores
- Artigo 50.- Adquisición do contador
- Artigo 51.- Verificación e precintado
- Artigo 52.- Solicitud de verificación
- Artigo 53.- Colocación e retirada de contadores
- Artigo 54.- Cambio de situación
- Artigo 55.- Manipulación do contador
- Artigo 56.- Substitución de contadores
- Artigo 57.- Lectura de contadores

## **CAPÍTULO VIII.- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

- Artigo 58 - Obxecto e alcance do contrato
- Artigo 59.- Suxeitos do contrato
- Artigo 60.- Duración da póliza
- Artigo 61.- Pluralidade de contratos de saneamento e depuración nun inmovible
- Artigo 62.- Subscrición do contrato de saneamento e depuración
- Artigo 63.- Causas de denegación do contrato de saneamento e depuración
- Artigo 64.- Subrogación do contrato de saneamento e depuración

## **CAPÍTULO IX.- CONDICIÓNS DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

- Artigo 65.- Servizos que se van desenvolver
- Artigo 66.- Obrigas específicas dos abonados ao servizo de saneamento e depuración
- Artigo 67.- Definicións
- Artigo 68.- Elementos materiais do servizo
- Artigo 69.- Acometidas de saneamento e depuración
- Artigo 70.- Solicitud de acometida
- Artigo 71.- Tramitación de solicitudes
- Artigo 72.- Aprobación e denegación de acometidas
- Artigo 73.- Determinación e execución de acometidas
- Artigo 74.- Modificación de acometidas de saneamento e depuración por variación das condicións iniciais de solicitud
- Artigo 75.- Obrigatoriedade do saneamento
- Artigo 76.- Instalación interior e bombeos particulares de augas residuais.
- Artigo 77.- Posta en servizo da acometida
- Artigo 78.- Acometidas de pluviais
- Artigo 79.- Conservación de acometidas
- Artigo 80.- Ampliación de acometidas
- Artigo 81.- Acometida en desuso
- Artigo 82.- Pequenas ampliacións e melloras na rede
- Artigo 83.- Colectores en propiedades particulares
- Artigo 84.- Urbanizacións e polígonos
- Artigo 85.- Condicións da rede de saneamento
- Artigo 86.- Execución de instalacións interiores
- Artigo 87.- Inspección da instalación interior
- Artigo 88.- Materiais da instalación interior
- Artigo 89.- Prohibicións de mesturar verteduras de diferentes procedencias
- Artigo 90.- Medición de caudais
- Artigo 91.- Garantía de altura e caudal
- Artigo 92.- Control de caudais
- Artigo 93.- Carácter da vertedura
- Artigo 94.- Control de contaminación de orixe
- Artigo 95.- Verteduras prohibidas
- Artigo 96.- Verteduras liimitadas
- Artigo 97.- Instalacións de pretratamento
- Artigo 98.- Situacións de emerxencia
- Artigo 99.- Inspección e vixilancia
- Artigo 100.- Continuidade do servizo
- Artigo 101.- Suspensións temporais

## **CAPÍTULO X.- CONSUMOS E FACTURACIÓNS. RÉXIME TARIFARIO**

- Artigo 102.- Determinación dos consumos facturables
- Artigo 103.- Obxecto de periodicidade da facturación
- Artigo 104.- Tarifas
- Artigo 105.- Recibos
- Artigo 106.- Cobro de servizos específicos
- Artigo 107.- Dereitos de acometida e contratación
- Artigo 108.- Forma de pagamento dos recibos
- Artigo 109.- Vía de constrinximento
- Artigo 110.- Reclamacións
- Artigo 111.- Consumos públicos

## **CAPÍTULO XI.- FRAUDES E LIQUIDACIÓN DA FRAUDE**

- Artigo 112.- Inspección da utilización
- Artigo 113.- Fraudes na subministración de abastecemento de auga
- Artigo 114.- Infraccións graves
- Artigo 115.- Liquidación da fraude
- Artigo 116.- Fraudes no servizo de saneamento e depuración
- Artigo 117.- Actuación por fraude
- Artigo 118.- Liquidación por fraude no saneamento e depuración

## **CAPÍTULO XII.- INFRACCIÓNS, SANCIÓN E MEDIDAS CORRECTORAS**

- Artigo 119.- Tipificación das infraccións
- Artigo 120.- Infraccións leves
- Artigo 121.- Infraccións graves
- Artigo 122.- Faltas moi graves
- Artigo 123.- Sancións
- Artigo 124.- Potestade sancionadora
- Artigo 125.- Medidas correctoras

## **CAPÍTULO XIII.- COMPETENCIA E RECURSOS**

- Artigo 126.- Competencia do Servizo Municipal
- Artigo 127.- Recursos administrativos de reposición
- Artigo 128.- Recurso contencioso-administrativo

## **CAPÍTULO XIV.- DO REGULAMENTO**

- Artigo 129.- Obrigatoriedade do seu cumprimento
- Artigo 130.- Modificación do regulamento
- Artigo 131.- Interpretación do regulamento
- Artigo 132.- Vixencia do regulamento

## **DISPOSICIÓN FINAL**

<b>CAPÍTULO I OBXECTO, NORMAS XERAIS E CARÁCTER E OBRIGA DO SERVIZO</b>
---

### **Artigo 1. OBXECTO DO REGULAMENTO**

**1.1.-** O abastecemento de auga potable, saneamento (de fecais e pluviais) e depuración do Concello de Ames son servizos públicos de competencia municipal, de conformidade co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**1.2.-** O servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do Concello de Ames seguirá ostentando, en todo momento, a condición de servizo público municipal do Concello de Ames, sen prexuízo da forma de xestión que aprrobe o Concello.

**1.3.-** O Concello de Ames procede á prestación do Servizo Municipal de Abastecemento de auga potable, saneamento e depuración, de acordo co definido e preceptuado pola Lei de réxime local e texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, na forma de xestión que determine o Pleno do Concello.

O Concello de Ames poderá prestar os servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración mediante calquera das formas previstas en dereito. Poderá estruturalos e dará publicidade á súa organización sexa cal sexa a forma de prestación elixida, directa ou indirecta, de acordo coa lexislación aplicable de réxime local. Así mesmo, dará credenciais ás persoas adscritas a eles para coñecemento e garantía de todos os usuarios e usuarias.

**1.4.-** O presente regulamento ten por obxecto regular as relacións entre a *prestadora do Servizo* de Abastecemento de Auga Potable, Saneamento e Depuración e os seus *abonados*; e sinalar os dereitos e obrigas básicas para cada unha das partes. Co fin de simplificar, no presente regulamento denomínase "*abonado*" a calquera persoa física ou xurídica que teña contratado o servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e/ou depuración, que en todo caso ten que ser a propietaria do terreo, local ou industria, sen prexuízo da súa facultade de repercusión contra o usuario ou

beneficiario do servizo.

**1.5.-** Para os efectos deste regulamento considerase “*prestadora do servizo*” de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración aquelas persoas, naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, que efectivamente presten os servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración no Concello de Ames, consonte ao establecido na vixente regulamentación do réxime local.

#### **Artigo 2.- NORMAS XERAIS**

**2.1.-** O servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do municipio axustarase a canto establece o presente regulamento, ao estipulado no Real decreto 314/2006 de 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico das edificacións e os documentos básicos que o integran, especialmente o correspondente a salubridade HS-4, subministración de auga e HS-5, evacuación de augas que se refiren principalmente a instalacións interiores, e ao preceptuado nas ordenanzas municipais.

**2.2.-** En canto á normativa autonómica axustarase ao establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e ao Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia.

**2.3.-** As características técnicas dos elementos e a execución das instalacións da rede xeral e das acometidas aos terreos, vivendas, locais ou industrias axustarase, ademais, ás Normas técnicas para as instalacións de abastecemento e saneamento contidas no PXOM vixente (BOP 02-08-2002), complementariamente atenderase as Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia ou (<http://augasdegalicia.xunta.es/es/ITOHG.htm>) elaboradas por Augas de Galicia, ou a normativa que a substitúa.

#### **Artigo 3.- CARÁCTER E OBRIGA DA SUBMINISTRACIÓN**

**3.1.-** A *prestadora do servizo*, dentro do ámbito territorial no que desenvolve os seus servizos, definido como a área de cobertura que domina coas instalacións existentes en cada momento de abastecemento de auga e rede de saneamento, está obrigada a distribuír e situar nos puntos de toma dos *abonados* a auga potable así como a conexión á rede de saneamento e depuración, consonte ás condicións que fixa este regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

**3.2.-** Para os efectos do disposto na vixente lexislación, establécese como requisito esencial de toda urbanización a instalación ou conexión á rede xeral do servizo de auga potable e á rede de saneamento e depuración. En consecuencia, non se concederán licenzas para edificar en solo urbano se nos correspondentes proxectos de obra que se sometan á Administración municipal non consta a instalación ou conexión coa rede xeral de subministración de auga e rede de saneamento e depuración, coas garantías necesarias.

## **CAPÍTULO II.-**

### **OBRIGAS E DEREITOS DA PRESTADORA DO SERVIZO E DOS ABONADOS**

#### **Artigo 4.- OBRIGAS DA PRESTADORA DO SERVIZO**

**4.1.- Obriga da prestadora do servizo.-** Dentro do territorio municipal e no ámbito no que estea instalada a rede de distribución de auga, saneamento e depuración, a *prestadora do servizo*, cos recursos ao seu alcance, está obrigada a conceder a subministración de auga potable e a prestar os servizos de saneamento e depuración a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso en edificios, locais e recintos, sempre que estes reúnan as condicións esixidas neste regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

**4.2.- Calidade da auga e condición sanitarias.-** A *prestadora do servizo* está obrigada a subministrar auga potable aos *abonados*, garantindo a súa potabilidade, consonte ás disposicións vixentes, ata a chave de rexistro existente con carácter xeral no límite da propiedade pública, xunto ao muro-fachada, que se considera como inicio da instalación interior da persoa *abonada*.

Tamén está obrigada a manter as condicións sanitarias e as instalacións de acordo coa normativa vixente aplicable, vixiando as verteduras non permitidas.

**4.3.- Conservación das instalacións.-** Atínxelle á *prestadora do servizo* a conservación, mantemento e explotación, das redes e instalacións de auga potable e rede de saneamento e depuración adscritas á prestación do Servizo, así como ás acometidas de auga potable ata a chave de rexistro que contempla o apartado c) do artigo 32 e as acometidas de rede de saneamento ata a arqueta da acometida.

**4.4.- Regularidade na prestación dos servizos.** A *prestadora do servizo* estará obrigada a manter a continuidade e regularidade na subministración de auga, e nos servizos de saneamento e depuración. Garantirá as condicións de caudal e presión establecidas no contrato, salvo nos casos de avarías accidentais ou causas de forza maior. En calquera caso, non lle serán imputables as interrupcións destes servizos nos supostos de forza maior e nos indicados neste regulamento.

A non dispoñibilidade de caudais de auga nas captacións por motivos non imputables á *prestadora do servizo* considerarase de forza maior. Non se considerarán de forza maior as interrupcións que resulten da inadecuación das instalacións ao fin para o que deben servir ou as derivadas do funcionamento da *prestadora do servizo*.

Así mesmo, deberá manter de forma permanente a dispoñibilidade e regularidade do servizo de saneamento e depuración mediante a vixilancia, conservación e reparación de todas as instalacións afectas ao servizo.

**4.5.- Visitas ás instalacións.-** A *prestadora do servizo* está obrigada a colaborar coas autoridades e centros de educación para facilitar, en harmonía coas necesidades de explotación, que os *abonados*, persoas usuarias ou público en xeral, poidan coñecer o funcionamento das instalacións.

**4.6.- Reclamacións.-** Contestar as reclamacións dos *abonados* que formulen por escrito, no prazo regulamentario.

**4.7. Avarías.** A *prestadora do servizo* disporá dun servizo permanente de recepción de avisos de avarías, informacións urxentes e aquelas anomalías que poidan producirse relacionadas coa prestación deste e deberá darlle resposta ao *abonado* coa maior brevidade posible. Informará ademais aos *abonados*, sempre que sexa posible e polos medios adecuados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan na subministración como resultado das súas

actuacións ou de terceiros.

**4.8.- Tarifas.-** A prestadora do servizo estará obrigada a aplicar, aos distintos tipos de subministracións que teña establecidos, os prezos e cadros de tarifas que, en cada momento, estean aprobadas polo órgano competente do Concello de Ames.

4.9. Facturación. A prestadora do servizo procederá á facturación tomando como base a tarifa legalmente autorizada polo Concello de Ames.

**4.10.- Incorporación de obras e instalacións hidráulicas.-** Correspóndelle á prestadora do servizo informar ou, se é o caso, redactar os proxectos de obras de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración e construír, se o Concello así o encarga, o conxunto das instalacións precisas ata os edificios ou inmobles obxecto da subministración domiciliaria, así como os de rede de saneamento e depuración.

A tramitación e execución de acometidas de subministración de auga, saneamento e depuración a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso en edificios, locais e recintos situados dentro da área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este regulamento e foran aprobadas pola corporación municipal.

Informar e, se é o caso, propoñer as correccións oportunas aos plans parciais e especiais, programas de actuación urbanística e proxectos de urbanización, respecto da rede de distribución de auga, de saneamento e depuración na área, sector, polígono ou unidade de execución correspondente. A prestadora do servizo deberá informar, antes de que o Concello de Ames reciba calquera urbanización, o que se refira ás obras de abastecemento de auga e saneamento e depuración, cando estas non fosen executadas pola prestadora do servizo.

Informar das redes existentes nas proximidades das novas edificacións, rehabilitacións ou reconstrucións solicitadas nos terreos edificables dos núcleos rurais e propor xustificadamente os puntos de conexión coas redes existentes e, se é o caso, as canalizacións de extensión requiridas que posibiliten o enlace cos servizos.

**4.11.- Obras executadas polo Estado ou outras administracións.-** Atínxelle á prestadora do servizo a conservación, mantemento e explotación das obras e instalacións destinadas ao abastecemento de auga, saneamento (de fecais e pluviais) e depuración que execute o Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia, o Concello de Ames ou outras Administracións, unha vez que se produza a súa entrega ao municipio de Ames e a súa afectación ou adscrición ao servizo.

**4.12. Responsabilidade civil.** A prestadora do servizo na súa condición de xestor das infraestruturas municipais, deberá cubrir a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo póliza de seguros adecuada.

**4.13. Campañas e programas de concienciación.** A prestadora do servizo realizará campañas, de información e sensibilización da poboación en xeral e dos usuarios como mínimo unha vez ao ano:

- a) de uso racional do consumo de auga dirixido tanto aos *abonados* domésticos como ao resto.
- b) en relación con verteduras diferentes das domésticas en particular, coa finalidade de reducir a vertedura á rede de saneamento de substancias e produtos tóxicos do fogar, talleres e outras instalacións.

Tamén iniciará un programa de minimización e recollida selectiva daqueles residuos máis impactantes (aceites e graxas da cociña, aceites de locomoción usados, produtos de limpeza, restos de pintura e vernices, restos de praguicidas, medicamentos, etc) que usualmente se eliminan polo vertedeiro ou desaugadoiros que conducen ao saneamento, e a obriga ou conveniencia, segundo corresponda, da instalación de separadores de graxas para o tratamento previo.

#### **Artigo 5.- DEREITOS DA PRESTADORA DO SERVIZO**

Sen prexuízo daqueles outros dereitos que en relación con situacións específicas poidan derivarse para a prestadora do servizo, e dos que lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do servizo público, a prestadora do servizo terá, con carácter xeral, os seguintes dereitos:

- a) **Inspección de instalacións interiores.** Á prestadora do servizo, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lle confira aos distintos órganos da Administración, asístelle o dereito a inspeccionar, revisar, informar e intervir, coas limitacións que se establecen neste regulamento, as instalacións interiores da subministración, saneamento e depuración da auga que, por calquera causa, poidan interferir no funcionamento do servizo.
- b) **Cobramentos por facturación.** Á prestadora do servizo asístelle o dereito a percibir nos lugares destinados para o efecto, o importe das facturacións, recibos ou liquidacións que, regulamentariamente, lle corresponda pagar á persoa abonada polas prestacións que realizase a prestadora do servizo ou, se é o caso, fosen utilizadas.

#### **Art. 6.- OBRIGAS DO ABONADO**

**6.1.** Con independencia daquelas situacións que sexan obxecto dunha regulamentación especial neste regulamento, das que poidan derivarse obrigas específicas para un *abonado*, estes terán, con carácter xeral, ademais de cumprir as condicións e obrigas contidas no contrato, as seguintes obrigas:

a) **Pagamento de recibos e facturas.** En reciprocidade ás prestacións que recibe, todo *abonado* estará obrigado ao pagamento puntual dos recibos ou liquidacións que se lle formulen consonte ás taxas, prezos e tarifas que estean aprobados, tanto as que se deriven da prestación dos servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración como de servizos complementarios aos que fai referencia este regulamento.

A obrigatoriedade do pago íntegro dos consumos de auga considerarase extensiva aos casos en que estes se orixinaran por fuga, avaría, ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra



causa non imputable á prestadora do servizo. Deberá comunicar á prestadora do servizo calquera modificación na domiciliación do recibo.

**b) Pagamento de fianzas.** Toda persoa solicitante, ao formalizar o contrato de subministración, está obrigada a depositar a correspondente fianza, consonte ao disposto no presente regulamento e/ou nas disposicións legais vixentes.

**c) Conservación de instalacións.** Sen prexuízo de canto ao efecto establecen as Normas básicas para instalacións interiores de subministración de auga, saneamento e depuración toda persoa abonada deberá utilizar de forma correcta as instalacións ao seu servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar estas na forma máis axeitada, mantendo, ademais, intactos os precintos que garanten a inviolabilidade do contador e das instalacións de acometida, se é o caso, como bens de servizo público, así como garantindo as condicións idóneas para a toma de lecturas de consumo.

O abonado está obrigado a manter o contador e chave de paso en bo estado de conservación, de maneira que poidan ser desmontados con facilidade. Se, para a súa substitución, houberse que realizar reformas na súa instalación, estas serían por conta do abonado.

**d) Facilidades para as instalacións e inspeccións.** Toda persoa solicitante dunha subministración, está obrigada a facilitarlle á prestadora do servizo a colocación dos elementos precisos na propiedade obxecto da subministración, así como a permitir a entrada ao persoal autorizado por dito servizo, que así o acredite, a fin de que poida efectuar cantas comprobacións estean relacionadas con el. Igualmente, a persoa solicitante dunha subministración está obrigada a cederlle á prestadora do servizo o uso dos locais, recintos ou arquetas necesarios para a instalación dos equipos de medida e elementos auxiliares adecuados en cada caso.

**e) Derivacións a terceiros.** Os abonados non poderán, baixo ningún concepto, ceder gratuíta ou mediante pagamento auga a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, e serán responsables de toda fraude que se produza na súa subministración, ben por si ou por calquera outra persoa que del dependa.

**f) Avisos de avaría.** Os abonados deberán, en interese xeral e no seu propio, poñer en coñecemento da prestadora do servizo calquera avaría ou perturbación producida ou que, ao seu xuízo, se puidese producir na rede xeral de distribución ou nas acometidas.

**g) Usos e alcance das subministracións.-** Os abonados estarán obrigados a utilizar a auga subministrada na forma e para os usos contratados. Así mesmo, está obrigada a solicitarlle á prestadora do servizo a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións, que implique un aumento nos caudais contratados de subministración, ou modificación no número das persoas receptoras.

Queda prohibido:

- 1.- Inserir nas tubaxes de abastecemento, sen previa autorización da prestadora do servizo, bombas ou calquera aparello que modifique ou poida afectar ás condicións da rede de distribución na súa contorna e, consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros abonados.
- 2.- Modificar os accesos aos contadores e aparellos de medida, sen comunicación.
- 3.- Manipular as instalacións interiores xerais, nin instalar elementos nelas.
- 4.- Realizar consumos de auga que non sexan controlados polo equipo de medida ou introducir calquera alteración nas instalacións que permitise estes consumos.
- 5.- Ocasionar voluntariamente ou por conduta negligente fugas de auga.
- 6.- Romper ou alterar os precintos de medida.
- 7.- As conexións ao servizo de saneamento sen a preceptiva autorización.

**h) Notificación de baixa.** A persoa abonada que desexe causar baixa no subministración de auga estará obrigada a comunicarlle por escrito á prestadora do servizo dita baixa cunha antelación mínima de **15 días hábiles**, indicando, en todo caso, a data en que debe cesar a antedito subministración.

**i) Independencia de instalacións.** Cando nun mesmo terreo xunto á auga de distribución pública existise auga doutra procedencia, o abonado estará obrigado a establecer redes e instalacións interiores por onde circulen ou se almacenen independentemente as augas, sen que exista posibilidade de que se mesturen as augas dunha e doutra procedencia.

A prestadora do servizo non se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións que non cumpran estas condicións, e advírteselle ao abonado da responsabilidade na que pode incorrer, de producirse, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade das augas da rede pública.

**j) Inspección de instalacións.-** Permitir a entrada no local nas horas hábiles ou de normal relación co exterior ao persoal do servizo que, exhibindo a acreditación pertinente, trate de instalar os elementos precisos e inspeccionar as instalacións.

#### **Artigo 7.- DEREITOS DO ABONADO**

Sen prexuízo daqueles outros que en relación con situacións específicas poidan derivarse para o abonado, este, con carácter xeral, terán os seguintes dereitos:

**a) Potabilidade da auga e funcionamento ambiental do saneamento.** A recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.

Esixir do Concello e da prestadora do servizo o correcto funcionamento ambiental dos sistemas de depuración.

**b) Servizo permanente.** A dispoñer permanentemente dos servizos de subministración de auga potable, saneamento e depuración consonte as condicións que se sinalan no seu contrato de servizos, sen outras limitacións que as establecidas no presente regulamento e demais disposicións aplicables.

Dispor de condicións técnicas axeitadas para a normal evacuación das augas residuais de acordo coas instalacións existentes.

**c) Facturación.** A que os servizos que reciba se lle facturen polos conceptos e contías vixentes en cada momento.

**d) Periodicidade de lectura.** A que a prestadora do servizo tome lectura ao equipo de medida que controle a



subministración, coa frecuencia que se estableza na ordenanza vixente.

**e) Periodicidade de facturación.** A que se lle facturen os servizos que reciban, cunha periodicidade similar á de lectura.

**f) Contrato.** A que se formalice, por escrito, un contrato, no que se estipulen as condicións básicas dos servizos de subministración de auga potable, saneamento e depuración

**g) Execución de instalacións interiores.** O *abonado* poderá elixir libremente o instalador autorizado que execute as instalacións interiores, así como o provedor do material, que deberán axustarse ás prescricións técnicas regulamentariamente esixibles.

**h) Reclamacións.** A formular reclamacións contra a actuación do *prestador do servizo* ou as súas persoas empregadas, mediante os procedementos contemplados neste regulamento. A persoa reclamante deberá acreditar a súa condición de titular do contrato de subministración, saneamento ou depuración, de persoa representante legal deste, e/ou de usuario a través da presentación do correspondente documento acreditativo de autorización do propietario, así como acharse ao día no pago dos recibos do terreo ou predio.

As reclamacións que se formulen por danos e perdas que se causen pola *prestadora do servizo* rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a natureza destas e o seu carácter contractual ou extracontractual.

As reclamacións faranse dentro das primeiras 72 horas despois de producírense os danos, salvo causa debidamente xustificada.

**i) Información.** A consultar todas as cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación coa súa subministración, así como a recibir contestación por escrito das consultas formuladas por este procedemento. Igualmente, terá dereito, se así o solicita, a que se lle informe da normativa vixente que lle é de aplicación, así como a que se lle facilite, por parte da *prestadora do servizo*, para súa lectura na sede do servizo, un exemplar do presente regulamento.

**j) Visita de instalacións.** A visitar, en harmonía e concordancia coas esixencias da explotación e sempre previa solicitude, as instalacións de tratamento de auga, establecendo a *prestadora do servizo*, baixo a súa responsabilidade e criterio, os momentos máis axeitados para garantir a menor interferencia coa prestación do servizo.

### CAPÍTULO III CONTRATOS DE SERVICIO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

#### **Artigo. 8.- CONCESIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

**8.1.** A concesión de acometida para subministración de auga potable, saneamento e depuración, correspóndelle ao Concello. En todos aqueles casos nos que concorran as condicións e circunstancias que se establezan neste regulamento, estará obrigada a outorgala consonte as normas previstas nel.

**8.2.** Solicitude do subministración. Previa á contratación da subministración de auga potable, a persoa solicitante deberá presentar unha solicitude de subministración no impreso que, para tal efecto, lle proporcionará a *prestadora do servizo*.

**8.3.** Na solicitude farase constar expresamente: o nome da persoa solicitante ou a súa razón social e domicilio propio; domicilio da subministración de auga potable, sexa terreo, vivenda, local ou industria; se é o caso, carácter da subministración; uso e destino que pretende dárselle á auga solicitada; domiciliación de notificacións e demais circunstancias que sexan necesarias para a correcta definición das características e condicións da subministración, así como para a aplicación das tarifas correspondentes á prestación do servizo.

**8.4.** Calquera cambio no domicilio citado para os efectos de comunicacións debe serlle notificado por escrito á *prestadora do servizo*. De non facelo así, será eficaz a todos os efectos calquera notificación que a *prestadora do servizo* realice ao domicilio declarado pola persoa asinante na solicitude.

**8.5.** Cantas circunstancias se fagan constar na solicitude do servizo, que se regula anteriormente, fanse baixo a exclusiva responsabilidade da persoa solicitante e servirán de base para regulamentar as condicións da antedita subministración.

**8.6.** Na solicitude de subministración de auga potable, a persoa solicitante deberá achegar a seguinte documentación:

- Boletín de instalación suscrito por un instalador autorizado e visado polo organismo competente en materia de Industria.

- Os permisos e/ou licenzas municipais, establecidos en cada momento: licenza de apertura ou comunicación previa eficaz segundo proceda, cando se trate dun local comercial ou industrial; licenza de primeira ocupación para o caso de vivendas; licenza de obras ou comunicación previa eficaz segundo proceda cando se trate de subministracións para este fin, ou certificación administrativa que o substitúa.

- Escritura de propiedade do terreo, vivenda, local ou industria para a que se solicita a subministración.

- Documento que acredite a personalidade da persoa contratante.

- Documento de constitución da servidume que, se é o caso, puidese ser necesaria establecer para as instalacións do servizo en cuestión, ou das prolongacións de redes que puidesen ser necesarias para tal efecto.

- Acreditación do aboamento da cota por contribucións especiais, cando proceda.

**8.7.** Condicións da concesión do servizo de abastecemento e saneamento. A concesión dunha acometida de subministración de auga estará supeditada a que se cumpran as condicións, que se establecen seguidamente:

- Que o inmoble que se pretende abastecer estea situado na área de cobertura do abastecemento e/ou rede de saneamento.

- Que o inmoble que se pretende abastecer ou conectar conte con instalacións interiores dispoñibles e axeitadas ás normas do presente regulamento.

- Que nas rúas ou prazas de carácter público que linden co inmoble, a que este lle dá fachada, existan instaladas e en servizo, conducións públicas da rede de distribución de auga potable e/ou rede de saneamento. Excepcionalmente, consideraranse exiguos tramos de rede unitaria ou preverase vertedura de pluviais a canle de derivación ou gabia, de non existir rede separativa, previo informe favorable.

—Cando nunha vía pública estean proxectadas conducións baixo as dúas beirarrúas, a existencia destas na beirarrúa oposta á correspondente ao suposto contemplado non supoñerá en ningún caso o cumprimento do antedito parágrafo, requirindo da execución por conta do abonado da derivación ou extensión de liña para a conexión con arranxo ao establecido na lexislación vixente para cada clase e categoría de solo.

— Que a condución que abasteza de auga ao inmoble se atope en perfecto estado de servizo coa capacidade requirida e as condicións de presión que posibiliten o servizo.

—Que o inmoble dispoña dos elementos singulares necesarios para posibilitar a conexión de saneamento; equipos de bombeo no caso de que a cota no punto de conexión sexa insuficiente para a correcta vertedura, válvula antirretorno de proceder, equipo de separación de graxas previo á conexión ás fecais, de ter dita obriga, etc.

—Que a caracterización da vertedura se inscriba dentro dos parámetros das verteduras prohibidas á rede de saneamento, de acordo co presente regulamento e coa lexislación aplicable en cada momento.

#### **Artigo. 9.- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

**9.1.** Á vista dos datos que achegue a persoa solicitante, das características do inmoble, e do estado e características das redes de distribución, a *prestadora do servizo* comunicarlle á persoa solicitante, no prazo máximo de quince días hábiles, a súa decisión de conceder ou denegar a acometida ou acometidas solicitadas e, neste último caso, as causas de denegación. En caso de concesión comunicaranse no mesmo escrito, o estudo das condicións técnico-económicas para realizar este.

**9.2.** A persoa solicitante, unha vez recibida a notificación da concesión e das condicións técnico-económicas que lle fosen formuladas pola *prestadora do servizo*, dispoñerá dun prazo de 30 días para a formalización do contrato de subministración, ou ben para presentar ante aquela as alegacións que, se é o caso, estime. Transcorrido se prazo sen que se teña cumprimentado o regulamentado, entenderase decaída a solicitude, sen máis obrigas para a *prestadora do servizo*.

**9.3.** Aceptada por ambas as partes as condicións da concesión da acometida, procederase a subscribir o correspondente contrato de subministración, entendéndose que dito contrato non estará perfeccionado nin será efectivo ata que a persoa solicitante non teña cuberto as obrigas económicas, técnicas e administrativas que, de acordo co presente regulamento, estivese obrigada a sufragar ou cumprir.

**9.4.** No suposto que para atender unha solicitude de subministración de auga potable fose necesario a utilización de terreos propiedade dun terceiro, será necesaria a autorización expresa e por escrito da persoa propietaria dos terreos, documento de constitución de servidume de paso e de acceso para mantemento das instalacións establecidas.

**9.5.** Unha vez cumpridos os requisitos correspondentes pola persoa solicitante, a *prestadora do servizo* estará obrigada á posta en servizo da instalación e subministración, no prazo establecido de 15 días hábiles a partir da data de contratación e aboamento.

**9.6.** A demora na concesión das autorizacións ou permisos necesarios para a realización dos traballos levará consigo a interrupción do prazo sinalado no antedito parágrafo. Tal adiamento comunicarllo á persoa solicitante a *prestadora do servizo*.

#### **Artigo. 10.- CAUSAS DE DENEGACION DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**10.1.** A facultade de concesión da subministración de auga potable, correspóndelle ao Concello, con suxeición ás normas regulamentarias vixentes.

**10.2.** A *prestadora do servizo* poderá denegar a contratación da subministración nos seguintes casos:

a) Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.

b) Cando a persoa ou entidade que solicite a subministración se negue a asinar o contrato de servizo estendido de acordo co modelo autorizado e coas disposicións vixentes sobre contratación de subministración de auga.

c) Cando na instalación da persoa solicitante non se cumpran, a xuízo da *prestadora do servizo* e previa comprobación, as prescricións que con carácter xeral establece este regulamento e a normativa vixente, así como as especiais da *prestadora do servizo*. Neste caso, a *prestadora do servizo* indicarlle os defectos encontrados á persoa solicitante, para que os corrixa, remitindo, en caso de discrepancia, comunicación dos reparos formulados ao organismo competente, o cal, previo ás actuacións que considere oportunas e, en todo caso, despois de oír o instalador, ditará a resolución que proceda no prazo máximo de trinta días.

d) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire aos requisitos previos para a conexión ás redes do servizo, cando non dispoña de acometidas para a subministración de auga, saneamento e depuración.

e) Cando se comprobe que a persoa solicitante deixou de satisfacer o importe dos servizos anteriormente subministrados.

f) Cando, para o local para o que se solicita a subministración, exista outro contrato de subministración anterior e en plena vixencia.

g) Cando a persoa solicitante da subministración, no caso de que algunha parte das instalacións xerais deban discorrer por propiedade de terceiros, non teña acreditado fidedignamente a obtención das autorizacións de terceiros que correspondan ou, se é o caso, quede sen acreditar, a constitución da servidume de paso e

acceso necesarios para levar a cabo o mantemento e conservación das obras e instalacións para a prestación dos servizos solicitados.

h) Cando a rede horizontal de saneamento do inmoible non sexa separativa e supoña achega de auga limpa ou saneamento de fecais, salvo excepción acreditada e xustificada.

#### **Artigo 11.- COTAS DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ABASTECIMENTO DE AUGA**

Cota de enganche. A cota de enganche corresponde ás compensacións económicas que deberán satisfacer as persoas solicitantes da subministración de auga, saneamento e depuración para sufragar os custos de carácter técnico, de execución da acometida básica e administrativos, derivados da formalización do contrato.

As persoas solicitantes de calquera contratación de subministración de auga potable, aboarán sempre e con antelación á execución da acometida axeitada as cotas correspondentes, consonte as tarifas aprobados polo Concello de Ames.

#### **Artigo. 12.- FIANZAS**

Previa á sinatura do contrato de subministración de auga potable procederase a depositar a fianza fixada, se é o caso, na correspondente ordenanza, fianza que se devolverá ao rescindir o contrato, una vez abonados os recibos ou liquidacións pendentes.

#### **Artigo. 13.- CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

**13.1.** O contrato de subministración de auga potable será o único documento que dará fe da concesión deste, e xunto ás condicións establecidas no presente regulamento, regulará as relacións entre a *prestadora do servizo* e o *abonado*. Dito contrato formalizarase por escrito e por triplicado. Deberá entregárselle ao *abonado* un exemplar cuberto.

**13.2.** No contrato de subministración deberanse recoller, como mínimo, os datos precisos que definan:

- Identificación da *prestadora do servizo*.
- Identificación do *abonado*
- Datos do predio abastecido
- Características da instalación interior (boletín)
- Características dos servizo de subministración
- Identificación do equipo de medida
- Condicións económicas
- Domiciliación do pagamento, se é o caso
- Duración do contrato
- Condicións especiais
- Xurisdición competente
- Lugar e data de expedición do contrato
- Sinaturas das partes
- Obrigas e dereitos de cada unha das partes

**13.3.** Os contratos estableceranse para cada tipo de subministración. Por tanto, será obrigatorio estender contratos separados para todos aqueles que exixan aplicación de tarifas ou condicións diferentes.

**13.4.** Os contratos de subministración formalizaranse entre a *prestadora do servizo* e o titular propietario do terreo, local, vivenda ou industria que se pretende abastecer, ou por quen o represente, sen prexuízo da súa facultade de repercusión contra o usuario ou beneficiario en canto ás obrigas e responsabilidades dimanantes de dito contrato.

#### **Artigo. 14.- TITULARIDADE DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E O SEU CAMBIO**

**14.1.** A persoa contratante da subministración de auga, será a titular ou titulares do terreo, local, vivenda ou industria á que se lle presta o servizo, ou quen o represente legalmente, agás as excepcións que se especifican polo miúdo neste artigo.

**14.2.** Non poderá ser *abonado* da subministración de auga quen, se o fose con anterioridade doutro terreo, local, vivenda ou industria, fose penalizado con suspensión de subministración ou resolución do contrato por falta de pagamento ou medida regulamentaria, a non ser que satisfaga integramente as súas anteriores obrigas, coas recargas, xuros e gastos a que houbese lugar.

**14.3.** Os traslados de domicilios e a ocupación do mesmo local por persoa distinta da que subscribiu o contrato, exixen un novo contrato, ou, se é o caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran os requisitos establecidos neste regulamento.

**14.4.** Toda acometida destinarase exclusivamente aos usos para os que fora solicitada e concedida. O abonado deberá comunicarlle previamente á *prestadora do servizo* concesionario calquera modificación e solicitar a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.

**14.5.** De terse producido modificación da propiedade do terreo, local, vivenda ou industria sen cambio de titularidade do contrato de subministración, a nova persoa propietaria entenderase inescusablemente subrogada nas responsabilidades asumidas pola anterior persoa propietaria en relación cos incumprimentos do contrato e resarcimento de danos que puidesen causarlle á *prestadora do servizo* as persoas inquilinas do inmoible, cando non os asumiran estes.

**14.6.** Nos casos de cambio de titularidade do terreo, local, vivenda ou industria abastecidos, tanto a nova persoa propietaria como a persoa ata ese momento abonada e titular do contrato de subministración, deberán comunicar fidedignamente, dentro do prazo dun mes, o cambio producido, co fin de proceder a formalizar un novo contrato de subministración a nome do novo titular.

**14.7.-** Nos casos en que o solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios, só poderá contratar o seu

representante legal, debidamente acreditado.

**14.8.** Nos casos en que se soliciten os servizos para execución de obras, o contratante deberá ser o titular da licenza municipal, ou acreditar ter tramitado con eficacia a notificación previa correspondente, comunicación previa eficaz segundo proceda.

#### **Artigo. 15.- SUBROGACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

**15.1.** Ao falecemento da persoa titular do contrato de servizos, o seu cónxuxe ou parella de feito, descendentes, fillos adoptivos plenos, ascendentes e irmás ou irmáns, que convivisen habitualmente na vivenda, cando menos con dous anos de antelación á data do falecemento, poderán subrogarse nos dereitos e obrigas do contrato. No serán necesarios os dous anos de convivencia para os que estivesen sometidos á patria potestade do falecido nin para o cónxuxe ou parella de feito.

**15.2.** No caso de entidades xurídicas, quen se subroga ou substitúa en dereitos e obrigas poderá facer o propio no contrato de servizos, condicionado á presentación perante a *prestadora do servizo* de todas as autorizacións administrativas necesarias.

**15.3.** O prazo para subrogarse será de tres meses a partir da data do feito causante.

#### **Artigo. 16.- OBXECTO E ALCANCE DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

**16.1.** Os contratos de subministración formalizaranse para cada terreo, vivenda, piso, local, industria ou obra que constituía unha unidade independente.

**16.2.** Cada subministración quedará adscrita aos fins para os que se concedeu, e está prohibido dedicala a outros fins ou modificar o seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, se é o caso, o contrato seguinte.

**16.3.** Os contratos estableceranse para cada tipo de subministración, e, por tanto, será obrigatorio estender contratos separados para todos aqueles que esixan aplicación de tarifas ou condicións diferentes.

#### **Artigo. 17.- DURACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE AUGA**

**17.1.** O contrato de subministración de auga subscribírase con carácter definitivo e indefinido, agás estipulación expresa con outro carácter, se ben suxeita aos condicionamentos legais que establece este regulamento ou que sexan de aplicación. Porén, a persoa abonada poderá dalo por rematado en calquera momento, sempre que lle comunique esta decisión á *prestadora do servizo* cun mes de antelación.

**17.2.** As subministracións para obras, espectáculos temporais en locais móbiles, e en xeral, para actividades esporádicas, contrataranse sempre con carácter temporal e por tempo definido, que expresamente figurará no contrato.

#### **Artigo 18.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AGUA**

A *prestadora do servizo* poderá suspender a subministración de auga potable aos seus *abonados*, sen prexuízo do exercicio das accións, de orde civil ou administrativa que a lexislación vixente ampare nos seguintes casos:

-> De non satisfacer, en período voluntario, aos sesenta días da posta ao cobro dos recibos, o importe dos servizos consonte ao estipulado no contrato de subministración, poderase proceder ao corte de subministración, sen prexuízo de que as facturas que continuasen sen ser pagadas incorran en constrinximento para o seu cobramento en vía executiva.

-> Cando o *abonado* non cumpra, en calquera dos seus aspectos, o contrato que teña establecido coa *prestadora do servizo* ou as condicións xerais de utilización deste.

-> Por falta de pagamento, transcorridos quince días hábiles contados a partir da data de comunicación, das cantidades resultantes de liquidación firme de fraude ou no caso probado de reincidencia de fraude.

-> En todos os casos en que o *abonado* faga uso da auga que se lle subministre para un uso distinto do contratado, como subministrar auga a terceiros.

-> Cando o *abonado* estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministración de auga potable a outros terreos, locais ou vivendas diferentes aos consignados no seu contrato de subministración.

-> Cando unha persoa usuaria goce da subministración de auga potable sen contrato escrito ao seu nome que o ampare como *abonado* do servizo e se negue a súa subscripción a requirimento da *prestadora do servizo*.

-> Cando o persoal da *prestadora do servizo* encontre derivacións nas súas redes con consumo de auga sen contrato ningún, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso a *prestadora do servizo* poderá efectuar o corte inmediato da subministración de auga en tales derivacións, e deberá darlle conta diso, por escrito, ao organismo municipal competente.

-> Cando o *abonado* non permita a entrada no local ao que lle afecta a subministración contratada, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ao persoal que, autorizado pola *prestadora do servizo* e provisto da súa correspondente documentación de identidade, trate de revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, que por parte de dita *prestadora do servizo* se redacte acta dos feitos, que se deberá remitir ao organismo competente, conxuntamente coa solicitude de suspensión de subministración.

-> Cando nas subministracións nas que o uso da auga ou a disposición das instalacións interiores lle puidesen afectar á potabilidade da auga na rede de distribución, ate que o *abonado* tome as medidas oportunas para evitar tales situacións; neste caso, a *prestadora do servizo* poderá realizar o corte inmediato da subministración e deberá darlle conta diso por escrito ao Concello.

-> Ante a negativa do *abonado* a modificar o rexistro ou arqueta do contador, e incluso a súa instalación interior, cando iso fose preciso para substituír o contador por calquera das causas que autoriza este regulamento.

-> Cando o *abonado* mesture augas doutra procedencia e, ante o requirimento da *prestadora do servizo*, non anule esta anomalía no prazo máximo de cinco días.

-> Por negligencia do *abonado* respecto da reparación de avarías nas súas instalacións, así que a *prestadora do servizo* llo notifique por escrito e transcorra un prazo superior a sete días sen que se reparase a avaría.

#### **Artigo 19.- PROCEDIMIENTO DE SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**19.1.-** Considerarase que queda autorizada a suspensión da subministración, unha vez comunicada ao Concello de Ames, se non se recibe orde en contra no período de doce días hábiles, contados a partir da data en que tivo lugar a comunicación.

Con excepción dos casos de corte inmediato previstos neste regulamento, a *prestadora do servizo* deberá seguir os trámites legais previstos para o seu efecto e comunicarllo ao *abonado* por correo certificado, ou calquera outro medio que garanta a recepción do aviso por parte deste.

**19.2.-** A suspensión da subministración de auga, agás nos supostos de corte inmediato, non poderá desenvolverse en días festivos ou días en que, por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ao público, para os efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en vésperas de días en que se dean algunhas destas circunstancias.

**19.3.-** A volta á conexión da subministración levaraa a cabo a *prestadora do servizo* unha vez que o abonado efectúe o pagamento dos gastos xerados polo corte e reposición da subministración. A *prestadora do servizo* poderá cobrarlle ao *abonado* por estas operacións unha cantidade equivalente ao importe da cota de contratación vixente, no momento do restablecemento, para un calibre igual ao instalado, máis os gastos xerados polo corte da subministración.

O restablecemento do servizo levarase a cabo o mesmo día ou, no seu defecto, ao día seguinte hábil en que fosen reparadas as causas que orixinaron o corte da subministración.

**19.4.-** No suposto de corte por falta de pagamento, se no prazo de tres meses, contados dende a data de corte, o abonado non pagase os recibos pendentes, darase por rematado o contrato, sen prexuízo dos dereitos da *prestadora do servizo* á esixencia do pagamento da débeda e ao resarcimento dos danos e perdas que esta orixinase.

#### **Artigo 20.- EXTINCIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**20.1.-** O contrato de subministración de auga potable quedará sen efecto por calquera das seguintes causas:

a) Por petición do *abonado*

b) Por resolución da *prestadora do servizo* nos seguintes casos:

\* Por persistencia durante máis de tres meses en calquera das causas de suspensión de subministración regulamentadas no artigo 19 deste regulamento.

\* Por cumprimento do termo ou condición do contrato.

\* Por utilización da subministración sen ser a persoa titular do contrato.

**20.2.-** A continuidade da subministración unha vez extinguido o contrato por calquera das causas anteriormente sinaladas, só se poderá efectuar mediante a formulación dunha nova solicitude ou contrato e o aboamento dos correspondentes dereitos.

### **CAPÍTULO IV CONDICIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

#### **Artigo 21.- CARÁCTER DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

A prestación do servizo clasificarase en función do uso que se faga da auga, e como norma xeral en:

a) **USOS DOMÉSTICOS.** Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal. Aplícase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo. Inclúense neste apartado pendellos ou construcións auxiliares á residencial autorizadas polo planeamento.

b) **USOS COMERCIAIS.** Son aqueles nos que a auga se utiliza para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos.

c) **USOS INDUSTRIAIS.** Son aqueles nos que a auga constitúa un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción. Aplicarase esta modalidade a todos os locais ou establecementos nos que se desempeñe unha actividade industrial, así como a centros de ensinanza, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda. Terán tamén a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises realizadas pola prestadora do servizo ou polos laboratorios autorizados para tal efecto se determinara unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerá o actuante.

d) **USOS MUNICIPAIS.** Son aqueles que corresponden aos edificios e instalacións municipais. O Concello autoriza a *prestadora do servizo* a instalar contadores en todos e cada un dos puntos de subministración que lle afecten. Os servizos técnicos da prestadora calcularán os consumos municipais onde, polas características de ditos puntos, non poida instalarse un contador. Non se considerarán consumos municipais os daquelas dependencias que sendo municipais teñan contratada a súa xestión a unha empresa privada.

e) **USO PARA OBRAS.** Son aqueles nos que a auga se usa na construción.

f) USOS ESPECIAIS. Considéranse subministración especial aqueles usos non incluídos nas modalidades anteriores.

#### **Artigo 22.- OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

A *prestadora do servizo* obrígase a subministrar o abastecemento de auga aos veciños/as do territorio municipal nas zonas nas que estea instalada a rede de distribución, consonte ás disposicións do presente regulamento e normativas legais que lle sexan de aplicación.

#### **Artigo 23.- ESIXIBILIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**23.1.-** A obriga por parte da *prestadora do servizo* de contratar e subministrar o servizo de abastecemento de auga a domicilio aos veciños do territorio municipal será esixible unicamente cando na rúa, praza ou vía pública de que se trate exista condución ou canalización de auga potable, que permita efectuar as tomas e acometidas de maneira normal ou regular e se cumpran todos os requisitos legais necesarios para a concesión da subministración.

**23.2.-** Cando non exista o entubado da rede xeral de distribución non poderá esixírselle á *prestadora do servizo* a subministración e contratación, ata que a condución estea instalada.

**23.3.-** Tampouco poderá esixirse a subministración naquelas zonas e inmobles en que, por dificultades técnicas, non poida garantirse un servizo regular. Non obstante, poderán contratarse subministracións facendo constar esta circunstancia. Neste caso quedará exonerada a *prestadora do servizo* da responsabilidade polas irregularidades que poidesen producirse e o *abonado* non poderá formular reclamación ningunha por tal concepto.

#### **Artigo 24.- CONTINUIDADE DO SERVIZO DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

O servizo de abastecemento de auga potable será continuo, agás estipulación en contra no contrato de abastecemento e nos caso en que, por forza maior, avaría nas instalacións e/ou para unha xusta distribución do servizo, se impuxesen restricións na subministración.

Nos supostos no que se produza a interrupción da subministración de auga, a *prestadora do servizo* deberá procurar, en todo momento, limitar ao máximo o tempo de duración desta, achegando os medios humanos e materiais necesarios para o rápido restablecemento do servizo, así como comunicarlle tal circunstancia ás persoas usuarias deste. O Concello de *Ames* sempre será previo coñecedor destas incidencias.

#### **Artigo 25.- SUSPENSIÓNS TEMPORAIS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**25.1.-** A *prestadora do servizo* poderá suspender temporalmente este cando sexa imprescindible para proceder ao seu mantemento, reparación ou mellora das instalacións ao seu cargo.

Se as interrupcións fosen planificadas, comunicaráselle ao Concello con 72 horas de antelación.

**25.2.-** Nos cortes non planificados de carácter urxente, notificarase ao Concello á maior brevidade posible e nunca máis alá de 24 horas.

Os anuncios e informacións aos *abonados* comunicando unha interrupción do servizo por calquera causa correrán por conta da *prestadora do servizo*. Esta ten a obriga de comunicar as interrupcións no espazo de tempo máis breve posible.

**25.3.-** En calquera caso de suspensión deberase velar polos dereitos dos usuarios ocasionando os menos prexuízos posibles. Para estes efectos, a suspensión será comunicada ao Concello especificando as cuestións técnicas e temporais de actuación.

#### **Artigo 26.- RESERVAS DE AUGA POTABLE**

**26.1.-** O Concello de *Ames* e a *prestadora do servizo* poderán establecer as condicións e prioridades no uso de auga potable no suposto de restricións por seca, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento ou distribución da auga. Neste caso, utilizarase e o seu mellor criterio para reducir o dano á poboación afectada e informarse e ás autoridades competentes e á veciñanza a través dos medios de difusión máis adecuados e rápidos.

**26.2.-** Sen prexuízo do que establezan as regulacións específicas de cada sector, todos os locais nos que se desenvolva calquera tipo de actividade na que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade das persoas e bens, especialmente os centros hospitalarios, almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais, deberán dispoñer de depósitos de reservas de auga que aseguren unha autonomía de abastecemento conforme ás necesidades mínimas que deban cubrirse, cando menos para un tempo non inferior a vinte e catro horas.

De igual maneira, as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos.

A *prestadora do servizo* quedará exonerada de responsabilidade civil nestes casos nos que polas súas características especiais deben proverse de medios de reserva.

**26.3.-** A instalación destes depósitos de reservas de auga farase de forma que garanta a renovación total da auga acumulada en curtos períodos de tempo. Así mesmo, irán dotadas da correspondente válvula antirretorno para evitar unha descarga accidental na rede de distribución xeral.

**26.4.-** A *prestadora do servizo* non será responsable dos danos que poida ocasionar unha eventual falta de subministración por motivos considerados de forza maior. Non se considerarán de forza maior os que resulten da inadecuación das instalacións ao fin para o que teñen que servir ou os derivados do funcionamento do *Prestador do Servizo*.

#### **Artigo 27.- RESTRICIÓN NA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**27.1.-** Cando circunstancias de seca, escaseza de caudais de auga ou dificultades de tratamento o aconsellen, a *prestadora do servizo* poderá impoñer restricións na subministración do servizo aos *abonados*, sempre con autorización do Concello de *Ames*.

**27.2.-** Neste casos, a *prestadora do servizo* estará obrigada a informar aos *abonados* das medidas que se van implantar a través dos medios de comunicación, segundo o establecido no artigo 25 do presente regulamento e da maneira máis clara posible.

#### **Artigo 28.- SUBMINISTRACIÓNS PARA SERVIZOS CONTRA INCENDIOS**

**28.1.-** As instalacións contra incendios no interior de edificacións, calquera que sexa o destino ou uso destas, requirirán o establecemento dunha subministración de auga para este uso exclusivo e o cumprimento, para todos os efectos, das condicións que este regulamento prescribe para as instalacións destinadas ao abastecemento ordinario, de conformidade cos seguintes criterios:

**a) Independencia das instalacións:** As instalacións contra incendios serán absolutamente independentes das destinadas a calquera outro fin, e delas non se poderá efectuar derivación ningunha para outro uso.

Queda igualmente prohibido tomar auga de calquera elemento destas instalacións, agás no caso de incendio, sen a expresa autorización da *prestadora do servizo*.

Todo o sistema que constitúa a instalación contra incendios, alimentarase a través dunha acometida á rede pública de distribución independente da subministración ordinaria.

Cando a normativa específica de incendios esixa unha presión na instalación interior do *abonado* que non sexa a que *prestadora do servizo* garanta, será responsabilidade do *abonado* establecer e conservar os dispositivos de sobreelevación que lle permitan cumprir a devandita normativa específica.

**b) Contratación da subministración:** A conexión á rede pública de distribución dunha subministración contra incendios requirirá a formalización previa do contrato de subministración correspondente entre a *prestadora do servizo* e o *abonado*. Os ditos contratos terán a mesma tramitación e carácter ca os de subministración ordinaria e estarán, por tanto, suxeitos ás mesmas prescricións regulamentarias que aqueles.

**28.2.-** Nas instalacións contra incendios instalaranse aparellos medidores de consumo. En caso de incendio, dentro das corenta e oito horas seguintes a este, deberá comunicarse a *prestadora do servizo* a produción deste incidente así como todas as demais circunstancias relacionadas. Ditos feitos poderán ser comprobados pola *prestadora do servizo* ou polos servizos municipais. No suposto de non estar xustificado o uso da rede contra incendios, a auga consumida a través destas instalacións facturarase consonte ás tarifas vixentes en cada momento.

**28.3.-** A *prestadora do servizo* instalará, a petición do Concello de Ames ou dos *abonados* e con cargo ao petionario, as bocas de rega contra incendios que lle sexan solicitadas, conforme ás instrucións que en cada caso sinala o Concello.

### **CAPÍTULO V**

#### **INSTALACIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA**

#### **Artigo 29.- REDE DE DISTRIBUCIÓN**

A rede de distribución de auga é o conxunto de entubado e todos os seus elementos de manobra e control que instalados dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, e en terreos de carácter público ou privado, previa constitución da oportuna servidume, e da que se derivan as acometidas para os *abonados*.

#### **Artigo 30.- ARTERIA**

A arteria será aquel entubado, e os seus elementos, da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida, sen que nela poidan realizarse acometidas.

#### **Artigo 31.- CONDUCIÓNS VIARIAS**

Cualifícanse como conducións viarias as tubaxes da rede de distribución que discorren ao longo dunha vía pública ou privada, previa constitución da oportuna servidume, e das que se derivarán, se é o caso, as acometidas para as subministracións, bocas de rega, e tomas contra incendios.

#### **Artigo 32.- ACOMETIDA**

**32.1.** Comprende o conxunto de entubado e outros elementos que unen as conducións viarias coa instalación interior do inmovible que se pretende abastecer.

**32.2.** A acometida responderá ao esquema básico definido pola *prestadora do servizo*, e constará dos seguintes elementos:

**a) Dispositivo de toma:** Encóntrase colocado sobre o entubado da rede de distribución e abre o paso da acometida.

**b) Ramal:** É o tramo de entubado que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.

**c) Chave de rexistro:** Estará situada ao final do ramal de acometida na vía pública e xunto ao inmovible. Constitúe o elemento diferenciador entre a *prestadora do servizo* e a persoa que está abonada ao servizo, no que respecta á conservación e delimitación de responsabilidades.

No caso de execución de acometidas clandestinas, por parte do propietario, suspenderase o servizo ata que teña a



autorización correspondente e unha vez aprobada abonará os custos totais de execución da acometida, previamente á realización do contrato.

### **Artigo 33.- INSTALACIÓNS INTERIORES DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

**33.1.** Entenderase por instalación interior de subministración de auga o conxunto de entubado e os seus elementos de control, manobra e seguridade, posteriores á chave de rexistro no sentido da circulación normal do fluxo de auga.

**33.2.** En caso de que non existir chave de rexistro, entenderase que a instalación interior comeza no límite da propiedade privada da persoa abonada.

<b>CAPÍTULO VI</b> <b>ACOMETIDAS</b>
---

### **Artigo 34.- CONCESIÓN DAS ACOMETIDAS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**34.1.** A concesión de acometidas para subministración de auga potable correspóndelle ao Concello e a dita concesión estará supeditada a que se cumpran as condicións de abastecemento pleno recollidas no artigo 8.7 do presente regulamento.

**34.2.-** Como norma xeral, non se concederán illadamente acometidas de subministración de auga potable nin de vertedura de augas residuais, e tramitaranse simultaneamente ambas as dúas solicitudes onde existan ambos os dous servizos.

As obras correspondentes executaranse, na medida do posible, ao mesmo tempo, sempre que exista rede de auga e colectores en servizo.

Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros e debe acreditarse a constitución da servidume de paso ou a adquisición da franxa de terreo afectada.

### **Artigo 35.- CARACTERÍSTICAS DAS ACOMETIDAS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**35.1.-** As características das acometidas, tanto no que respecta ás súas dimensións, compoñentes, tipo e calidade dos seus materiais, como á súa forma de execución e punto de conexión, serán determinadas pola *prestadora do servizo*, de acordo co establecido nas Normas Básicas para Instalacións Interiores, baseándose no uso do inmovible a fornecer, consumos previsibles e condicións de presión

**35.2.-** Así mesmo, a *prestadora do servizo* determinará as modificacións que na rede existente deben efectuarse como consecuencia da petición do *abonado*, que serán pola súa conta sen prexuízo de que esta modificación pertence, para todos os efectos, ao patrimonio municipal. En caso de que o solicitante non abone esta modificación, non se procederá á subministración.

### **Artigo 36.- TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DO SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**36.1.** A solicitude de acometida realizaraa persoa solicitante ante a *prestadora do servizo*, no impreso normalizado que, para tal efecto, lle facilitara esta. Solicitarase de forma independente para cada terreo ou predio.

**36.2.** Á dita solicitude debe achegarse, como mínimo, a seguinte documentación:

- a) Memoria técnica suscrita pola persoa técnica autora do proxecto das obras de edificación ou, se é o caso, das instalacións das que se trate.
- b) Escritura de propiedade ou documento que acredite a dispoñibilidade do inmovible para o que se solicita a acometida.
- c) Licenza municipal de obras, comunicación ou informe favorable previo do Concello, segundo proceda.
- d) Titularidade da servidume que, se é o caso, puidese ser necesario establecer para as instalacións da acometida en cuestión, ou das prolongacións de redes que puidesen ser necesarias para o efecto.

**36.3.** Á vista dos datos que achegue a persoa solicitante, das características do inmovible, e do estado das redes de distribución, a *prestadora do servizo*, comunicarlle á persoa solicitante, no prazo máximo de quince días hábiles, contados desde a data de presentación da solicitude, a súa decisión de conceder ou denegar a acometida solicitada e, neste último caso, as causas da denegación.

**36.4.** Ao mesmo tempo, a persoa solicitante, disporá dun prazo doutros trinta días naturais para formalizar os requirimentos que lle formulase a *prestadora do servizo*, ou ben para presentar ante esta as alegacións que, se é o caso, estime pertinentes. Transcorrido ese prazo sen que se cumpra o regulamentado, entenderase decaída a solicitude, sen máis obrigas para a *prestadora do servizo*.

**36.5.** Aceptada a solicitude, a *prestadora do servizo* comunicarlle, no prazo máximo de 15 días hábiles, as circunstancias ás que deberá axustarse a acometida, así coma as condicións de concesión e execución.

### **Artigo 37.- EXECUCIÓN E CONSERVACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**37.1.** As acometidas para a subministración de auga executaraas a *prestadora do servizo* de conformidade con canto para o efecto se establece neste regulamento; serán do dominio da *prestadora do servizo* e esta correrá cos gastos de conservación e mantemento. A persoa solicitante deberá satisfacer os correspondentes dereitos de acometida.

**37.2.** Os traballos de reparación e substitución das acometidas deberán ser realizados igualmente pola *prestadora do servizo*. A persoa propietaria do inmovible non poderá cambiar ou modificar a contorna da situación desta, sen autorización expresa da *prestadora do servizo*.

**37.3.** Serán por conta e cargo do *abonado* os gastos de reparación e substitución da instalación de subministración de auga, desde o comezo da propiedade particular ata o final da súa instalación de distribución interior ou particular.

**37.4.** Serán por conta e cargo da *prestadora do servizo* os gastos de conservación das acometidas desde a toma ata o límite da propiedade particular.

**37.5.** Os traballos e operacións de mellora nas acometidas realizadas por pedimento do *abonado* con aprobación da *prestadora do servizo*, serán por conta e cargo do *abonado* que estará obrigado a cambiar, á súa costa, as instalacións que por seren obsoletas non funcionen de forma axeitada ás necesidades actuais do *abonado*.

**37.6.** En previsión dunha rotura do entubado de conexión da chave de rexistro coa instalación interior do *abonado*, todos os terreos ou locais disporán de desaugadoiros suficientes que permitan a libre evacuación da auga, cun caudal igual ao máximo que se poida subministrarse pola acometida contratada, sen ocasionar danos materiais ao edificio, a produtos almacenados nel ou a calquera elemento exterior. A *prestadora do servizo* declina toda responsabilidade derivada do incumprimento deste precepto.

#### **Artigo 38.- DEREITO DE ACOMETIDA DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**38.1.** Os dereitos de acometida son as compensacións económicas que deberán satisfacer as persoas solicitantes dunha acometida á *prestadora do servizo*, para compensar o valor proporcional dos investimentos que esta deba realizar nas ampliacións, modificacións ou reformas e mellora das súas redes de distribución, ben no momento do seu pedimento, ou noutra ocasión anterior ou posterior, e no mesmo lugar ou distinto a aquel do que se solicita a acometida, para manter a capacidade de abastecemento do sistema de distribución nas mesmas condicións á prestación da nova subministración, e sen mingua ningunha para os preexistentes.

**38.2.** Antes da realización da acometida presentaráselle á persoa solicitante o orzamento para o seu pagamento previo á execución.

**38.3.** Os dereitos de acometida serán aboados unha soa vez polo promotor o construtor, e, unha vez satisfeitos, quedarán adscritos a cada unha das instalacións, vivendas, locais, etc., para os que se aboaron, aínda cando cambie a persoa propietaria ou usuaria desta.

#### **Artigo 39.- TERREOS EN RÉXIME COMUNITARIO**

**39.1.** Cando varios terreos ou predios gocen en réxime de comunidade o uso dun parque, central térmica, zona de recreo ou deportiva ou outras instalacións, será preceptiva a existencia dunha acometida independente para estes servizos. A persoa representante, neste caso, será a persoa ou persoas que ostenten a representación da comunidade ou comunidades existentes.

**39.2.** O equipo de medida instalarase no límite da propiedade coa vía pública, nunha arqueta debidamente protexida e de acordo coas características fixadas pola *prestadora do servizo*.

#### **Artigo 40.- CONSTRUCCIÓN DE NOVOS EDIFICIOS**

Para poder iniciar a construción dunha nova edificación na que se prevexa a necesidade de subministración de auga e/ou rede de sumidoiros, será necesaria a aprobación por parte do Concello, previo informe da *prestadora do servizo*, das características que deberán cumprir as futuras acometidas de auga e rede de sumidoiros e a instalación de contadores ou ampliación de rede, se é o caso.

Para tal efecto, o promotor deberá presentar o correspondente proxecto de obra cos datos técnicos necesarios de ditas instalacións.

#### **Artigo 41.- SUBMINISTRACIÓN PROVISIONAL DE AUGA PARA OBRAS**

**41.1.** Esta clase de subministración terá carácter especial e transitorio, e efectuarase nas condicións seguintes:

- a) Mediante contador colocado para o efecto en lugar apropiado debidamente protexido, así apreciado a xuízo da *prestadora do servizo*.
- b) O *abonado* satisfará a auga subministrada de conformidade coa correspondente tarifa establecida.
- c) A subministración de auga para obra cortarase cando se obteña para o edificio a licenza de primeira utilización.
- d) Considerarase "defraude" a utilización desta subministración para usos distintos ao de "obras". Neste caso, a *prestadora do servizo*, con independencia da sanción que corresponda, poderá proceder ao corte da subministración e á anulación do contrato.

#### **Artigo 42.- URBANIZACIÓNS E POLÍGONOS**

**42.1.** Para os efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións e polígonos aqueles conxuntos de terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación dunha infraestrutura viaria e de servizo entre as distintas parcelas ou solares en que se divide o terreo e destas coa zona urbanizada da contorna urbana.

**42.2.** As instalacións da rede de abastecemento propias do polígono ou urbanización anteriormente definido ou para solares ou inmobles situados naquel, que posteriormente lle poida afectar á aceptación da propiedade das instalacións por parte do Concello para a súa adscrición á rede xeral do servizo de abastecemento de auga, serán executadas polo promotor ou propietario e ao seu cargo, con suxeición ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello previo informe da *prestadora do servizo*. A execución das obras necesarias para os novos servizos contarán coa previa tramitación administrativa que corresponda.

**42.3.** O permiso de acometida de subministración de auga para o polígono ou urbanización, así como para os solares e

inmóbles situados nel, estará supeditado ao cumprimento previo das seguintes condicións:

a) As redes interiores de distribución e demais instalacións necesarias para o correcto abastecemento de auga a ditas urbanizacións ou polígonos responderán a esquemas aprobados polo Concello previo informe da *prestadora do servizo*. Deberán definirse e dimensionarse en proxecto redactado por persoal técnico competente, aprobado polo Concello previo informe da *prestadora do servizo*, que propondrá as probas a realizar no transcurso das obras e antes da recepción con suxeición aos regulamentos e normas técnicas de aplicación. Deberán ser executadas por conta e a cargo do promotor ou propietario da urbanización ou polígono.

b) As obras e instalacións definidas no proxecto aprobado, así como as modificacións que convenientemente autorizadas polo Concello previo informe da *prestadora do servizo* se introduzan durante o desenvolvemento destas, executaranse igualmente na súa totalidade por conta e cargo do promotor ou propietario da urbanización ou polígono.

**42.4.** A *prestadora do servizo* terá acceso á execución e inspección das obras no seu transcurso, informará e poderá propor a consideración as probas para a idoneidade da execución das instalacións e, ao seu remate, informará á vista dos resultados das probas de calidade previstas no proxecto tramitado, de todas as executadas no desenvolvemento das obras e das esixidas polo concello previas á recepción co obxecto de garantir o cumprimento das especificacións de calidade nos materiais previstos e a correcta execución das obras.

**42.5.** Os enlaces ou acometidas das redes interiores da urbanización ou polígono, coas condicións da rede xeral baixo dominio da *prestadora do servizo*, así como as modificacións e reforzos que tivesen que efectuarse nestas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo, supervisadas pola *prestadora do servizo* e a cargo do promotor ou propietario da urbanización, consonte ao cadro de prezos aprobado polo Concello.

**42.6.** Unha vez rematadas as instalacións das redes interiores da urbanización ou polígono, con carácter previo á recepción a tramitar polos servizos técnicos de urbanismo, serán verificadas e informadas pola *prestadora do servizo*, asumindo a xestión e mantemento unha vez que, recibidas polo Concello, lle sexa comunicado por este a súa adscrición ao servizo.

## CAPÍTULO VII INSTALACIÓNS INTERIORES DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

### **Artigo 43.- CONDICIÓN XERAIS**

**43.1.** As instalacións interiores para a subministración de auga serán executadas por un instalador ou instaladora autorizado/a polo organismo competente en materia de Industria e axustarase a canto para o efecto prescribe a Norma básica para instalacións interiores de subministración de auga.

**43.2.** A conservación e mantemento destas instalacións serán por conta e a cargo do *abonado* da subministración existente en cada momento.

### **Artigo 44.- FACULTADE DE INSPECCIÓN**

**44.1.** Sen prexuízo das facultades inspectoras dos organismos da administración, a *prestadora do servizo*, por medio do seu persoal debidamente autorizado, poderá intervir, inspeccionar ou comprobar a execución dos traballos, materiais e operacións que se realicen na instalación particular do *abonado*.

**44.2.** O Concello non autorizará a subministración de auga cando, ao seu xuízo e previos os informes técnicos, as instalacións particulares do *abonado* non reúnan as condicións debidas.

**44.3.-** En todo caso, non se atribuirá responsabilidade a *prestadora do servizo* polo funcionamento normal ou anormal das instalacións interiores.

### **Artigo. 45.- INSTALACIONES INTERIORES INSEGURAS**

**45.1.** Cando a xuízo da *prestadora do servizo* unha instalación particular existente dun *abonado*, non reúna as condicións necesarias de seguridade e aptitude para o fin a que se destina, comunicáraselle a este para que a substitúa, modifique ou repare o antes posible, nun prazo máximo que se sinalará segundo as circunstancias que concorran en cada caso.

**45.2.** Transcorrido o prazo concedido para a súa adecuación sen que o *abonado* cumprira o ordenado pola *prestadora do servizo* e, se hai posibilidade de ocasionarlle danos a terceiros, poderáselle suspender a subministración de auga ata que a antedita instalación particular reúna as debidas condicións de seguridade.

### **Artigo 46.- MODIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS INTERIORES**

O *abonado* do servizo de abastecemento estará obrigado a comunicar á *prestadora do servizo* calquera modificación que realice na disposición ou características das súas instalacións interiores.

### **Artigo 47.- OBRIGATORIEDADE DE USO DE CONTADOR**

**47.1.** A medición dos consumos de toda a subministración de auga realizada pola *prestadora do servizo* servirá de base para a facturación de toda subministración e realizarase cun contador ou equipo de medida; este será o único medio que dará fe da contabilización do consumo da auga subministrada.

**47.2.** A colocación e instalación de contadores realizaraa a *prestadora do servizo*, e os gastos correrán por conta do *abonado*. O custo da instalación quedará determinado polo correspondente cadro de prezos.

**47.3.** Como norma xeral, a medición dos consumos efectuarase mediante contador único cando no inmovible ou terreo só exista unha vivenda ou local, en subministracións provisionais para obras e en polígonos de execución de obra, en

tanto non sexan recibidas as súas redes de distribución interior e sempre que sexa de aplicación un único tipo tarifario dos prezos vixentes axeitado á modalidade da subministración.

**47.4.** No caso de subministración a inmobles colectivos, cando exista máis dunha vivenda e/ou locais, o control do consumo base de facturación poderá realizarse ben por contador xeral ou por contadores divisionarios, ao instalar un equipo de medida por cada unha delas e os necesarios para os servizos comúns, situados en baterías segundo as normas básicas para as instalacións interiores, ademais dos aparellos de medida independentes para os locais do inmovble.

En calquera caso, a *prestadora do servizo* poderá instalar, no inicio da instalación interior, un contador totalizador para controlar o consumo global de dita instalación ou inmovble. O consumo do contador xeral, en caso de que houbese instalados contadores divisionarios, deberá ser igual á suma das medidas dos contadores individuais; cando o consumo do contador xeral fose maior que a suma das medidas dos contadores individuais, a diferenza facturaráselle á comunidade de persoas abonadas.

Neste caso considerarase un número de vivendas ou locais, para efectos de facturación, aqueles que poidan ser utilizados de forma independente, aínda cando sexan dun mesmo propietario, estean ocupados ou baleiros.

**47.5.** Os edificios nos que fose preciso instalar grupos de elevación de auga, deberán dispoñer dun contador xeral para control dos consumos. Este contador xeral de referencia estará instalado na cabeceira da acometida ao depósito comunitario e no contrato de servizo correspondente a esta acometida figurará como *abonado* a comunidade de persoas abonadas.

**47.6.** O *abonado* estará obrigado a facilitarlle o acceso ao equipo de medida, para efectuar a súa lectura, ao persoal da *prestadora do servizo*.

**47.7.** O dimensionamento e fixación das características do contador ou contadores, calquera que sexa o sistema de instalación seguido, será facultade da *prestadora do servizo*, que o realizara á vista da declaración de consumo que formule o *abonado* na súa solicitude de subministración, e de conformidade co establecido nas normas básicas para as instalacións interiores.

#### **Artigo 48.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS APARELLOS DE MEDIDA**

As características técnicas dos aparellos de medida ou contadores rexeranse polo disposto na Orde ITC/2451/2011, de 12 de setembro, por la que se derrogan diversas ordes ministeriais que regulan instrumentos de medida ou normativa que a substitúa.

#### **Artigo 49.- SITUACIÓN DOS CONTADORES**

**49.1. Contador único.** Instalarase xunto coas súas chaves de protección e manobra nun armario, homologado pola *prestadora do servizo*, exclusivamente destinado para este fin, situado na planta baixa do inmovble, xunto ao portal de entrada e empotrado no muro de fachada ou pechamento da propiedade que se pretende fornecer. En calquera caso, con acceso directo desde a vía pública.

Excepcionalmente, en caso debidamente xustificado, poderá instalarse o contador único e as súas chaves de manobra nunha cámara baixo o nivel do solo, que terá acceso directo desde a rúa e situado o máis próximo posible á fachada ou pechamento da propiedade. O armario ou cámara de aloxamento do contador estarán dotados dunha porta e pechadura homologadas pola *prestadora do servizo*.

O contador estará situado en posición horizontal e no sentido correcto, cuns tramos rectos antes e despois deste, iguais a 10 veces e 5 veces o diámetro do contador respectivamente, necesarios para o bo funcionamento deste.

**49.2. Baterías de contadores divisionarios.** As baterías de contadores divisionarios, instalaranse nos locais ou armarios exclusivamente destinados para este fin, situados na planta baixa do inmovble, en zona de uso común, con acceso directo desde o portal de entrada.

As baterías para a centralización de contadores responderán a tipos e modelos oficialmente aprobados e homologados polo Organismo competente en materia de Industria.

Na orixe de cada montante e no punto de conexión deste coa batería de contadores divisionarios, instalarase unha válvula de retención, que impida retornos de auga á rede de distribución

#### **Artigo 50.- ADQUISICIÓN DO CONTADOR**

O contador ou equipo de medida deberá ser dos tipos homologados polo organismo competente en materia de industria, e será adquirido polo *abonado*, ao seu cargo. A *prestadora do servizo* manterá unhas existencias de contadores, axeitados ás necesidades e caudais de subministración, para a súa venda aos *abonados*. A venda de ditos contadores realizarase de conformidade coas tarifas establecidas.

#### **Artigo 51.- VERIFICACIÓN E PRECINTADO**

**51.1.** É obrigatorio sen excepción ningunha, a partir da entrada en vigor do presente regulamento, a verificación e precintado dos aparellos contadores que se instalen, cando sirvan de base para regular a facturación do consumo de auga. A verificación e precintado dos aparellos realizaraa o organismo competente en materia de Industria, a través de laboratorio oficial ou autorizado.

**51.2.** É obriga ineludible do *abonado*, a custodia do contador ou aparello de medida, así como o conservar e manter este en perfecto estado, sendo extensible esta obriga tanto á inviolabilidade dos precintos de contador coma ás etiquetas de identificación daquel.

A responsabilidade que se derive do incumprimento desta obriga recaerá directamente sobre o *abonado* titular da subministración.

#### **Artigo 52.- SOLICITUDE DE VERIFICACIÓN**

O *abonado* poderá solicitar da *prestadora do servizo* a verificación do seu contador. Os gastos que xere a retirada do aparello, a súa colocación e a verificación e precintado por parte do organismo competente, serán por conta do solicitante, agás no caso en que se demostre o anormal funcionamento do aparello e que o erro sexa imputable á *prestadora do servizo*.

#### **Art. 53.- COLOCACIÓN E RETIRADA DE CONTADORES**

**53.1.** A conexión e desconexión, colocación e retirada do contador ou aparello contador, cando sexa preciso, realizaraa a *prestadora do servizo*. A *Prestadora de Servizo* poderá precintar a instalación deste, e será a a única autorizada para o seu desprecintado por motivos derivados da explotación do servizo.

**53.2.** Os contadores ou aparellos de medida poderán desmontarse por calquera das seguintes causas:

- a) Por extinción do contrato de subministración.
- b) Por avaría do equipo de medida.
- c) Por renovación periódica.
- d) Por alteración do réxime de consumos, en tal medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do aparello instalado.

**53.3.** Cando a xuízo da *prestadora do servizo*, existan indicios claros de que o funcionamento do contador non é correcto, poderá, previa comunicación ao *abonado*, proceder a desmontar aquel, e instalar no seu lugar outro que fose verificado oficialmente.

Os consumos rexistrados polo aparello instalado en substitución do anterior darán fe para a liquidación destes.

#### **Artigo 54.- CAMBIO DE SITUACIÓN**

Calquera modificación da situación do contador ou aparello de medida, dentro do recinto ou propiedade a cuxa subministración estea adscrito, sempre será a cargo da parte a cuxa instancia se levara a cabo aquela. Porén, será sempre a cargo do *abonado* toda modificación na situación do contador ocasionada por calquera dos seguintes motivos:

- a) Por obras de reformas efectuadas polo *abonado* con posterioridade á instalación do contador e que dificulten a súa lectura, revisión ou facilidade de substitución.
- b) Cando a instalación do contador non responda ás esixencias deste regulamento, e se produza un cambio na titularidade da subministración.

#### **Artigo 55.- MANIPULACIÓN DO CONTADOR**

O *abonado* nunca poderá manipular o contador ou aparello de medida, nin conectar tomas ou facer derivacións antes de dito equipo de medida.

#### **Artigo 56.- SUBSTITUCIÓN DE CONTADORES**

**56.1.** Será necesario a substitución do contador por outro en perfectas condicións, en caso de que o *abonado* ou o persoal da *prestadora do servizo* detecte calquera avaría ou parada do contador e, tamén, no caso de substitución periódica programada. Nestes supostos, a *prestadora do servizo*, con cargo aos gastos de mantemento e conservación, realizará dita operación.

**56.2.** No caso de que a avaría se debese a causas climatolóxicas ou a man airada, os gastos correrán a cargo do *abonado*.

**56.3.** No caso de que a instalación do contador non estivese en bo estado, será obriga do *abonado* a súa reforma para poder proceder ao cambio do contador. Caso de que o *abonado* non queira reformar a instalación, o contador instalarse ao comezo do terreo propiedade do *abonado*, sempre ao seu cargo.

#### **Artigo 57.- LECTURA DE CONTADORES**

**57.1.** A lectura de contadores que servirá de base para regular a facturación dos caudais consumidos polos *abonados* realizaraa a *prestadora do servizo*, coa periodicidade prevista na ordenanza .

As indicacións que marque o contador, anotaraas o lector nas follas ou soportes informáticos que servirán de base para a facturación correspondente así como no caderno ou tarxeta do *abonado* que poderá existir para tal fin, xunto ao contador, sempre que así o solicite o *abonado*.

**57.2.** A lectura levarase a cabo en horas hábiles ou de normal relación co exterior. Realizaraa persoal autorizado expresamente pola *prestadora do servizo*, provisto da súa correspondente documentación de identidade. En ningún caso, o *abonado* poderá impoñer a obriga de tomar lectura fóra do horario que teña establecido a *prestadora do servizo* para tal efecto.

**57.3.** Cando por ausencia do *abonado* non fose posible a lectura, o lector encargado desta deixará constancia da súa visita depositando na caixa do correo ou similar unha tarxeta. Esta tarxeta, ademais de deixar constancia da presenza do lector no lugar, permitiralle ao *abonado* anotar a lectura do seu contador efectuada por el, e facela chegar ás oficinas da *prestadora do servizo*, no prazo máximo indicado, para os efectos da facturación do consumo rexistrado.

## CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

### **Artigo 58.- OBXECTO E ALCANCE DO CONTRATO**

**58.1.** Os contratos de saneamento e depuración formalizaranse para cada vivenda, piso, local, industria ou obra que se constitúa nunha unidade independente.

**58.2.** Cada vertedura quedará adscrita aos fins para os que se concedeu e non poderá dedicarse a outros fins nin modificar o seu alcance. Para isto, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, se é o caso, o contrato conseqüente.

### **Artigo 59.- SUXEITOS DO CONTRATO**

Os contratos de servizos formalizaranse entre a *prestadora do servizo* e o titular propietario do terreo, local, vivenda ou industria á que se lle presta o servizo, ou por quen o represente, sen prexuízo da súa facultade de repercusión contra o usuario ou beneficiario en canto ás obrigas e responsabilidades dimanantes de dito contrato.

### **Artigo 60.- DURACIÓN DA PÓLIZA**

**60.1** O contrato de servizo subscribirase con carácter definitivo e indefinido, agás estipulación expresa con outro carácter, se ben suxeita aos condicionamentos legais que establece este regulamento ou que sexan de aplicación.

**60.2.** Os servizos para obras, espectáculos temporais en locais móbiles e, en xeral, para actividades esporádicas contrátanse sempre con carácter temporal e por tempo definido, tempo que expresamente figurará no contrato.

### **Artigo 61.- PLURALIDADE DE CONTRATOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN NUN INMOBLE**

**61.1.** Estenderase un contrato do servizo de saneamento e depuración por cada vivenda, local ou dependencia independente, aínda que pertencen ao mesmo propietario/a ou arrendatario/a e sexan contiguas.

**61.2.** Cando corresponda a todo o inmoble un único contrato e non existan contratos individuais para cada vivenda, local ou dependencia, aplicarase sobre ela tantas cotas de servizo e/ou mínimos como vivendas, locais ou dependencias que, susceptibles de abono, se sirvan mediante a vertedura xeral e á tarifa máis elevada que corresponda.

**61.3.** Esta modalidade de contratación será unha excepción para aqueles *abonados* existentes no momento da entrada en vigor deste regulamento.

### **Artigo 62 .- SUBSCRIPCIÓN DO CONTRATO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

**62.1.** Non se levará a cabo ningunha vertedura sen que o *abonado* subscribira coa *prestadora do servizo* o correspondente contrato do servizo de saneamento e depuración. Unha vez aceptada a súa solicitude, o contrato non se fará efectivo ata que o *abonado* pague os traballos de conexión, a fianza e os dereitos establecidos na ordenanza fiscal.

**62.2.** O petionario achegará, xunto coa solicitude de servizo de saneamento e depuración, a documentación que segue:

- Escritura de propiedade, sobre o inmoble para o que se solicita o servizo de saneamento e depuración.
- Documento que acredite a personalidade do contratante.
- En caso de vivenda, licenza de primeira ocupación.
- Se se trata dun local comercial ou dunha industria, a licenza de apertura ou comunicación previa eficaz segundo proceda.
- Se se trata dunha obra, a licenza municipal, ou comunicación eficaz segundo proceda.
- Aquela outra documentación que requira o Concello de Ames.

### **Artigo 63.- CAUSAS DE DENEGACIÓN DO CONTRATO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

**63.1.** A facultade de conceder a autorización para realizar a vertedura corresponde ao Concello, consonte as normas regulamentarias vixentes.

**63.2.** O Concello, nos casos que seguen, e previo informe da *prestadora do servizo* poderá denegar a contratación do servizo:

- a. Cando a persoa ou entidade que solicite o servizo se negue a asinar o contrato estendido de acordo co modelo autorizado e coas disposicións vixentes sobre contratación; cando non presente a documentación preceptiva ou non efectúe os pagamentos correspondentes.
- b. Cando as instalacións interiores non se axusten ás prescricións regulamentarias en vigor no momento do pedimento, coas canalizacións diferenciadas para augas fecais e pluviais.
- c. Cando non dispoña de conexión correcta para a vertedura.
- d. Cando se comprrobe que o petionario ten pendente o pagamento dos servizos prestados en virtude doutro contrato de servizos de abastecemento de auga potable, depuración ou saneamento anterior e mentres non

satisfaga a débeda.

e. Cando para o local que se quere sanear exista xa outro contrato anterior e en plena vixencia.

f. Cando o peticionario da vertedura non estea acreditado fidedignamente, non conte coas autorizacións necesarias doutras persoas ou non establecera as servidumes precisas.

g. Cando exista pendente unha liquidación por fraude.

#### **Artigo 64.- SUBROGACIÓN DO CONTRATO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

**64.1.** Ao falecemento da persoa titular do contrato de servizos, o seu cónxuxe ou parella de feito, descendentes, ascendentes e irmás ou irmáns que convivisen habitualmente na vivenda, cando menos con dous anos de antelación á data do falecemento, poderán subrogarse nos dereitos e obrigas do contrato. No serán necesarios os dous anos de convivencia para os que estivesen sometidos á patria potestade do falecido nin para o cónxuxe ou parella de feito.

**64.2.** No caso de entidades xurídicas, quen se subroga ou substitúa en dereitos e obrigas poderá facer o propio no contrato de servizos, a condición de presentar ante a *prestadora do servizo* todas as autorizacións administrativas necesarias.

**64.3.** O prazo para subrogarse será de tres meses a partir da data do feito causante.

### **CAPÍTULO IX**

#### **CONDICIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

#### **Artigo 65.- SERVIZOS QUE SE VAN DESENVOLVER**

**65.1.** A prestadora do Servizo está facultada para prestación dos seguintes servizos relacionados co saneamento e depuración:

a) Utilizar a rede pública para a captación e canalización das augas residuais fecais e pluviais ata as estacións de depuración ou as cales públicas.

b) A execución de instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes e acometidas de saneamento e depuración.

c) A limpeza da rede de saneamento e depuración, levando os residuos ás instalacións previstas e autorizadas para tal fin.

d) De maneira transitoria, a limpeza, nos supostos en que sexa posible cos medios mecánicos, das fosas sépticas dos abonados ao servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración, mentres a rede de saneamento e depuración non cubra a totalidade do municipio.

e) O tratamento, cos medios e infraestruturas postos a súa disposición polo Concello ou, se é o caso, polas entidades públicas correspondentes, das augas residuais con anterioridade á súa vertedura nas cales públicas.

**65.2.** Os servizos regulados neste regulamento comprenden e alcanzan a poboación de Ames e a totalidade do seu territorio municipal.

#### **Artigo 66.- OBRIGAS ESPECIFICAS DOS ABONADOS AO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

**66.1.** Con carácter xeral os propietarios dos terreos ou predios teñen a obriga de conectarse á rede de saneamento e depuración cando se encontren a menos de cincuenta metros (50 m.) da rede pública de saneamento medidos de xeito lineal segundo o trazado de canalización prevista.

Para isto, solicitarán a acometida correspondente, que se realizará a súa costa, como norma xeral. As circunstancias singulares de cada caso, como o emprazamento en contrapendente ou a necesidade de dispor elementos especiais, serán obxecto de informe explícito e supervisión por parte do Concello.

**66.2.** Aqueles propietarios que non soliciten a prestación do servizo de saneamento e depuración ou non procedan a efectuar a acometida, sempre que exista a posibilidade da conexión, entendendo que esta se produce cando o inmovible diste menos de cincuenta metros da rede pública de saneamento, considerando as circunstancias singulares que concorran, teñen a obriga de abonar as taxas que correspondan de acordo coa ordenanza vixente.

#### **Artigo 67.- DEFINICIÓNS**

Para os efectos deste regulamento, entenderase:

- Por verteduras residuais: toda materia residual sólida, líquida ou gasosa, incluídas as augas de refrixeración, resultante dunha actividade manufacturera ou industrial, ou de desenvolvemento, recuperación ou procesamento de recursos naturais.

- Por actividade industrial: calquera establecemento ou instalación que efectúe verteduras industriais ás instalacións de saneamento.

- Por augas residuais: as augas utilizadas que, procedentes de vivendas e instalacións comerciais, industrias, sanitarias, comunitarias ou públicas son admitidas nas instalacións públicas de saneamento. Divídense en dous tipos: augas fecais ou sucias e augas pluviais ou limpas.

- Por augas residuais domésticas: as que están formadas polos restos líquidos procedentes da preparación, cocción e manipulación de alimentos, así como excrementos humanos ou materias semellantes vertidas a través das instalacións sanitarias das vivendas.

- Por augas residuais fecais industriais: as procedentes das instalacións xa mencionadas e que son debidas aos procesos propios da actividade do establecemento e que implican a presenza de restos, como



consecuencia destes.

- Por augas industriais non contaminadas: as procedentes das instalacións xa mencionadas, que foron utilizadas unicamente para refrixeración de máquinas ou que foron depuradas e que cumpren en ambos os casos co presente regulamento.

- Por augas pluviais: as producidas simultaneamente ou inmediatamente a continuación de calquera forma de precipitación natural e como resultado desta.

- Por verteduras perigosas: toda vertedura non fortuíta, voluntaria ou involuntaria, que pola súa negligencia ou mala fe poida ocasionar unha emerxencia real ou potencial ás persoas, instalacións ou á propia canle receptora.

- Por verteduras limitadas: toda vertedura que polo seu potencial contaminador e baixo certas limitacións poida tolerarse nas instalacións municipais e na súa canle receptora.

- Por verteduras permitidas: calquera vertedura tolerable ou inofensiva que teña concedida a correspondente autorización de vertedura.

- Por verteduras prohibidas: aquelas verteduras que pola súa natureza e perigosidade son totalmente inadmisibles nas instalacións de sumidoiros e depuración, ou aquelas que excedan dos parámetros establecidos no presente regulamento.

#### **Artigo 68 .- ELEMENTOS MATERIAIS DO SERVIZO**

Son elementos materiais do servizo de saneamento e depuración os seguintes:

As acometidas, a rede de saneamento e depuración, as estacións elevadoras, as estacións depuradoras, os pozos de rexistro, os embornais e os tramos artificiais da rede natural de evacuación de augas pluviais.

**a) Acometida**.- É o conxunto de canalizacións e outros elementos que unen a rede de saneamento e depuración coa instalación do inmovible que se pretende sanear.

A acometida constará dos seguintes elementos:

**a.1) Arqueta de arrinque**.- Situada no límite da propiedade, na zona pública, serve de conexión entre a tubaxe de saída de augas residuais da propiedade e a cloaca da acometida.

**a.2) Cloaca ou albañal**.- É o treito de canalización que vai desde a arqueta de arrinque ou límite da propiedade ata a rede de sumidoiros.

**a.3) Entronque**.- É o punto de unión da cloaca da acometida coa rede de saneamento e depuración, que debe ser un pozo de rexistro.

**b) Rede de saneamento e depuración**.- É o conxunto de condutos e instalacións que serven para evacuar as augas residuais e/ou pluviais.

**b.1.) Rede primaria**.- Son aquelas canalizacións da rede de saneamento e depuración consideradas colectores principais, que enlazan diferentes sectores da zona saneada sen que nelas se poidan realizar acometidas, ou de xeito moi puntual derivacións especiais.

**b.2.) Rede secundaria**.- Son as tubaxes da rede de saneamento e depuración que corren ao longo dunha vía pública ou privada -naqueles casos nos que non sexa posible o uso da vía pública e sempre e cando se obteña, a través dos medios legalmente establecidos, a titularidade do terreo que se vai ocupar ou da servidume de paso - e das que se derivan, se é o caso, as acometidas para as verteduras e os embornais. A súa definición terá que ser aprobada polo Concello a proposta da *Prestadora do servizo* e dos servizos técnicos municipais.

**c) Estación elevadora**.- É o conxunto de obras e elementos mecánicos que, instalados nunha rede de saneamento serven para forzar a circulación da auga residual.

**d) Estación depuradora**.- É aquela instalación onde se someten as augas residuais a un tratamento de depuración física, biolóxica ou química, tal que permita a súa posterior reutilización para diversos fins ou a súa reincorporación ao medio natural sen alteralo.

#### **Artigo 69 .- ACOMETIDAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

**69.1.** Enténdese por acometida de saneamento e depuración a canalización de condución das augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se estende dende a arqueta situada no bordo do terreo ou propiedade pública ou privada ata o pozo de rexistro de saneamento ao que está conectado. Nas instalacións onde puidese faltar o pozo de rexistro, entenderase que a acometida remata, excepcionalmente, nun colector da rede secundaria.

As instalacións que non se axusten a estas normas estarán obrigadas a adaptarse ante calquera modificación ou reparación nas acometidas. O custo correspondente será a cargo do *abonado*. Para os efectos das obrigas do concesionario, este deberá realizar ao seu cargo exclusivamente a limpeza da rede xeral de saneamento á que estea conectada a acometida. Os custos de mantemento, substitución e reparación da acometida de saneamento do subscritor serán a cargo deste.

Para os efectos das obrigas da *prestadora do servizo*, esta deberá realizar ao seu cargo exclusivamente a limpeza da rede xeral de saneamento á que estea conectada a acometida. Os custos de mantemento, substitución e reparación da acometida de saneamento do abonado serán a cargo deste.

**69.2.** As acometidas de saneamento realizaraas exclusivamente o *prestador do servizo*, e comprenden dende a

arqueta de rexistro situada no límite da propiedade do *abonado* ata o seu entroncamento no pozo de saneamento ou no colector da rede secundaria. Serán a cargo deste, conforme ao presuposto presentado ao construtor, propietario ou *abonado* interesado, e segundo o cadro de prezos autorizado polo Concello.

**69.3.** As acometidas de saneamento que, pola súa antigüidade e mal estado, non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade suporán a realización por parte *prestadora do servizo* dun orzamento que lle será presentado ao *abonado* para proceder ao cambio de acometida. Se o *abonado* non se fixese cargo deste orzamento, a *prestadora do servizo* quedará eximida de toda responsabilidade fronte aos eventuais efectos de mal funcionamento da acometida de saneamento, que serán por conta exclusiva do *abonado*.

#### **Artigo 70 .- SOLICITUDE DE ACOMETIDA**

**70.1.** A solicitude de acometida á rede de sumidoiros deberá presentarse de forma independente para cada terreo ou predio que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación. Cada unha desas solicitudes deba cumprir, por separado, as condicións previstas neste regulamento.

**70.2.** Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun único portal ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o Concello ou, se é o caso, a *prestadora do servizo* poderá decidir a conveniencia de realizar unha única acometida así como o lugar en que se ten que situar.

**70.3.** Os locais que estean situados nas plantas inferiores das unidades independentes de edificación, aínda cando non teñan acceso común, deberán verter á correspondente arqueta xeral interior do inmovible.

**70.4.** Nalgúns casos, a xuízo do Concello, previo informe da *prestadora do servizo*, ou como aplicación da norma correspondente, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible poderá solicitar acometidas independentes

**70.5.** A *prestadora do servizo* denegará as solicitudes de acometida á rede municipal de saneamento e depuración cando non se cumpran as condicións sinaladas no artigo 8.7 e informará mensualmente ao Concello:

1) Cando non se presentara algún dos documentos esixidos e mentres non se presenten.

2) Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros e non se acredite a constitución da servidume de paso ou a adquisición da franxa de terreo afectada.

#### **Artigo 71 .-TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES**

**71.1.** A solicitude de conexión á rede de saneamento e depuración formularase no impreso normalizado que facilite a entidade *prestadora do servizo*.

**71.2.** Na solicitude de vertedura industrial farase constar, como mínimo e salvo excepcións, o que segue, e sempre respetando o establecido con respecto aos permisos de vertido no Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

##### 1.- Filiación

- Nome, teléfono e enderezo social do/a propietario/a ou titular do establecemento ou actividade.

- Situación e características da instalación ou actividade.

##### 2.- Producción

- Descrición das actividades e procesos xeradores das verteduras.

- Materias primas ou produtos utilizados como tales, indicando as cantidades en unidades usuais.

- Produtos finais e intermedios, se os houbese, consignando as cantidades en unidades así como o ritmo de produción.

3.- Verteduras - Descrición do réxime de vertedura -horario, duración, caudal medio e punta e variacións diarias, mensuais e estacionais, se as houbese-, das súas características e da súa concentración antes de calquera tratamento.

##### 4.- Previsión de tratamento da vertedura.

- Descrición dos sistemas de tratamento previstos e do seu grao de eficacia, así como da composición final das verteduras descargadas cos resultados das análises de posta en marcha que se realizaran.

##### 5.- Planos

- Planos de situación en cartografía oficial municipal á escala axeitada (1:1000) ou (1:2000).

- Planos da rede interior de recollida e instalación de pre-tratamentos.

- Planos detallados das obras de conexión, das arquetas de rexistros e dos dispositivos de seguridade.

##### 6.- Varios.

- Subministración de auga (rede, pozo, etc.)

- Volume de auga consumida polo proceso industrial.

- Dispositivos de seguridade adoptados para prever accidentes nos elementos de almacenamento susceptibles que verterán na rede de saneamento e depuración.

- Proxecto de medidas preventivas, correctoras, de seguridade e/ou reparadoras para supostos de accidente ou emerxencia nas verteduras.

E, en xeral, todos aqueles datos que a Administración considere necesarios para coñecer todas as circunstancias e elementos involucrados na vertedura de augas residuais.

**71.3.** Na solicitude de vertedura doméstica farase constar, como mínimo:

- O nome do/a solicitante ou a súa razón social, o enderezo e teléfono, o nome do/a futuro *abonado/a*, o enderezo da vertedura e o seu carácter ou as bases para fixalo de acordo coa normativa vixente.

-A solicitude acompañarase dun plano de situación da cartografía municipal oficial á escala axeitada (1:1000) ou (1:2000).

#### **Artigo 72.- APROBACIÓN E DENEGACIÓN DE ACOMETIDAS**

**72.1.** A aprobación ou denegación de toda acometida á rede de saneamento ou ampliación desta corresponderalle ao Concello.

**72.2.** Como norma xeral, non se concederán illadamente acometidas de subministración de auga potable e de vertedura de augas residuais. Tramitaranse simultaneamente ambas as dúas solicitudes onde existan ambos os dous servizos.

#### **Artigo 73.- DETERMINACIÓN E EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS**

**73.1.** A *prestadora do servizo* informará sobre as características técnicas que deben reunir as acometidas, realizando as que previamente autorice o Concello e nas condicións establecidas por este.

**73.2.** A execución das acometidas será competencia da *prestadora do servizo* que realizará os traballos e instalacións correspondentes a cargo do *abonado*, xa sexa este o construtor do inmovible ou o propietario do predio. O ramal instalado pasará a ser propiedade municipal e a acometida axustarse nas súas características ás condicións e prescricións técnicas establecidas nas ordenanzas municipais de edificación, e ao disposto na normativa urbanística aprobada polo Concello. A *prestadora do servizo* non poderá aplicar outros criterios, salvo que, debidamente cubertos, fosen aprobados polo Concello.

**73.3.** Toda acometida á rede de saneamento e depuración deberá dispoñer dunha arqueta de rexistro no límite da propiedade do *abonado*.

**73.4.** Se a *prestadora do servizo* detecta unha acometida que non cumpra os criterios aquí establecidos, as modificacións que sexa necesario facer para axustala ao presente regulamento, serán a conta do/s promotor/es desta.

**73.5.** A limpeza das acometidas de saneamento e depuración será executadas polo *abonado*. No caso de realizala a *prestadora do servizo*, os gastos correrán a cargo do *abonado*.

**73.6.** A *prestadora do servizo* indicará as modificacións que deban efectuarse na rede existente e que tamén satisfará o petionario, logo da conformidade do Concello.

**73.7.** As acometidas á rede de saneamento e depuración que realice a *prestadora do servizo* para os novos usuarios correrán por conta destes e abonaranse á dita entidade unha vez que o Concello aprobe a execución da obra e antes de realizala.

**73.8.** A *prestadora do servizo* confeccionará o orzamento para a execución das obras de acometida consonte o cadro único de prezos vixente aprobado polo Concello. Este orzamento terá carácter definitivo e deberá adaptarse a cada caso concreto, logo de comprobadas as medicións. Non terá carácter definitivo se non se aplican os prezos aprobados ou se a *prestadora do servizo* incorre en falsidade, fraude ou erro na súa confección.

Por este motivo, a *prestadora do servizo* presentará antes do 30 de setembro de cada ano, o cadro de prezos que se vai aplicar durante o seguinte ano para que sexa aprobado polo Concello antes do 31 de decembro.

**73.9.** O cadro de prezos que se aplicará será o vixente no momento de formularse a solicitude de acometida.

**73.10.** A *prestadora do servizo* realizará a acometida no prazo máximo de un mes a partir da notificación da autorización municipal.

**73.11.** Para proceder á execución da acometida do saneamento e depuración, o propietario do inmovible e *abonado* deberá depositar con anterioridade ao comezo das obras o importe íntegro do orzamento que, conforme ao cadro de prezos aprobado polo concello, desenvolverá a *prestadora do servizo*.

#### **Artigo 74.- MODIFICACIÓN DE ACOMETIDAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN POR VARIACIÓN DAS CONDICIÓN INICIAIS DE SOLICITUDE**

**74.1.** Cando, con ocasión da reforma, ampliación ou reparación dun edificio ou nave industrial, incremente o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varíen as condicións de vertedura, o propietario ou promotor estará obrigado a solicitar da *prestadora do servizo* as novas acometidas, en caso necesario, e a modificación dos contratos do servizo que este incremento orixine. As novas acometidas serán executadas pola *prestadora do servizo* con cargo ao propietario ou *abonado*, e axustaranse ás normas e procedementos que se recollen neste regulamento.

**74.2.** No caso de que a *prestadora do servizo* descubrixe a realización de obras de saneamento e depuración non comunicadas, levantarase acta deste feito e a *prestadora do servizo* propondalle ao Concello a actuación que corresponda.

#### **Artigo 75.- OBRIGATORIEDADE DO SANEAMENTO**

**75.1.** Os edificios existentes ou os que se constrúan con fachada á unha vía na que exista rede de sumidoiros pública deberán verter a esta as súas augas residuais a través da correspondente acometida, sempre que ditas augas reúnan as condicións físico-químicas esixidas neste regulamento, e, unha vez obtida a preceptiva licenza municipal ou comunicación previa eficaz, segundo proceda, previa á que se lle poderá esixir faga constar a natureza dos efluentes e as medidas de pre-tratamento que sexan esixibles, se é o caso.

**75.2.** Se a edificación tivese fachada a máis dunha vía pública, o propietario poderá escoller o sumidoiro público ao que vai verter as súas augas, salvo que existan razóns técnicas que o impidan.

**75.3.** A obrigatoriedade de vertedura á rede de sumidoiros pública está regulada na correspondente lexislación autonómica, Lei 9/2002, de 30 de decembro ou normativa que a substitúa, para cada clase de solo.

**75.4.** Cando non exista sumidoiro público fronte ao solar, en solo urbano, o propietario deberá conectar coa rede

existente coa execución da extensión que corresponda. Para estes efectos informará a *prestadora do servizo* do punto de entronque que virá reflectido no proxecto correspondente.

**75.5.** Os propietarios daqueles edificios xa construídos na data de entrada en vigor deste regulamento, deberán axustarse ás seguintes condicións:

- Se tivesen desaugadoiro por medio de pozo negro ou foxa séptica, e sexa tecnicamente posible a súa conexión á rede de sumidoiros, os propietarios están obrigados a enlazar dito desague con esta, a través da acometida correspondente, a modificar a rede interior do inmovible para conectala coa referida acometida se fose preciso e a cegar o antigo sistema.

- Se tales edificios tivesen desaugadoiro a ceo aberto, directa ou indirectamente, sen tratamento previo, ou con calquera sistema de tratamento incorrecto que produza unha vertedura anómala, os interesados estarán obrigados a enlazar o dito desaugadoiro coa rede de sumidoiros, salvo que se trate de vivendas unifamiliares en zonas carentes de sumidoiros e noutros casos excepcionais, nos que o Concello poderá autorizar a depuración completa individual das augas residuais ou a vertedura a ceo aberto das augas pluviais, sen prexuízo da obriga de enlazar co sumidoiro público cando se constrúa. Non obstante, rexerá o disposto na normativa do Plan xeral vixente.

**75.6.** Transcorrido o prazo de quince días dende o requirimento que para tal efecto dirixirá a Administración municipal ou a *Prestadora do servizo* ao propietario interesado, sen que este teña eliminado a vertedura anómala, ou solicitado a acometida de desaugadoiro, o Concello ou a *Prestadora do servizo*, procederá á súa construción, con cargo ao interesado, sen prexuízo de aplicación das sancións procedentes ata tanto non modifique a rede interior para o enlace correcto á acometida, independentemente daquelas ás que houbese lugar por vertedura a ceo aberto.

**75.7.** Estas obrigas só serán esixibles no solo de núcleo rural cando na vía pública á que teña fachada a parcela edificada exista sumidoiro público ou cando a houbese a unha distancia inferior a 50 m. (medida na liña da canalización que se vai colocar), sempre que non o impidan as circunstancias singulares como o emprazamento en contrapendente ou a necesidade de dispor elementos especiais. Estas circunstancias singulares serán obxecto de informe e supervisión por parte do Concello segundo prevé o artigo 66.2 desde regulamento.

#### **Artigo 76 .- INSTALACIÓN INTERIOR E BOMBEOS PARTICULARES DE AUGAS RESIDUAIS**

**76.1.** As instalacións interiores de desaugadoiro dun edificio que se localicen a cota inferior á rasante da rúa deberán ser completamente estacas

**76.2.** Naqueles casos en que os desaugadoiros dun edificio se atopen a cota inferior á do colector da rúa, o/s propietario/os instalarán ao seu cargo a infraestrutura e equipo de bombeo necesario para efectuar a vertedura á rede pública.

#### **Artigo 77.- POSTA EN SERVIZO DA ACOMETIDA**

**77.1.** Realizada a acometida, non poderá ser manipulada ata despois da formalización do correspondente contrato de saneamento e depuración que, en todo caso, non se formalizará ata comprobar o correcto estado das instalacións interiores do edificio.

**77.2.** Pasado un ano desde a posta do servizo, se non se formula ningunha reclamación sobre a acometida, entenderase que o propietario do terreo ou predio está conforme coa súa instalación.

#### **Artigo 78 .- ACOMETIDAS DE PLUVIAIS**

**78.1.** Nas zonas onde a rede de saneamento sexa separativa -deseñada para o transporte de augas residuais e pluviais independentemente- é obrigatorio realizar unha acometida pola que evacuar exclusivamente as augas da choiva independente da acometida de residuais.

**78.2.** Independentemente da existencia ou non de rede separativa, as novas edificacións deberán contar con acometidas separadas para fecais e pluviais respectivamente.

**78.3.** O disposto no parágrafo anterior será igualmente esixible en aquelas edificacións existentes que sexan obxecto de obras de reconstrución, rehabilitación, consolidación e gran reparación.

#### **Artigo 79 .- CONSERVACIÓN DE ACOMETIDAS**

A vixilancia, conservación e reparación das acometidas será sempre competencia exclusiva da *prestadora do servizo* que realizará os traballos correspondentes ao seu cargo.

#### **Artigo 80 .- AMPLIACIÓN DE ACOMETIDAS**

No caso de que un terreo ou predio, despois de realizada a acometida, aumente o número de servizos ou amplíe o número de vivendas e as instalacións existentes sexan insuficientes para unha normal satisfacción das novas necesidades, solicitarase á *prestadora do servizo* a substitución da acometida por outra axeitada. Os gastos que teñan que facerse en virtude da demanda correrán por conta do/s *abonado/s*.

#### **Artigo 81 .- ACOMETIDA EN DESUSO**

Finalizado ou rescindido o contrato de vertedura, o ramal de acometida queda a libre disposición do seu titular, pero, se este, dentro dos vinte días seguintes, non lle comunica fidedignamente á *prestadora do servizo* a súa intención de que se retire da vía pública, consignando para tal efecto na caixa desta entidade o importe dos gastos que ocasione a operación, entenderase que se desinteresa do ramal de acometida en desuso e que a *prestadora do servizo* pode tomar as medidas que considere oportunas de conformidade co Concello.

#### **Artigo 82 .- PEQUENAS AMPLIACIÓNS E MELLORAS NA REDE**

**82.1.** Para os efectos deste regulamento, considérase a necesidade de realizar pequenas ampliacións e melloras na rede de sumidoiros existente, nos seguintes casos:

- Cando, existindo redes secundarias de sumidoiros nalgún terreo público lindeiro co inmovible, o novo enganche

represente un aumento apreciable de caudal no saneamento.

- Cando a distancia ata o punto de conexión sexa superior a 20 m.
- Cando non exista rede na marxe do inmovible.
- Cando, aínda existindo rede, esta se poida catalogar como primaria.

**82.2.** Nos casos de vías en solo urbano con servizo defectuoso, deficiente ou incompleto que non permita satisfacer un servizo axeitado se se aumentan as verteduras, redactarase e someterase a aprobación municipal o correspondente proxecto de obras de urbanización que faga posible un servizo de saneamento axeitado.

**82.3.** O Concello deberá coordinar a implantación e mellora do servizo de saneamento e depuración con outros servizos urbanísticos a levar a cabo na mesma vía, especialmente pavimentación e encintado de beirarrúas baixo as que teña que implantarse, co fin de evitar levantamentos, roturas e reposicións de pavimento innecesarios.

**82.4.** Cando cumpra efectuar unha prolongación da rede xeral para executar unha acometida, correrán por conta do *abonado* a totalidade dos gastos que se orixinen. Estes gastos faranse constar no orzamento que se confeccione. Ao finalizar a execución das obras, a acometida pasará a ser propiedade municipal, unha vez comprobada a súa correcta execución segundo o indicado no punto 82.6.

**82.5.** A execución dos entronques coa rede de saneamento e as acometidas serán competencia exclusiva da *prestadora do servizo*.

**82.6.** A execución das obras de ampliación cumprirá coas condicións e especificacións técnicas e sanitarias regulamentarias e garantirá a dirección, vixilancia e control na súa execución que será supervisada, antes da súa recepción, pola *Prestadora do Servizo*.

**82.7.** As prolongacións da rede deberán discorrer, con carácter xeral, por terreos de dominio público, ou excepcionalmente dispor da servidume de paso necesaria para o mantemento que non se poderá obstaculizar e que terá unha anchura continua de tres metros.

**82.8.** Nos casos en que o solicitante da prolongación da rede non sexa propietario dos terreos polos que ten que discorrer e se non existe outra alternativa, terá que acordar co propietario a adquisición do terreo necesario ou constituír unha servidume de acueduto.

**82.9.** Dada a propiedade municipal das ampliacións da rede de saneamento e depuración, a *prestadora do servizo* ten plena liberdade para conectar a estas instalacións as acometidas xa existentes na zona ampliada.

### **Artigo 83.- COLECTORES EN PROPIEDADES PARTICULARES**

A *prestadora do servizo* non asume responsabilidade ningunha polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza en propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento de conducións que discorran por terreos excluídos do viario público, se non dispón de acceso expedito segundo o sinalado.

### **Artículo 84 -URBANIZACIÓNS E POLÍGONOS**

**84.1.** Para os efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións e polígonos aqueles conxuntos de terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación dunha infraestrutura viaria e de servizo entre as distintas parcelas ou solares en que se divide o terreo e destas coa zona urbanizada da contorna urbana.

**84.2.** As instalacións da rede de saneamento (fecais e pluviais) e depuración do polígono ou urbanización anteriormente definidos ou para solares ou inmoibles situados naquel, que posteriormente lle poida afectar á aceptación da propiedade das instalacións por parte do Concello para a súa adscrición á rede xeral do servizo saneamento e depuración, serán executadas polo promotor ou propietario e ao seu cargo, con suxeición ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello previo informe da *prestadora do servizo*. A execución das obras necesarias para os novos servizos contarán coa previa tramitación administrativa que corresponda.

**84.3.** O permiso de conexión de saneamento para o polígono ou urbanización, así como para os solares e inmoibles situados nel, estará supeditado ao cumprimento previo das seguintes condicións:

- a) As redes interiores de distribución e demais instalacións necesarias para o correcto saneamento e depuración a ditas urbanizacións ou polígonos, responderán a esquemas aprobados polo Concello, previo informe da *prestadora do servizo*, e deberán definirse e dimensionarse en proxecto redactado polo técnico competente, e aprobado polo Concello, previo informe da *prestadora do servizo* no que propondrá as probas que se deban realizar no transcurso das obras e antes da recepción con suxeición aos regulamentos e normas técnicas de aplicación. Estas probas serán que ser executadas por conta e a cargo do promotor ou propietario da urbanización ou polígono.
- b) As obras e instalacións definidas no proxecto aprobado, así como as modificacións que convenientemente autorizadas polo Concello previo informe da *prestadora do servizo* se introduzan durante o desenvolvemento destas, executaranse igualmente na súa totalidade por conta e cargo do promotor ou propietario da urbanización ou polígono.

**84.4.** A *prestadora do servizo* terá acceso á execución e inspección das obras no seu transcurso, informará e poderá propor a consideración as probas para a idoneidade da execución das instalacións e ao seu remate informará, á vista dos resultados das probas de calidade previstas no proxecto tramitado e de todas as executadas no desenvolvemento das obras e das esixidas polo Concello previas á recepción co obxecto de garantir o cumprimento das especificacións de calidade nos materiais previstos e a correcta execución das obras.

**84.5.** Os enlaces ou acometidas das redes interiores da urbanización ou polígono, coas conducións da rede xeral baixo dominio da *prestadora do servizo*, así como as modificacións e reforzos que tivesen que efectuarse nestas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitados no proxecto previo, supervisados pola *prestadora do servizo* e a cargo do promotor ou propietario da urbanización, consonte ao cadro de prezos aprobado polo Concello.

**84.6.** Unha vez rematadas as instalacións das redes interiores da urbanización ou polígono, con carácter previo á recepción tramitada polos servizos técnicos de urbanismo, serán verificadas e informadas pola *prestadora do servizo*, asumindo a xestión e mantemento unha vez que, recibidas polo Concello, este lle comunique a súa adscrición ao servizo.

#### **Artigo 85.- CONDICIÓNS DA REDE DE SANEAMENTO**

**85.1.-** O saneamento será separativo con carácter xeral, co obxecto de non levar augas limpas á depuración e de conducir as augas residuais ás instalacións de depuración completa antes de vertelas ás canles públicas naturais ás que, en cambio, desaugarán directamente e pola superficie do terreo ou á rede de pluviais as augas de choiva. Atenderase ao regulamento marco e con carácter xeral as "Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia" ou (<http://augasdeg Galicia.xunta.es/es/TOHG.htm>) elaboradas por Augas de Galicia, ou normativa que as substitúa.

**85.2.-** As seccións mínimas dos tubos para a rede serán de trinta (30) centímetros de diámetro con carácter xeral, cun mínimo de 25 cm para que sexa viable a supervisión con cámara, aplicable tamén para os desaugadoiros dos sumidoiros e executaranse preferiblemente en PVC liso. As acometidas domiciliarias disporán dun diámetro mínimo de 20 cm, que se reduce a 16 cm para vivendas unifamiliares. As velocidades máximas de tres (3) metros por segundo cando os condutos sexan de cemento centrifugado e vibrado (material que se reserva para augas pluviais). Poderán aumentarse a valores maiores en tubos de materiais que o possibiliten pola dureza do seu revestimento, nos casos en que isto sexa preciso.

**85.3.-** As pendentes mínimas nos ramais iniciais serán do un por cento (1%) e nos demais determinarase de acordo cos caudais para que as velocidades mínimas do efluente non descendan de cero con cinco (0,5) metros por segundo para evitar sedimentos, e a velocidade máxima admisible de 3 m/sg, para evitar erosión nos tubos. En todo caso, o proxecto requirido reflectirá os perfís lonxitudinais coas pendentes que correspondan.

**85.4.** As conducións serán subterráneas, seguindo o trazado da rede viaria ou espazos públicos libres. Salvo imposibilidade técnica, o recubrimento mínimo do tubo, medido desde a súa xeratriz superior, será de 1,20 m, e preferiblemente de 1,50 m. En todo caso deberá situarse a nivel inferior ás conducións de abastecemento circundante. De discorrer preto, en paralelo, as canalizacións do sistema separativo a de fecais disporase a cota inferior.

**85.5.** As obras especiais de aliviadoiros ou sifóns disporán de pozos de limpeza á entrada e saída da obra especial correspondente.

**85.6.** Disporanse de pozos de rexistro cada 50 m como máximo, en todos os cambios de alifación e rasante así como nas cabeceiras.

**85.7.** Cando as augas de choiva se evacúen pola rede de sumidoiros disporanse sumidoiros cada 40 m como máximo e cunha afección de cada 400m<sup>2</sup>, en todos os cruces das rúas.

**85.8.** As xuntas serán estancas. Utilizarase preferentemente a solución elástica mediante xunta de goma. Prohíbese a utilización de unións rixidas, salvo que se xustifique mediante un tratamento axeitado a súa impermeabilidade. Os pozos, arquetas e sumidoiros deberán ser estancos e deberán tratarse adecuadamente as superficies que estean en contacto coa auga.

**85.9.** Toda a rede de saneamento e depuración que se proxecte en solo urbano ou urbanizable acometerá a rede municipal. Dita conexión resolverase nun pozo de rexistro. Así mesmo, a conexión ao saneamento das acometidas domiciliarias e dos desaugadoiros de saneamento e depuración farase tamén mediante arquetas de rexistro.

#### **Artigo 86.- EXECUCIÓN DE INSTALACIÓNS INTERIORES**

**86.1.-** As instalacións interiores serán executadas por un instalador autorizado polo organismo que corresponda e cumprirán as normas vixentes no momento da contratación. No inicio da instalación interior do edificio ou propiedade disporase nun lugar accesible, como mínimo, dúas arquetas rexistrables; unha para augas residuais e outra para pluviais.

**86.2.-** O *abonado* do servizo da rede de saneamento estará obrigado a comunicarlle á *prestadora do servizo* calquera modificación que realicen na disposición, ou características das súas instalacións interiores.

**86.3.** Cando a acometida de saneamento non teña acceso, mediante unha arqueta, será obriga do *abonado* a súa execución en caso de ter que proceder á súa limpeza.

#### **Artigo 87.- INSPECCIÓN DA INSTALACIÓN INTERIOR**

A instalación interior executada polo propietario e/ou usuario estará sometida á comprobación do Concello previo informe da *prestadora do servizo* e á superior dos organismos competentes da Administración, cando proceda, co fin de constatar se foi executada segundo as normas e cumprindo as prescricións deste regulamento e demais disposicións aplicables.

Se a instalación interior non se axusta ao indicado no parágrafo anterior, non se permitirá vertedura e adoptaranse as medidas pertinentes.

#### **Artigo 88.- MATERIAIS DA INSTALACIÓN INTERIOR**

Non se imporá ao *abonado* a obriga de adquirir o material para a súa instalación interior nin nos almacéns da *prestadora do servizo* nin noutro determinado, e só se lle esixirá que se axuste ao que dispoñan as normas para as instalacións interiores de saneamento no momento da contratación.

#### **Artigo 89.- PROHIBICIÓNS DE MESTURAR VERTEDEURAS DE DIFERENTES PROCEDENCIAS**

Aínda cando a rede de saneamento e depuración sexa de sistema unitario -deseñado para o transporte das augas



residuais e pluviais conxuntamente- as instalacións interiores executaranse de tal forma que as verteduras se realicen de forma independente ás arquetas respectivas segundo a súa procedencia, é dicir, separando as augas pluviais das augas residuais domésticas ou das augas residuais industriais.

#### **Artigo 90 .- MEDICIÓN DE CAUDAIS**

**90.1.** A medición de caudais de vertedura realizarase como norma xeral de maneira indirecta, en función da cantidade de auga potable utilizada polo usuario, medida en m<sup>3</sup>.

**90.2.** De forma excepcional, cando o *abonado* non dispoña do servizo de abastecemento de auga potable pero si efectúe verteduras á rede municipal de saneamento e depuración, o seu caudal determinarase da forma prevista na ordenanza fiscal correspondente.

#### **Artigo 91 .- GARANTÍA DE ALTURA E CAUDAL**

A *prestadora do servizo* está obrigada a tomar todas as medidas posibles para garantir a vertedura a altura da rasante da vía pola que o inmovible teña a súa entrada. Cando as condicións técnicas da vertedura (altura e/ou caudal) sexan insuficientes para as necesidades desta, o *abonado* deberá realizar pola súa conta as instalacións necesarias para a consecución das ditas condicións, utilizando para iso os sistemas e materiais homologados polos organismos competentes.

#### **Artigo 92 .- CONTROL DE CAUDAIS**

**92.1.** Os caudais punta de vertedura á rede non poderán exceder do quíntuplo (5 veces), nun intervalo de quince (15) minutos ou de dúas veces e media (2,5) nunha hora, do valor medio por día.

**92.2.** Deberá controlarse especialmente o caudal e a calidade do afluente en caso de limpeza ou baleirado dos tanques, peche por vacacións ou circunstancias análogas.

#### **Artigo 93 .- CARÁCTER DA VERTEDEURA**

O carácter do vertedura tipificarase en:

**a) Augas pluviais.-** Augas resultantes da escurrentía de precipitacións atmosféricas ou procedentes de mananciais.

**b) Augas residuais domésticas.-** As que están formadas polos restos líquidos da preparación, cocción e manipulación de alimentos, así como excrementos humanos ou materias similares producidas nas instalacións sanitarias das vivendas ou nas instalacións comerciais, industriais, sanitarias, comunitarias ou públicas.

**c) Augas residuais industriais.-** As que conteñen os restos dos procesos e actividades das instalacións xa mencionadas e que non son augas residuais domésticas.

#### **Artigo 94 .- CONTROL DE CONTAMINACIÓN DE ORIXE**

A regulación da contaminación en orixe, mediante prohibicións ou limitacións nas descargas de verteduras, establécese coas seguintes finalidades:

**1º)** Protexer a conca receptora, eliminando calquera efecto tóxico, crónico ou agudo, tanto para as persoas como para os recursos naturais e preservando a calidade do medio receptor tendo en conta os tipos de depuración.

**2º)** Salvagardar a integridade e seguridade de persoas e instalacións da *prestadora do servizo*.

**3º)** Previr toda anomalía nos procesos de depuración utilizados.

#### **Artigo 95.- VERTEDEURAS PROHIBIDAS**

Segundo o establecido no Anexo I do Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, establécense como verteduras prohibidas as seguintes:

**a)** Materias sólidas ou viscosas en cantidades ou tamaños tales que, por si soas ou por integración con outras, produzan obstrucións ou sedimentos que impidan o correcto funcionamento do sistema ou dificulten os traballos da súa conservación ou mantemento.

**b)** Disolventes ou líquidos orgánicos inmiscibles na auga, combustibles o inflamables.

**c)** Aceites e graxas flotantes sólidas o semisólidas.

**d)** Substancias sólidas potencialmente perigosas.

**e)** Gases ou vapores combustibles ou inflamables, explosivos ou tóxicos ou procedentes de motores de explosión.

**f)** Materias que, por razón da súa natureza, propiedades ou cantidades, por si mesmas ou por integración con outras poidan ocasionar:

**1)** Calquera tipo de molestia pública.

**2)** A formación de mesturas inflamables ou explosivas co aire.

**3)** A creación de atmosferas molestas, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o traballo do persoal encargado da inspección, limpeza, mantemento ou funcionamento do sistema.

**4)** A coloración das augas residuais de tal modo que non se poida eliminar con ningún dos



procesos de tratamento usuais nas estacións depuradoras.

**g)** Materias que, por si mesmas ou a consecuencia de procesos ou reaccións que teñan lugar dentro da rede, teñan ou adquiran calquera propiedade corrosiva capaz de danar ou deteriorar os materiais do sistema ou prexudicar o persoal encargado da súa limpeza ou conservación.

**h)** Residuos de natureza radioactiva.

**i)** Residuos industriais ou comerciais que, polas súas concentracións ou características tóxicas ou perigosas, requiran un tratamento específico ou un control periódico dos seus efectos nocivos potenciais.

**j)** As verteduras que por si mesmas ou a consecuencia de transformacións químicas ou biolóxicas que se poidan producir na rede de saneamento orixinen concentracións de gases nocivos na atmosfera ou na rede de sumidoiros superiores aos seguintes límites:

- Dióxido de carbono: 15000 ppm
- Dióxido de xofre: 5 ppm
- Monóxido de carbono: 25 ppm
- Cloro: 1 ppm
- Ácido Sulfídrico: 10 ppm
- Ácido cianhídrico: 4,5 ppm

**k)** Residuos sanitarios definidos na vixente normativa nesta materia.

**l)** Residuos sólidos ou semisólidos xerados por sistemas de saneamento e depuración.

**m)** Residuos de orixe pecuniaria.

Aplicaranse os límites máis restritivos do PXOM vixente no ámbito de aplicación, establecidos no artigo 9.5.4. (C.2. Art.59)

#### **Artigo 96.- VERTEDURAS LIMITADAS**

Segundo o establecido no Anexo II do Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, establécense como verteduras prohibidas as seguintes:

<b>Parámetro</b>	<b>Valor límite</b>	<b>Unidades</b>
Ph	5,5 - 9	
1,2 Dicloroetano	0,40	mg/l
Aceites e graxas	100,00	mg/l
Aldehídos	2,00	mg/l
Aluminio	10	mg/l
Amoníaco	30,00	mg/l
AOX <a href="#">(1)</a>	2,00	mg/l
Arsénico	1,00	mg/l
Bario	10,00	mg/l
Boro	3,00	mg/l
BTEX <a href="#">(2)</a>	5,00	mg/l
Cadmio	0,10	mg/l
Chumbo	1,00	mg/l
Cianhídrico	10,00	cc/m3 de aire
Cianuro	0,50	mg/l
Cianuro disolto	1,00	mg/l
Cloro	1,00	cc/m3 de aire
Cloruros	2.000,00	mg/l
Cobre	3,00	mg/l
Condutividade eléctrica (25° C)	5.000,00	µS/cm
Color	Inapreciable en dilución 1/30	
Cromo hexavalente	0,5	mg/l
Cromo total	2,00	mg/l
DBO5	500,00	mg/l
DQO	1.000,00	mg/l
Dióxido de xofre	15,00	mg/l
Estaño	3,00	mg/l
Fenois totais	1,00	mg/l
Ferro	10,00	mg/l
Fluoruros	10,00	mg/l
Fosfatos	60,00	mg/l
Fósforo total	40,00	mg/l
Hidrocarburos	15,00	mg/l
Hidrocarburos aromáticos policíclicos	0,20	mg/l

Parámetro	Valor límite	Unidades
Manganeso	5,00	mg/l
Materias inhibidoras	20,00	equitox
Mercurio	0,01	mg/l
Níquel	2,00	mg/l
Nitratos	50,00	mg/l
Nitróxeno amoniacal	30,00	mg/l
Nitróxeno total Kjeldahl	40,00	mg/l
Nonilfenol	1,00	mg/l
Percloroetileno	0,40	mg/l
Pesticidas	0,10	mg/l
Praguicidas totais	0,10	mg/l
Selenio	0,50	mg/l
Sólidos en suspensión	500,00	mg/l
Sulfatos	400,00	mg/l
Sulfhídrico	20,00	cc/m3 de aire
Sulfuros disoltos	0,30	mg/l
Sulfuros totais	1,00	mg/l
Temperatura	30,00	°C
Tensioactivos aniónicos <a href="#">(3)</a>	6,00	mg/l LSS
Triacinas totais	0,30	mg/l
Tributilestaño	0,10	mg/l
Triclorobenceno	0,20	mg/l
Cinc	2,00	mg/l

Aplicaranse os límites máis restritivos do PXOM vixente no ámbito de aplicación, establecidos no artigo 9.5.4. (C.2. Art.59).

#### **Artigo 97.- INSTALACIÓNS DE PRETRATAMENTO**

**97.1.** Cando se esixa unha determinada instalación de pretratamento das verteduras, o *abonado* deberá presentar o proxecto desta para a súa revisión e aprobación previa, sen que se poidan alterar posteriormente as especificacións allí recollidas.

**97.2.** O *abonado* queda obrigado a construír, explotar e manter pola súa conta todas aquelas instalacións de pretratamento que sexan necesarias. Todas as industrias, calquera que sexa a súa actividade, que estean autorizadas para verter, mesmo aquelas que realizan pretratamento, deberán colocar unha reixa de desbase de 50 mm antes da vertedura á rede de saneamento e depuración.

#### **Artigo 98.- SITUACIÓNS DE EMERXENCIA**

**98.1.** Entenderase que existe unha situación de emerxencia ou perigo cando, debido a un accidente nas instalacións do *abonado*, se produza ou exista risco inminente de producirse unha vertedura inusual á rede de saneamento e depuración que sexa potencialmente perigosa para a seguridade física das persoas, instalacións, estación depuradora ou ben para a propia rede.

**98.2.** Ante unha situación de emerxencia ou perigo, o *abonado* deberá comunicar urxentemente á *prestadora do servizo* a situación producida co obxecto de evitar ou reducir ao mínimo os danos que puidesen provocarse, e poñelo en coñecemento do Concello coa maior brevidade posible.

**98.3.** O *abonado* deberá tamén, e coa maior brevidade, usar todas aquelas medidas de que dispoña co fin de conseguir que a cantidade de produtos vertidos sexa a mínima posible e reducir ao máximo a súa perigosidade.

**98.4.** A persoa interesada deberá remitir ao Concello no prazo máximo de corenta e oito horas, un informe detallado do accidente, no que deberán figurar os seguintes datos: identificación da empresa, caudal e materias vertidas, causa do accidente, hora na que se ocasionou, medidas correctoras tomadas *in situ*, hora e forma na que se comunicou o suceso. Cada unha das entidades xestoras poderá recabar do interesado os datos necesarios para a correcta valoración do accidente.

**98.5.** O Concello facilitaralles aos *abonados* un modelo das instrucións a seguir nunha situación de emerxencia ou perigo. Neste modelo figurarán os números de teléfono aos que o *abonado* pode comunicar a emerxencia. En primeiro lugar, aparecerá o número da estación depuradora que recibe o efluente anómalo. No suposto de non poder comunicar coa dita estación, recorrerase aos seguintes teléfonos na orde que se indique. Establecida a pertinente comunicación, o *abonado* deberá indicar o tipo e a cantidade dos produtos que se verteron na rede.

**98.6.** Nas instrucións incluíranse as medidas que o propio *abonado* debe tomar para contrarrestar ou reducir ao mínimo

os efectos nocivos que puidesen producirse. Nestas instrucións particulares de cada *abonado* figurarán os accidentes máis perigosos que poidan producirse en función das características dos seus propios procesos industriais.

**98.7.** As instrucións redactaranse de xeito que sexan facilmente comprensibles e situaranse en todos os puntos estratéxicos e especialmente nos lugares en que os operarios deban actuar para levar a cabo as medidas correctoras.

**98.8.** A necesidade de que un *abonado* dispoña das instrucións de emerxencia quedará fixada na autorización da vertedura á rede ou nunha resolución posterior. Na mesma autorización ou resolución establecerase tamén o texto das instrucións e os lugares mínimos en que debe colocarse. A *prestadora do servizo* poderán inspeccionar en todo momento se se cumpren estas condicións.

#### **Artigo 99 .- INSPECCIÓN E VIXILANCIA**

**99.1.** Co fin de poder realizar o seu cometido -conservación, medida, toma de mostras, exame de verteduras, etc.- e cumprir o establecido neste regulamento, o persoal da *prestadora do servizo* debidamente acreditado terá libre acceso aos locais en que se produzan verteduras á rede de saneamento e depuración. A inspección non poderá, non obstante, investigar os procesos de fabricación, salvo aqueles particulares que teñan unha relación directa co tipo e causa da vertedura na rede ou co seu sistema de tratamento.

**99.2.** A propia inspección poderá tamén acceder a aquelas propiedades privadas sobre as que o Concello manteña algunha servidume de paso de augas co fin de levar a cabo os servizos de inspección, reparación, limpeza e mantemento de calquera parte da instalación da rede que estea situada dentro dos límites da dita servidume. Os propietarios dos predios manterán sempre expedita a entrada aos puntos de acceso á rede de saneamento e depuración.

**99.3.** En todos os actos de inspección, o persoal encargado desta deberá ir provisto e exhibir os documentos que o acrediten para a práctica de tales actos.

**99.4.** O titular da instalación que xera verteduras potencialmente contaminantes, diante do persoal facultativo acreditado pola administración, estará obrigado a:

a) Facilitarlle, sen necesidade de comunicación previa, o acceso a aquelas partes das instalacións que consideren necesarias para o cumprimento da súa misión.

b) Facilitar a montaxe dos equipos ou instrumentos que se precisen para realizar as medidas determinantes, os ensaios e as comprobacións necesarias.

c) Permitir a utilización dos instrumentos que a empresa utilice con fins de autocontrol, en especial os que se empregan para o aforamento de caudais e a toma de mostras, co fin de realizar as análises e comprobacións.

d) Facilitar cantos datos se requiran para o exercicio e cumprimento das funcións de inspección.

**99.5.** O resultado da inspección farase constar na acta, redactada por triplicado e na que se incluírán os datos que seguen:

- A identificación do *abonado*.
- As operacións e controis realizados.
- O resultado das medicións e da toma de mostras.
- Calquera outro feito que as dúas partes consideren oportuno.

Antes de que un *abonado* ou un grupo de *abonados* establezan unha planta de tratamento para non exceder os límites fixados para a vertedura de augas á rede de saneamento e depuración farase unha inspección co fin de autorizar definitivamente as verteduras.

#### **Artigo 100 .- CONTINUIDADE DO SERVIZO**

Salvo causa de forza maior ou avaría nas instalacións públicas, a *prestadora do servizo* ten a obriga de manter permanentemente o servizo, cando non conste o contrario no contrato de servizos de saneamento e depuración, nas condicións indicadas no artigo anterior.

#### **Artigo 101 .- SUSPENSIÓNS TEMPORAIS**

A *prestadora do servizo* poderán suspender previa comunicación ao Concello, ou antes no caso de emerxencia cando:

a) Sexa imprescindible para o mantemento, reparación ou mellora das instalacións ao seu cargo.

b) No suposto de vertedura contaminante que implique un risco inminente para a saúde da poboación ou do funcionamento das instalacións de depuración ou persoal de mantemento do servizo.

### **CAPÍTULO X.-**

#### **CONSUMOS, FACTURACIÓNS E RÉXIME TARIFARIO**

#### **Artigo 102 .- DETERMINACIÓN DOS CONSUMOS FACTURABLES**

**102.1.** A *prestadora do servizo*, consonte este regulamento, sen prexuízo das indemnizacións, dereitos ou accións que a lexislación vixente ampare, non poderá cobrarlles aos *abonados* do servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración por outros conceptos distintos dos especificados nas ordenanzas fiscais e normas reguladoras dos servizos.

**102.2.** Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada *abonado* que servirán de base para a facturación, concretarase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

**102.3.** Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, a facturación do consumo efectuarase consonte ao consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior; de non existir, liquidaranse as facturacións segundo a media aritmética dos seis

meses anteriores.

Naqueles casos nos que non existan datos históricos para poder obter a media á que se alude no antedito parágrafo, os consumos determinaranse baseándose na media que se obteña en función dos consumos coñecidos de períodos precedentes.

#### **Artigo 103.- OBXECTO E PERIODICIDADE DA FACTURACIÓN**

**103.1.** Para os efectos deste regulamento entenderase por sistema tarifario aquel conxunto de conceptos, dos relacionados no artigo anterior que forman o prezo total que o *abonado* debe pagar, en orde á consecución e mantemento do equilibrio económico e financeiro da *prestadora do servizo*.

**103.2.** As cantidades a facturar pola *prestadora do servizo* polos conceptos que procedan en función da modalidade da subministración e dos consumos facturables calcularanse aplicando as tarifas vixentes en cada momento.

**103.3.** Os consumos facturaranse por períodos de subministración vencidos. O primeiro período calcularase desde a data de posta en servizo da instalación.

**103.4.** Os impostos que recaian sobre o prezo final do servizo non constitúen un elemento máis do sistema.

#### **Artigo 104.- TARIFAS**

Os tipos tarifarios de aplicación a cada un dos conceptos que conforman o prezo total que teña que pagar o cliente serán os establecidos en cada momento polo réxime de tarifas que sexa legalmente de aplicación.

O réxime de tarifas poderá variarlo o o Concello despois de efectuar os trámites legais necesarios.

O réxime de tarifas aplicable será o que estea en vigor en cada momento de facturación.

#### **Artigo 105.- RECIBOS**

**105.1.** Os recibos dos importes do Servizo de Abastecemento de Auga Potable prestado confeccionaranse periodicamente, e incluíranse neles os impostos e taxas que poidan corresponder. Confeccionarase un recibo por cada *abonado*, independentemente de que fixeran ou non uso do servizo.

**105.2.** A *prestadora do servizo* especificará nos seus recibos ou facturas a desagregación do sistema tarifario aplicable, fixando claramente todos e cada un dos conceptos de facturación.

Nas facturas ou recibos emitidos deberán constar, ademais, os datos identificativos do *abonado* e domicilio do servizo de subministración de auga potable, saneamento e/ou depuración, lecturas de contador, importe dos servizos e tributos que se repercutan, domicilio e prazo de pagamento, e datos da *prestadora do servizo* a onde dirixirse para solicitar información ou efectuar reclamacións, e outros que a xuízo da Prestadora fosen convenientes para a súa mellor comprensión por parte do *abonado*.

**105.3.** Os impostos, taxas, arbitaxes, dereitos, tributos ou gastos de calquera clase, establecidos ou que poidan establecerse por parte do Estado, Provincia, Municipio ou calquera Administración pública, que graven de algunha maneira, ben o servizo en si, ben a documentación que sexa necesaria para formalizar o contrato de servizos regulados na presente norma, así como calquera outra circunstancia relacionada con estes, serán por conta do *abonado*.

#### **Artigo 106.- COBRO DE SERVIZOS ESPECIFICOS**

**106.1.** Realizaranse servizos específicos en caso de que os *abonados* de abastecemento de auga potable, saneamento e/ou depuración precisen a prestación dun servizo individualizado, diferenciado dos que, en función do presente regulamento ten obriga de prestar a *prestadora do servizo*.

**106.2.** A solicitude deste tipo de servizo deberá presentala o *abonado* ante o Concello, que decidirá sobre a concesión de acordo co informe da *prestadora do servizo*. Logo de aceptados e asumidos os custos dos servizos concertados, poderán repercutirse nos recibos de consumo con carácter xeral para todos os *abonados beneficiados*.

#### **Artigo 107.- DEREITOS DE ACOMETIDA E CONTRATACIÓN**

A *prestadora do servizo* poderá cobrar os dereitos de acometida e cota de contratación nunha cantidade fixa que deben pagar os solicitantes da acometida para a súa execución, e que constitúen conceptos independentes dos ingresos periódicos do abastecemento de auga, saneamento e depuración.

#### **Artigo 108.- FORMA DE PAGAMENTO DOS RECIBOS**

**108.1.** O *abonado* poderá efectuar o pagamento dos importes facturados pola *prestadora do servizo*, por calquera concepto, en caixas de aforros, entidades de crédito ou outros establecementos ou oficinas autorizadas pola *prestadora do servizo*, ou ben a través da conta do *abonado* na entidade bancaria ou caixa de aforros que para o efecto sinale.

**108.2.** O aboamento dos recibos periódicos do servizo efectuarase preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria.

#### **Artigo 109.- VÍA DE CONSTRINXIMENTO**

Os recibos impagados, unha vez transcorrido o prazo de pagamento voluntario, serán obxecto de constrinximento, tal como dispón a lexislación tributaria que resulte de aplicación.

A Tesourería municipal será o órgano competente para constrinxir as liquidacións e recibos non satisfeitos en período voluntario.

#### **Artigo 110 .- RECLAMACIÓNS**

**110.1.** O *abonado* poderá obter da *prestadora do servizo* calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobramentos e tarifas aplicadas e, en xeral, sobre toda cuestión relacionada cos servizos aquí regulados que se xerese no período dun ano anterior á data de presentación do pedimento correspondente.

**110.2.** Cando o *abonado* presente unha reclamación para a devolución de ingresos que considere indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos que reclama e os fundamentos da reclamación e achegará, con esta, os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que para o caso corresponda.

A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez se comprobe o erro de facturación, de medida, ou calquera outra causa que o provoque.

**110.3.** A *prestadora do servizo* deberá levar un Libro de Reclamacións, debidamente dilixenciado polo Concello, que estará a disposición dos *abonados*.

**110.4.** As reclamacións que se formulen por danos e perdas causados pola *prestadora do servizo* rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a súa natureza e o seu carácter contractual ou extracontractual.

#### **Artigo 111 .- CONSUMOS PÚBLICOS**

Os consumos para usos públicos (edificios, xardíns, fontes, baldeos de rúas, etc.) dependentes do Concello, serán medidos por contador, ou, se é o caso, aforados coa maior exactitude posible.

### **CAPÍTULO XI**

#### **FRAUDES E LIQUIDACIÓN DA FRAUDE.**

#### **Artigo 112 .- INSPECCIÓN DA UTILIZACIÓN**

**112.1.** A *prestadora do servizo* está autorizada a vixiar as condicións e forma en que os *abonados* utilizan o servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración.

**112.2.** A actuación do persoal inspector acreditado pola *prestadora* reflectirase nun documento que adoptará unha forma de acta, e no que quedarán reflectidos o nome e domicilio do servizo do *abonado* inspeccionado, día e hora da inspección, e os feitos contrastados.

Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregaráselle ao *abonado* ou á persoa que o represente.

**112.3.** As persoas inspectoras deberán convidar ao *abonado*, persoal dependente deste, ou calquera outra persoa a que presencie a inspección a asinara acta. O *abonado* poderá facer constar, coa súa sinatura, as manifestacións que estime oportunas. A negativa a facelo non lle afectará á tramitación e conclusións que se establezan posteriormente. O *abonado* poderá dirixirse, posteriormente, á *prestadora do servizo*, aínda que dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas.

**112.4.** Cando o persoal da *prestadora do servizo* encontre derivacións nas súas redes con utilización sen convenio ningún, é dicir, realizadas clandestinamente, o persoal da *prestadora do servizo* poderá efectuar o corte inmediato da subministración en tales derivacións.

#### **Artigo 113.- FRAUDES NA SUBMINISTRACIÓN DE ABASTECIMENTO DE AGUA**

A *prestadora do servizo* formulará a liquidación da fraude. Distinguiranse, para os efectos da consideración e as responsabilidades da fraude, os seguintes casos:

- a) Utilizar auga do servizo sen subscribir contrato de aboamento.
- b) Executar acometidas sen cumprir previamente os requisitos previstos neste regulamento.
- c) Falsear a declaración de uso da subministración, inducendo á *prestadora* a facturar menor cantidade da que deba satisfacer pola subministración.
- d) Modificar ou ampliar os usos a que se destina a auga, especificados no contrato de subministración.
- e) Levantar os contadores instalados sen autorización da *prestadora*; romper os precintos, o cristal ou a esfera destes; desnivelalos, interrompelos ou paralos e, en xeral, toda acción que tenda a desfigurar a indicación destes aparellos e a prexudicar, polo tanto, os intereses do servizo.
- f) Establecer ou permitir ramais, derivacións ou enxertos que poidan traer consigo o uso fraudulento da auga por parte da persoa interesada ou por terceiros.
- g) Introducir modificacións ou realizar ampliacións na instalación, sen previa autorización.
- h) Revender a auga obtida do servizo por contrato de subministración ou subministrar auga a vivendas que carezan do servizo aínda que non constituía revenda.

#### **Artigo 114 .- ACTUACIÓN POR FRAUDE NO ABASTECIMENTO DE AUGA**

**114.1.** A *prestadora do servizo*, á vista da acta redactada, requirirá á persoa propietaria da instalación para que corrixa as deficiencias observadas nela, co apercebimento de que de non levalo a efecto no prazo de dez días hábiles, aplicarase o procedemento de suspensión de corte.

**114.2.** Cando o persoal da *prestadora do servizo* encontre derivacións nas súas redes con utilización de subministración sen convenio ningún de subministración, é dicir, realizadas clandestinamente, poderá efectuar o corte inmediato da subministración en tales derivacións.

#### **Artigo 115.- LIQUIDACIÓN DA FRAUDE**

**115.1.** A *prestadora do servizo* formulará a liquidación da fraude, considerando como tal os seguintes casos:

- a) Que non existise contrato ningún para a subministración de auga.
- b) Que, por calquera procedemento, fose manipulado ou alterado o rexistro do contador ou equipo de medida.
- c) Que se realizasen derivacións de caudal, permanentes ou circunstanciais, antes dos equipos de medida.
- d) Que se utilice a auga potable para usos distintos dos contratados, afectándolle á facturación dos consumos segundo a tarifa que se lle aplique.

**115.2.** A *prestadora do servizo* practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

**1.-** Formularase unha liquidación por fraude, que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente lle correspondese ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de tres horas diarias de utilización ininterrompidas e durante o prazo que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das anteditas instalacións e o momento no que teña reparado a existencia da fraude detectada.

**2.-** De falseárense as indicacións do contador ou aparello de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal deste, tomarase como base para a liquidación da contía da fraude a capacidade de medida do nominal. Neste caso, computarase o tempo a considerar en tres horas diarias desde a data da última verificación oficial do contador, descontando os consumos que durante ese período de tempo fosen aboados polo autor ou autora da fraude.

**3.-** Se a fraude se efectuase derivando o caudal antes do aparello contador, liquidarase coma no caso primeiro, de non existir contrato de subministración, e sen facerse desconto pola auga medida polo contador.

**4.-** Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase a favor da *prestadora do servizo*, aplicándolle ao consumo a diferenza existente entre a tarifa que en cada período lle correspondese ao uso real que se lle está dando á auga, e as que, en dito período, se aplicaron baseándose no uso contratado.

**115.3.** En todos os casos, o importe da fraude deducida consonte aos preceptos establecidos nos devanditos parágrafos estará suxeito aos impostos que lle fosen repercutibles.

**115.4.** As liquidacións que formule a *prestadora do servizo*, notificaránselles ás persoas interesadas e, contra aquelas, poderán formular reclamacións ante o organismo en materia de consumo, no prazo de quince días a contar desde a notificación de dita liquidación, sen prexuízo das demais accións de que se consideren asistidos.

**115.5.** As reclamacións dos *abonados* non paralizarán o pagamento das facturacións ou liquidacións obxecto destas; non obstante, cando a reclamación se formule por disconformidade coa contía facturada polo servizo, o *abonado* terá dereito a que non se lle cobre o exceso sobre a facturación inmediatamente anterior. Unha vez resolta a reclamación, a *prestadora do servizo*, en base á cantidade satisfeita polo *abonado*, realizará a correspondente liquidación.

#### **Artigo 116.- FRAUDES NO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

A *prestadora do servizo* considerará como fraude as seguintes situacións.

- a) Que non exista contrato para a vertedura existindo conexión á rede de saneamento e/ou depuración.
- b) Que, por calquera procedemento, se manipule ou altere o rexistro do aparello de medida.
- c) Que se realicen derivacións de caudal, permanente ou circunstancialmente, antes dos equipos de medida.
- d) Que se efectúen verteduras distintas das contratadas e que afecten á facturación segundo a tarifa que se lle aplique.

#### **Artigo 117.- ACTUACIÓN POR FRAUDE**

**117.1** A *prestadora do servizo*, á vista da información, requirirá ao *abonado* para que corrixa as deficiencias observadas, apercibíndoo de que, de non facelo no prazo de tres días hábiles a partir do seguinte á notificación, aplicaráselle o procedemento de suspensión establecido neste regulamento.

**117.2.** Cando o persoal da *prestadora do servizo* encontre derivacións nas súas redes con verteduras sen contrato ningún, é dicir, realizadas clandestinamente, esta poderá suspender inmediatamente o servizo.

#### **Artigo 118.- LIQUIDACIÓN POR FRAUDE NO SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

A *prestadora do servizo* formulará a correspondente liquidación por fraude, segundo os casos, da seguinte forma:

En caso de estimación directa:

**1.-** Se non existe contrato para a vertedura:

a) Se existe contrato de abastecemento de auga, formularase a liquidación do período en que se produciu a fraude polo caudal estimado de maneira indirecta.

b) Se non existe contrato de abastecemento de auga, formularase unha liquidación por un caudal estimado a partir dos seguintes valores:

\* *abonado doméstico*: 40 m<sup>3</sup>/mes

\* *abonado industrial*: en función da estimación realizada polo regulamento do canon de saneamento da Xunta de Galicia.

O período de tempo para calcular os caudais estimados será o que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas e o momento en que se corrix a existencia da fraude detectada, sen que poida estenderse en total máis de catro anos.

2.- Se se efectúan verteduras distintas das contratadas de xeito que se vexa afectada a facturación porque corresponden a outra tarifa, a liquidación practicarase aplicándolle á cantidade de auga a diferenza existente entre as dúas tarifas. O período de liquidación non poderá exceder dun ano. En todos os casos, o importe da fraude deducida, de acordo co establecido nos parágrafos anteriores, estará suxeito aos impostos correspondentes que deben consignarse nas liquidacións. As liquidacións que formule a *prestadora do servizo* serán notificadas aos *abonados* que, contra estas, poderán formular reclamacións ante o organismo competente no prazo de quince días a contar desde a notificación e sen prexuízo das demais accións que consideren oportunas.

## CAPÍTULO XII

### INFRACCIÓNS, SANCIÓN E MEDIDAS CORRECTORAS

#### Artigo 119.- Responsabilidade e infraccións

**119.1.** As accións e omisións que contraveñan o establecido neste Regulamento xerarán responsabilidade administrativa, sen prexuízo da civil ou penal que, de ser o caso, puidese ser esixible.

**119.2.** As accións ou omisións que provocasen, directa ou indirectamente, afección á calidade das augas no dominio público hidráulico ou no dominio público marítimo-terrestre serán constitutivas das infraccións que para o efecto prevé a lexislación vixente en materia de augas, e serán sancionadas polos órganos administrativos que teñan atribuídas tales competencias.

**119.3.** Para a fixación da correspondente responsabilidade, teranse en conta as seguintes regras:

- a) Cando existan varios responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un deles na comisión da infracción, a responsabilidade esixirase solidariamente.
- b) Cando os danos se produzan pola realización de diversas actividades efectuadas por distintos usuarios, poderase imputar individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos, sempre que fose posible coñecer o grao de implicación de cada unha.
- c) Cando se trate de obrigas de carácter colectivo, tales como limpeza, mantemento e conservación de instalacións comúns, a responsabilidade esixiráselle á correspondente comunidade se a houbese e, se non, esixirase solidariamente.

**119.4.** As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

**119.5.** Considéranse infraccións **LEVES**:

- a) O vertido á rede de saneamento de titularidade municipal de augas residuais de natureza doméstica ou asimilable a doméstica sen contar coa licenza de acometida, cando esta sexa necesaria, ou sen respectar as características das acometidas sinaladas no anexo I
- b) A construción e modificación de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede, ou instalacións anexas a esta, mesmo sendo de propiedade particular, sen ter a licenza de acometida, ou sen axustarse ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás características técnicas esixidas neste Regulamento.
- c) A utilización de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares) non autorizados, o incumprimento das correspondentes obrigas de limpeza e mantemento destes, o non envío a un xestor autorizado do produto resultante das operacións de limpeza ou a conexión a estes sistemas de augas non permitidas no Regulamento sempre que non produza unha afección ao medio receptor, caso en que terán a consideración de infraccións graves.
- d) A non conexión ao sistema de saneamento por parte dos usuarios obrigados a iso, e sempre que non se produza unha clara afección ao medio receptor por parte dos sistemas autónomos empregados, ou ben por xerar escurduradas de augas residuais en terreos públicos ou privados, casos en que terá a consideración de grave.
- e) A dilución e o vertido de augas brancas, agás que se trate dun volume desproporcionado ou que resulte rendible polo beneficio obtido acadar os límites de vertido por dilución, caso en que terá a consideración de grave.
- f) A falta de información á entidade xestora do aumento do volume do caudal de vertido en máis dun 10%.
- g) O incumprimento das condicións establecidas no permiso de vertido, sempre que non se lles causen danos ás instalacións de saneamento municipal, ou ben cando estes danos non superen os 12.000 euros.
- h) As accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal que non superen os 12.000 euros.
- i) No caso de existir unha sección de control, a modificación das súas características ou dimensións, ou a manipulación ou desprecintado dos equipamentos por persoal alleo ao Concello.
- j) O incumprimento do plan de autocontrol cando así sexa esixido no permiso de vertido.
- k) A desobediencia aos requirimentos do Concello en relación coa adecuación de vertidos ou instalacións ás condicións regulamentarias, e tamén en relación coa remisión de datos e informacións sobre as características do efluente, das actividades ou procesos que o xeran, ou das instalacións de tratamento previo.
- l) O vertido das augas residuais, ou de calquera outro tipo de residuo, mediante sistemas non canalizados (camións cisterna ou doutro tipo) á rede municipal de saneamento, sempre que se trate de vertidos procedentes de actividades domésticas ou asimilables e non estean autorizadas.
- m) Incumprimento de calquera prohibición establecida neste Regulamento ou a omisión dos actos a que obriga, sempre que non estean considerados como infraccións graves ou moi graves.

**119.6.** Considéranse infraccións **GRAVES**:

- a) Calquera conduta indicada no punto 5 da que deriven danos para o dominio público municipal ou perdas su-



periores a 12.000 euros.

- b) A obstrución ao labor inspector do Concello no acceso ás instalacións ou a negativa a facilitar a información requirida.
- c) A realización de vertidos das substancias prohibidas relacionadas no artigo 95 deste Regulamento.
- d) O vertido á rede de saneamento de titularidade municipal de augas residuais de natureza distinta á doméstica sen contar co permiso de vertido correspondente ou con el caducado, revogado ou suspendido.
- e) O vertido á rede de saneamento de titularidade municipal de augas residuais de natureza distinta á doméstica con superación dos valores esixidos nos artigos 95 e 96 do presente regulamento ou con vulneración dos esixidos no permiso de vertidos.
- f) O vertido de augas residuais sen tratamento previo, cando estas o requiran, ou sen respectar as limitacións especificadas neste Regulamento.
- g) A non comunicación de circunstancias que comporten unha revisión do permiso de vertido.
- h) A ocultación ou falseamento de datos esixidos na solicitude de vertido, e determinantes para o outorgamento do permiso de vertido e/ou licenza de acometida.
- i) A falta de comunicación das situacións de fugas, avarías, perdas, emerxencia ou perigo que lles poidan afectar ás instalacións de saneamento municipal ou causar contaminación ou perigo en bens públicos ou privados, así como o incumprimento das ordes do Concello derivadas de tales situacións de perigo ou emerxencia.
- j) A non existencia das instalacións e equipamentos necesarios para a realización dos controis requiridos, ou mantelos en condicións non operativas.
- k) A resistencia ou demora na instalación de elementos correctores que fosen esixidos para o cumprimento deste Regulamento.
- l) A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións prohibidos ou clausurados.
- m) A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións non autorizadas, ou diferentes dos aprobados para o permiso de vertido, así coma o desprecintado, anulación ou manipulación dos que fosen colocados polo Concello.
- n) O vertido das augas residuais, ou de calquera outro tipo de residuo, mediante sistemas non canalizados (camións cisterna, ou doutro tipo) á rede municipal de saneamento, sempre que se trate de vertidos procedentes de actividades non domésticas ou asimilables.

#### 119.7. Considéranse infraccións **MOI GRAVES**:

- a) Calquera conduta indicada no punto 6 da que deriven danos ao dominio público municipal ou perdas superiores a 50.000 euros.
  -
- b) As infraccións cualificadas como graves no punto 6 que, por cantidade ou contaminación de vertido, supoñan a existencia dun risco moi grave para a saúde das persoas, os recursos naturais ou o medio ambiente.
  -
- c) O falseamento e/ou a ocultación de datos para a obtención do correspondente permiso de vertido e/ou licenza de acometida se fose susceptible de producir risco para a saúde ou a seguridade das persoas, para os bens do dominio público que conforman o Servizo Municipal de Saneamento ou para o medio natural receptor final do efluente.
  -
- d) O incumprimento das ordes de suspensión de vertidos non permitidos.
  -
- e) Evacuación de vertidos prohibidos neste Regulamento ou en condicións diferentes das permitidas, sen autorización administrativa expresa.

#### Artigo 120.- Sancións

120.1. As infraccións poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:

- a) Multa.
- b) Suspensión temporal do permiso de vertido.
- c) Suspensión definitiva, total ou parcial, do permiso de vertido.
- d) Peche de instalacións de vertido.
- e) Prohibición de utilización de instalacións.

120.2. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas coas seguintes multas:

- a) Infraccións leves: multa de ata 15.000 euros.
- b) Infraccións graves: multa dende 15.001 euros ata 60.000 euros.
- c) Infraccións moi graves: multa dende 60.001 euros ata 100.000 euros.

120.3. As sancións graduaranse en función da reincidencia do infractor, da intencionalidade, do beneficio obtido, da afección producida ao sistema de saneamento ou á calidade do medio receptor e do dano ocasionado ao interese xe-

ral. En todo caso, para a graduación das sancións terase en conta, ademais dos criterios relacionados, o principio de proporcionalidade consagrado no artigo 131.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

#### **Artigo 121.- Criterios para a graduación de infraccións e sancións**

**121.1.** Para a determinación da maior ou menor gravidade das infraccións definidas nos artigos anteriores, así como da sanción que se deberá impor, teranse en conta os seguintes criterios, sen prexuízo dos xa previstos na normativa xeral sobre procedemento administrativo sancionador:

- a. A afección producida aos bens de dominio público que forman parte do Servizo Municipal de Saneamento ou a outros bens de titularidade municipal.
- b. A afección producida polo efluente na calidade do medio receptor.
- c. A súa transcendencia na seguridade das persoas e bens.
- d. A existencia de dolo.
- e. As circunstancias do responsable, o seu grao de participación e a cuantificación do beneficio obtido, de ser o caso.
- f. A reincidencia, pola comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fora declarada por resolución firme.

**121.2.** Considerarase atenuante que a persoa infractora exprese o seu arrepentimento espontáneo e voluntario, cando este se manifeste no recoñecemento dos feitos e na dilixente adopción de medidas correctoras para mitigar o dano en principio causado, tendo en conta igualmente os criterios recollidos no punto anterior.

**121.3.** Será agravante que na conduta da persoa infractora se aprecie unha especial vontade ou actitude tendente a agravar o dano inicialmente causado, ou que da falta de colaboración ou axuda para a súa reparación ou mitigación se orixine un dano maior do inicialmente previsto.

**121.4.** Na imposición da sanción terase en conta, en todo caso, que a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

#### **Artigo 122.- Prescrición**

**122.1.** As infraccións reguladas neste capítulo prescribirán nos prazos seguintes:

- a) Un ano no caso de infraccións leves.
- b) Tres anos no caso de infraccións graves.
- c) Cinco anos no caso de infraccións moi graves.

O prazo contarase dende a comisión do feito ou dende a detección do dano, se este non fose inmediato.

**122.2.** As sancións á que se refire este capítulo prescribirán nos prazos seguintes:

- a) As sancións impostas por infraccións leves prescribirán ao ano.
- b) As sancións impostas por infraccións graves prescribirán aos dous anos.
- c) As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos.

O prazo de prescrición comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución en vía administrativa pola que se impón a sanción.

#### **Artigo 123.- Potestade sancionadora: órganos competentes, procedemento, medidas cautelares e publicidade**

**123.1.** A facultade de instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións a este Regulamento compéte-lle á Xunta de Goberno Local ou, de ser o caso, ao órgano que teña delegada por esta a competencia, logo da instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedemento regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**123.2.** A Xunta de Goberno Local será competente, en todo caso, para a sanción de infraccións moi graves.

**123.3.** O prazo máximo para a tramitación e resolución do procedemento sancionador será dun ano, contado dende a data do seu inicio. Esgotado o dito prazo, producirase a caducidade do procedemento.

**123.4.** Mediante acordo motivado, poderanse adoptar en calquera momento do procedemento medidas preventivas dirixidas a asegurar a eficacia da resolución final que se puidese ditar, o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción, a esixencia dos intereses xerais... Estas medidas consistirán fundamentalmente en:

- a) Suspensión temporal de actividades, ou permisos, autorizacións ou licenzas.
- b) Establecemento de fianzas que garantan tanto o cobramento da sanción que poida recaer como a reparación ou reposición dos bens danados.
- c) Suspensión provisional dos traballos de execución de obras ou instalacións que contradigan as disposicións deste Regulamento ou sexan indebidamente realizados.
- d) Requirir ao usuario para que, no prazo que se lle indique, introduza as medidas técnicas necesarias que garantan o cumprimento das prescricións deste Regulamento.
- e) Ordenarlle ao usuario que, no prazo que se lle fixe, introduza nas obras ou instalacións realizadas as rectificacións precisas para axustalas ás condicións do permiso de vertido ou ás disposicións deste Regulamento.
- f) Ordenarlle ao usuario que, no prazo que se lle indique, proceda á reparación e reposición das obras e instalacións ao seu estado anterior e á demolición das que foran indebidamente construídas ou instaladas.
- g) Impedir os usos indebidos das instalacións para as cales non se obtivese permiso, ou cando non se axusten ao seu contido ou ás disposicións deste Regulamento.
- h) Clausura ou precintado das instalacións de vertido, en caso de que non sexa posible técnica ou economicamente evitar o dano mediante as oportunas medidas correctoras.

i) Calquera outra medida de corrección, control ou seguridade que impida a extensión do dano.

**123.5.** Igualmente, e con carácter excepcional, previamente á incoación do expediente sancionador, con audiencia da persoa interesada e mediante resolución motivada, o órgano competente para o exercicio da potestade sancionadora ou aquel ao que lle corresponda a función inspectora poderá adoptar e imporlle á persoa presuntamente responsable de calquera dos feitos tipificados como infraccións por esta lei, medidas cautelares, cuxa asunción inmediata sexa necesaria para evitar o mantemento dos danos que puidesen estar sendo ocasionados ou para mitigalos. Estas medidas poderán consistir na paralización da actividade ou obras.

**123.6.** En caso de que as medidas cautelares sexan adoptadas por aquel ao que lle corresponda a función inspectora, estas medidas deberán ser ratificadas polo órgano competente para exercer a potestade sancionadora no prazo máximo de catro días naturais.

**123.7.** O órgano que exerza a potestade sancionadora publicará no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal aquelas sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves, así coma os nomes, apelidos ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables, unha vez que ditas sancións adquiren o carácter de firmes.

#### **Artigo 124.- Reparación do dano causado, obriga de restauración, multas coercitivas e execución subsidiaria**

**124.1.** Con independencia das sancións que se impoñan, esixiráselles ás persoas infractoras a reparación dos danos e perdas ocasionados aos bens de dominio público municipal e patrimonial, así como a reposición das cousas ao seu estado anterior na forma e nos prazos que determine o órgano que exerza a potestade sancionadora, e cando iso non sexa posible fixaranse as indemnizacións que procedan.

**124.2.** A esixencia de repor as cousas ao seu estado primitivo obrigará á persoa infractora a destruír ou demoler toda clase de instalacións ou obras ilegais e a executar cantos traballos sexan precisos para tal fin, de acordo cos planos, forma e condicións que fixe o órgano competente.

**124.3.** Naqueles supostos en que se aprecie forza maior ou caso fortuíto e non exista unha infracción administrativa, pero nos que se produza un dano ás instalacións de dominio público que compoñen o Servizo Municipal de Saneamento, ou ao medio natural receptor, a persoa causante do dano terá a obriga de repoñer as cousas ao seu estado primitivo, o que se concretará na retirada dos obxectos, materiais ou elementos, así como na reparación dos bens de dominio público afectado. Esta obriga de repor en ningún caso terá a consideración de sanción.

**124.4.** A esixencia destas medidas reparadoras ou restauradoras, que inclúen as posibles indemnizacións por danos e perdas, poderase facer no propio procedemento sancionador ou, de ser o caso, tramitarse noutro complementario.

**124.5.** Se a persoa infractora ou causante do dano non executa as accións necesarias para proceder á reposición ou restauración na forma e prazos sinalados no oportuno requirimento, poderase acordar a execución subsidiaria por conta do infractor e pola súa conta logo do apercibimento e establecemento dun prazo para a execución voluntaria, ou ben a imposición de multas coercitivas. Non será necesario o apercibimento previo na execución subsidiaria cando da persistencia da situación puidese derivar un perigo inminente para a saúde humana ou o medio ambiente.

**124.6.** As multas coercitivas serán sucesivas e reiterables, ata conseguir a execución do ordenado. A contía destas multas será por un importe igual ou inferior, en cada caso, ao 10% do custo da reparación ou da cantidade correspondente á infracción cometida. A contía de cada unha das multas coercitivas non superará o importe da sanción fixada pola infracción cometida.

**124.7.** A obriga de repor as cousas ao seu estado primitivo ou de reparar os danos causados ao dominio público prescribirá nun prazo de quince anos.

**124.8.** Comunicaráselles ás autoridades autonómicas competentes en materia de saneamento e depuración a relación de sancións graves e moi graves impostas.

#### **Artigo 125.- Valoración de danos**

**125.1.** Cando os bens alterados non se poidan restablecer ao seu estado anterior, o infractor deberá indemnizar os danos e perdas ocasionados. A valoración destes danos e perdas será realizada polo Concello.

**125.2.** A valoración dos danos ás obras hidráulicas, para os efectos de aplicación do réxime sancionador a que se refire este capítulo, determinarase en función dos gastos de explotación e, de ser o caso, de reposición daquelas.

**125.3.** Os danos ás obras hidráulicas que conforman os sistemas de saneamento calcularanse en euros/día, como resultado da ponderación do custo diario de explotacións das instalacións públicas afectadas en relación co caudal e carga contaminante do vertido de que se trate.

**125.4.** Os servizos competentes do Concello determinarán, de acordo cos orzamentos aprobados para o efecto e as correspondentes certificacións, os gastos de explotación repercutibles ao responsable do vertido de que se trate.

**125.5.** A valoración de danos, que servirá de base para a cualificación da infracción e, se é o caso, da indemnización que se deba impor, resultará do cálculo a que se refire o punto 3, multiplicado polo número de días que se considere que o vertido se mantivo en situación irregular.

**125.6.** Para os efectos do disposto no punto anterior, computaranse os gastos correspondentes a todo o período no que a instalación pública de saneamento ou de depuración de augas residuais quedase afectada polo vertido irregular, aínda que esta fose de carácter puntual. En calquera caso, para os efectos do recollido neste artigo, considerarase que calquera vertido irregular se mantén durante, polo menos, un día.

**125.7.** Nos supostos de vertidos que non dispoñan de tratamento e que deriven dunha actividade non ocasional, presúmase, salvo proba en contrario, que a calidade deles se mantén indefinidamente.

**125.8.** Así mesmo, suporase o mantemento da contaminación do vertido durante o período que medie entre dúas ou

máis tomas de mostras consecutivas, cuxos resultados mostren incumprimentos da normativa vixente ou dos límites impostos no correspondente permiso, mesmo a data da toma da mostra seguinte na que a calidade do vertido cumpra a dita normativa ou cos límites impostos no xa citado permiso.

**125.9.** A valoración de danos deberá notificarse ao presunto infractor de forma simultánea co prego de cargos que se dite no correspondente expediente sancionador.

## **CAPÍTULO XIII**

### **COMPETENCIA E RECURSOS.**

#### **Artigo 126 .- COMPETENCIA DO SERVIZO MUNICIPAL**

O xefe de servizo da *prestadora* deste en Ames terá as facultades que lle concede o presente regulamento e as que en uso das súas atribucións expresamente lle conceda a Alcaldía, a quen deberá dar conta das súas resolucións.

#### **Artigo 127 .- RECURSOS ADMINISTRATIVOS DE REPOSICIÓN**

**127.1.** Contra as decisións adoptadas polo xefe de servizo da prestadora deste en Ames, que en ningún caso terán a consideración de actos administrativos, poderá reclamarse ante a Alcaldía, cuxa resolución causará estado podendo interpoñerse contra esta recurso administrativo de reposición.

**127.2.** O dito recurso deberá presentarse no prazo dun mes contado desde a notificación ou publicación do acto que se trata de impugnar e entenderase desestimado transcorrido un mes desde a súa interposición sen que se lle notifique ao recorrente a resolución deste.

#### **Artigo 128 .- RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO**

**128.** Contra o obxecto do recurso de reposición, contra a resolución deste ou contra ambos á vez poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano e nos prazos previstos na lei reguladora de dita xurisdición.

## **CAPÍTULO XIV-**

### **DO REGULAMENTO.**

#### **Artigo 129.- OBRIGATORIEDADE DO SEU CUMPRIMENTO**

Os abonados e a *prestadora do servizo* quedan obrigados a cumprir todas as cláusulas e condicións do presente regulamento.

#### **Artigo 130.- MODIFICACIÓNS AO REGULAMENTO**

O Concello poderá en todo momento modificar de oficio o presente regulamento, polos mesmos trámites seguidos para a súa aprobación, e previo o informe da *prestadora do servizo*, se fose o caso.

#### **Artigo 131.- INTERPRETACIÓN DO REGULAMENTO**

As dúbidas ás que poida dar lugar a aplicación do presente regulamento serán interpretadas polo Concello en primeira instancia, e, se é o caso, polos organismos competentes con plena potestade para tal fin. No suposto de interpretación por parte do Concello, esta facultade corresponderalle á Alcaldía, previo ditame da comisión informativa correspondente por razón da materia.

#### **Artigo 132.- VIXENCIA DO REGULAMENTO**

O presente regulamento entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial na Provincia da Coruña e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento non empezará a aplicarse antes da expiración da actual prórroga coa concesionaria Espina e Delfín S.A que remata o 2 de setembro de 2014.

---

## **ANEXO I**

### **CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA ACOMETIDA**

---

O deseño e construción das acometidas deberase axustar ás seguintes características técnicas mínimas, que poderán ser complementadas polas condicións técnicas que dispoña o Concello de Ames en cada caso en atención ás características peculiares das instalacións.

- 1.- Cada inmovible disporá de dúas únicas acometidas á rede xeral, unha para as augas residuais e outra para a recollida das augas pluviais.
- 2.- Como norma xeral, a acometida deberase realizar a un pozo de rexistro da rede e pola parte superior.
- 3.- A acometida realizarase por medio de canalización de PVC con diámetro interior conforme a o CTE, nunca menor de Ø 160 mm, con unión de xunta elástica, e cumprirá coa Norma UNE-EN 1401. Os tubos apoiaranse en toda a súa lonxitude sobre un leito de material granular (area/grava). Compactaranse os laterais e deixaranse ao descuberto as

unións ata realizarse as probas de estanquidade. O recheo realizarase por capas de 10 cm, compactando, ata 30 cm. Dende o nivel superior en que se realizará o último vertido e a compactación final.

4.- A pendente mínima das conducións que formen parte da acometida será do 2%, salvo casos especiais debidamente xustificadas e autorizadas.

5.- As instalacións hoteleiras, talleres, grandes bloques de apartamentos e outros edificios singulares, estacións de servizo, talleres de automóviles, garaxes, grandes centros de alimentación e/ou elaboración de comidas e procesamento de alimentos e, en xeral, naqueles establecementos en que se desenvolvan actividades susceptibles de xerar aceites e graxas deberán, antes da acometida e no interior da propiedade, construír un separador de graxas e sólidos, cuxo dimensionado se xustificará axeitadamente segundo as normas técnicas establecidas.

6.- A acometida de augas residuais deberá ter un dispositivo sifónico que evite o paso de malos cheiros, deseñado de acordo co documento básico HS do Código técnico da edificación, que irá situado nunha arqueta previa á sección de control. O conduto de saída das augas irá provisto dun cóbado de 90°, dispoñendo dun cerramento hidráulico de polo menos 50 mm.

7.- No caso de establecementos que vertan augas residuais de carácter non doméstico, a arqueta de rexistro deberá estar situada no exterior do inmovible.

A dita arqueta deberá dispor, cando o permiso de vertido así o estableza, dun elemento de medida homologado cun rexistro totalizador para a determinación exacta do efluente vertido.

A arqueta de rexistro deberá ser dun tamaño axeitado á tubaxe, permitindo o seu rexistro e limpeza, e cunhas dimensións interiores non inferiores a 50 x 50 x 50 cm.

8.- A arqueta de rexistro correspondente á acometida de augas pluviais deberá dispor dun areeiro, accesible en todos os casos e sempre dende o propio local onde se atope instalado, construída con fábrica de ladrillo macizo, formigón *in situ*, formigón prefabricado ou materiais plásticos. Apoiaranse sobre unha soleira de formigón H-20 de 10 cm de grosor e cubriranse cunha tapa de formigón prefabricado de 5 cm de grosor, de fundición dúctil ou de calquera outro material aprobado polo Concello.

9.- Todos os usuarios deberán dispor dunha sección de control (individual ou colectiva) na acometida, a cal virá definida na súa licenza de acometida ou no seu respectivo permiso de vertido, que se construírá tendo en conta as seguintes características técnicas:

a) Disporase dunha sección de control para cada tipo de vertido de auga autorizada, que deberá reunir as características necesarias para poder obter mostras representativas dos vertidos.

b) A sección de control deberá ser dun tamaño axeitado aos condutos empregados e cunhas dimensións axeitadas para o seu respectivo rexistro e limpeza. Deberá permitir, de ser o caso, a instalación de equipamentos de medida. Deberá ser construída con fábrica de ladrillo macizo, formigón *in situ*, formigón prefabricado ou materiais plásticos. Apoiaranse sobre unha soleira de formigón H-20 de 10 cm de grosor e cubriranse cunha tapa de formigón prefabricado de 5 cm de grosor, de fundición dúctil ou de calquera outro material aprobado polo Concello.

c) Diferéncianse dous tipos principais de sección de control: a sección de control de usuarios domésticos (tipo I) e a sección de control de usuarios non domésticos (tipo II).

d) A sección de control tipo I deberá estar situada preferentemente nunha zona privada común e con libre acceso ao persoal de inspección. Esta sección terá unhas dimensións mínimas de 50 x 50 x 50 cm se é de sección cadrada, ou de 80 cm de diámetro se se trata dun pozo. Contará con pates de baixada se a profundidade así o require, e o fondo rematarase en forma de media cana con plataformas laterais para evitar sedimentacións.

e) A sección de control de tipo II terá unha dimensión mínima de 80 x 80 se é sección cadrada ou 80 de diámetro; deberá estar situada preferentemente fóra do inmovible, en terreos do propio usuario e sen afectar á vía pública; augas abaixo do último vertido (de xeito que non se poidan alterar as características finais do fluente); estará libre de todo obstáculo e atoparase en idóneo estado de limpeza para a súa función. O equipamento fluente desta sección de control tipo II será definido polos técnicos municipais no correspondente permiso de vertido de acordo co disposto no artigo 18, alínea i).

f) As seccións de control terán unha tapa de fundición ou de calquera outro material aprobado polo Concello, con resistencia axeitada ao peso que deba soportar o tráfico (persoas ou vehículos), será hermético con xunta de goma para evitar o paso de cheiros e gases e disporá dun sistema de peche que impida a manipulación por persoal non autorizado. A tapa terá unhas dimensións axeitadas para facilitar o acceso ás persoas, se fose necesario, e para o paso dos equipos de mostraxe. En todo caso, a responsabilidade do seu mantemento será exclusivamente do titular da acometida.

g) En función dos parámetros establecidos no permiso de vertido, ou cando as condicións do desaugadoiro o fagan aconsellable, a entidade xestora poderá autorizar a construción dunha sección de control que integre nunha soa arqueta ou cámara o sistema sifónico e a sección de control.

10.- Realizaranse probas de estanquidade parcial descargando cada aparello illado ou simultaneamente, verificando os tempos de desaugadoiro, os fenómenos de sifonaxe que se produzan no propio aparello ou nos demais conectados á rede, ruidos en desaugadoiros e canalizacións e comprobación de cerramentos hidráulicos.

Non se admitirá que quede no sifón dun aparello unha altura de cerramento hidráulico inferior a 25 mm.

Na rede horizontal probarase cada tramo de tubaxe, para garantir a súa estanquidade introducindo auga a presión (entre 0,3 e 0,6 bares) durante dez minutos.

As arquetas e pozos de rexistro someteranse a idénticas probas, enchéndooos previamente de auga e observando se se advirte ou non un descenso de nivel.

Controlaranse ao 100% as unións, entroncamentos e/ou derivacións.

Para un correcto funcionamento da instalación de saneamento, deberase comprobar periodicamente a estanquidade xeral da rede coas súas posibles fugas, a existencia de cheiros e o mantemento do resto de elementos.

11.- Cando o nivel de desaugadoiro particular non permita a condución á rede de sumidoiros por gravidade, a elevación deberá ser realizada polo titular da acometida. Neste caso as instalacións interiores de desaugadoiro deberán ser completamente estancas á presión de 1 kg/cm<sup>2</sup>.

12.- Sempre que existan espazos habitables que teñan a necesidade de acometer á rede de saneamento e a súa soleira ou forxado do solo se atope a unha cota inferior do nivel da rasante da rúa, terán que bombear obrigatoriamente o vertido que xere ese espazo á arqueta comunitaria –se se trata dun vertido doméstico– ou a unha arqueta particular previa a esta –se se trata dun vertido non doméstico (industrial ou especial)–. Este artigo será de obrigado cumprimento, aínda que os ditos espazos tivesen cota suficiente de vertido por gravidade á rede municipal”.

## C) PARA CONTROL DO GOBERNO

**Punto oitavo.- Moción presentada polos/as concelleiros/as M<sup>a</sup> Dolores Fernández Álvarez, Alfonso Rey López, María González Gómez, Manuel Ferreiro Santiago, Emilio Martínez Carballeira e Ramón García Argibay, con núm. R.E. 4528, de 10 de abril de 2014, sobre horario de apertura da oficina postal de Correos no Milladoiro.**

O alcalde concede a palabra a un dos concelleiros propoñentes da moción, **Ramón García Argibay**, que comeza dicindo que como está exposto na moción e como xa no seu momento se expuxo no pleno, a intención para esta moción é instar, sobre todo ao goberno da nación, para que abra a oficina postal do Milladoiro en horario de tarde e que xa fai uns anos se presentou unha moción similar neste pleno a cal da lectura.

Continúa dicindo que a resposta que deu naquel momento o goberno socialista foi: “La atención postal en Milladoiro (A Coruña), hasta septiembre de 2004, se realizaba a través de una oficina auxiliar con 3 horas diarias de atención al público. Actualmente es una oficina técnica con horario completo de mañana, que se ubica en un nuevo local, que presta todos los productos y servicios que oferta Correos (postales, bancarios, telecomunicación....). La citada oficina de Milladoiro, se encuentra próxima – y bien comunicada – a las Sucursal 1 de Santiago que dispone de horario de mañana y tarde para la atención al público. Consecuentemente la accesibilidad a los servicios postales de esta zona se ha mejorado en los dos últimos años y Correos considera que actualmente la oferta de servicios cubre las necesidades postales de la zona. Madrid, 15 de septiembre de 2006.- El secretario de Estado de Relaciones con las Cortes”.

Como é sabido, continúa dicindo, que exista unha oficina en Santiago, non garante que se poida recoller un paquete, unha notificación, un certificado etc, en horario de tarde porque os envíos fanse ás oficinas correspondentes, polo tanto, de pouco vale esa resposta dada polo goberno do PSOE. O voceiro do PP, hoxe alcalde de Ames, firmou unha moción en xaneiro de 2008 na que entre outras cousas dicía textualmente en referencia a resposta do goberno socialista: “A resposta polo tanto, manifesta claramente un prexuízo as veciñas e veciños do Milladoiro que só poden acudir a facer algunha xestión a oficina de Correos en horarios de mañá, co que elo supón”.

Tendo en conta que agora no goberno de Ames está o PP e no goberno do estado tamén, non encontramos ningunha escusa nin impedimento para que a oficina postal do Milladoiro amplíe o seu horario tamén pola tarde, xa que, sería incoherente que o que fai 6 anos era unha reivindicación agora non o sexa. Por iso, os concelleiros de Px@ presentamos á consideración do pleno esta moción sobre a oficina de correos do Milladoiro.

O **alcalde** abre unha primeira quenda de intervencións, tomando a palabra **Susana Mayo** que di: O que vou dicir hoxe é case todo obvio, porque creo que esta moción está moi ben argumentada con cuestións de sentido común puro e duro. O Milladoiro ten un volume de poboación, non so por habitantes senón por todo o potencial comercial e económico, que non xustifica de ningunha maneira un servizo tan raquítico

de correos. Como xa se expuxo que haxa determinados servizos que cubra Santiago, poño en discusión que estea ben comunicado, porque ter que acceder ao centro de Santiago non é precisamente unha vantaxe, non significa que se podan dar outros servizos xa que en Santiago non podemos recoller paquetes, mensaxes nin nada.

Nos imos apoiar esta proposta. Pero en todo caso, hai unha cousa que na comisión entendín dunha maneira e agora lendo de novo creo que non está. Si se abre pola tarde que é o desexable e o lóxico para o Milladoiro, como mínimo fai falta unha persoa mais. Eu entendía que esas novas necesidades de persoal facían alusión a abrir pola tarde, pero xa digo que é unha confusión miña por lelo rápido. En realidade fan alusión a mellorar o reparto, en todo caso, xa so polas consultas que fixemos para abrir pola tarde, como mínimo fai falta unha persoa mais. Correos está perdendo competitividade, ten unha crise importante interna, quizais abrir pola tarde sería un atractivo cousa que deberían de ver eles non nos. En todo caso, a min na medida de que parte de que o persoal sigue sendo persoal de servizo publico interésame e impórtame mais que o que fagan as empresas privadas. Polas consultas que nos fixemos unha persoa polo menos faría falta, entón na moción non sei se sería bo indicar persoal engadido non so para esta mellora de reparto senón tamén para abrir pola tarde. Non fixen a proposta antes porque entendín mal e pensei que xa estaba incluído.

Intervén, co permiso da presidencia, polo grupo municipal socialista **Francisco Villaverde Marcos**, que di: A nos realmente parécenos ben, hai unha resposta do goberno do 2006, pero dende o 2006 ao 2013, Milladoiro cambiou moito e apoiamos que haxa esa atención. É moi necesaria, sobre todo hoxe que ten moitísimo mais comercio e está o polígono industrial. Realmente sería necesaria esa apertura polas tardes e vamos apoiar a moción.

Intervén o **alcalde** para dicir: Corrixir que non foi no mes de xaneiro senón no mes de febreiro cando dende o grupo municipal popular se había presentado unha moción que, salvo na exposición de motivos que varía, na proposta de resolución é exactamente igual. A magoa foi que naquel momento non se conquirira e non sabemos porque non hai documentación ao efecto. A situación comercial, como dicía a concelleira Susana Mayo mudou. O numero de envíos que fan os veciños é practicamente igual, probablemente polo uso das novas tecnoloxías, pero aínda así, vamos apoiar esta moción. Volver outra vez a chamar a atención a Correos para que volvan a analizar o caso da oficina de Milladoiro, e independentemente da remisión da correspondente moción, facer as xestións cos responsables de Correos e dar traslado das xestións realizadas; nós naquel momento non recibimos ningunha contestación. Vamos a ver si entre todos, conseguimos o que xa pediamos anteriormente.

O **alcalde** abre unha segunda quenda de intervencións, para aqueles concelleiros que desexen intervir.

Intervén **Susana Mayo** para expoñer que poderíase poñer mais explícita a referencia á dotación de persoal ao que **Ramón García Argibay** di que se pode poñer “mellorar o servizo” e quitar “mellorar o servizo de reparto” e o segundo punto quedaría así:

*“De igual xeito, instar ao Goberno de España a que de as instrucións necesarias a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos para mellorar o servizo incorporando novo persoal para aliviar a carga de traballo xerada”.*

Rematadas as intervencións o pleno da corporación por unanimidade dos seus membros presentes presta aprobación a moción do teor literal seguinte:



## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Na actualidade, no Milladoiro hai unha oficina postal e correos que ten fixada a súa apertura soamente en horario de mañá. Esta oficina atende a unha poboación superior aos 15.000 habitantes así como a numerosos comercios, autónomos e ao polígono industrial de servizos.*

*A demanda de apertura desta oficina tamén en horario de tarde, ven xa dende fai moitos anos e nin os gobernos anteriores, PSOE, bipartito PSOE-BNG e agora PP foron quen de acadar unha solución satisfactoria.*

*Esta cuestión foi tratada no Congreso dos Deputados xa no ano 2006, seguindo a problemática vixente nestes momentos.*

*No Boletín Oficial das Cortes Xerais do 21 de setembro do ano 2006 figura unha pregunta da deputada nacional do partido popular, María Jesus Sainz García que di literalmente: “Doña Maria Jesus Sainz García, Diputada por A Coruña, pertenciente al Grupo Parlamentario Popular en el Congreso, y al amparo de lo previsto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de la Cámara, tiene el honor de presentar las siguientes preguntas al Gobierno, de las que desea obtener respuesta por escrito.*

*El servicio de correos es un servicio publico que debe no sólo ser eficaz sino responder a las necesidades de los usuarios. En Milladoiro, en el municipio de Ames, existe una oficina de Correos que no abre por la tarde, algo que resulta incomprensible dado el importante núcleo de población que atiende, sin olvidar la existencia además de un polígono industrial que genera una lógica demanda de este servicio. Por ello se pregunta al Gobierno: ¿Piensa el Gobierno abrir la oficina de Correos en horario de tarde? ¿Qué razones existen para que la oficina permanezca abierta sólo en jornada de mañana?”*

*A resposta que deu naquel momento o goberno socialista foi: “La atención postal en Milladoiro (A Coruña), hasta septiembre de 2004, se realizaba a través de una oficina auxiliar con 3 horas diarias de atención al publico. Actualmente es una oficina técnica con horario completo de mañana, que se ubica en un nuevo local, que presta todos los productos y servicios que oferta Correos (postales, bancarios, telecomunicación....). La citada oficina de Milladoiro, se encuentra próxima – y bien comunicada – a las Sucursal 1 de Santiago que dispone de horario de mañana y tarde para la atención al publico. Consecuentemente la accesibilidad a los servicios postales de esta zona se ha mejorado en los dos últimos años y Correos considera que actualmente a oferta de servicios cubre las necesidades postales de la zona. Madrid, 15 de septiembre de 2006.- El secretario de Estado de Relaciones con las Cortes.”*

*Como é sabido, que exista unha oficina en Compostela, non garante que se poida recoller un paquete, notificación, certificado etc. En horario de tarde porque os envíos fanse ás oficinas correspondentes, polo tanto, de pouco vale esta resposta dada polo goberno do PSOE.*

*De igual xeito, o voceiro do PP, hoxe alcalde de Ames, firmou unha moción en xaneiro de 2008 na que entre outras cousas dicía textualmente en referencia a resposta do goberno socialista: “A resposta polo tanto, manifesta claramente un prexuízo as veciñas e veciños do Milladoiro que só poden acudir a facer algunha xestión a oficina de Correos en horarios de mañá, co que elo supón”.*

*Tendo en conta que agora no goberno de Ames está o PP e no goberno do estado tamén, non encontramos ningunha escusa nin impedimento para que a oficina postal do Milladoiro amplíe o seu horario tamén pola tarde, xa que, sería incoherente que o que fai 6 anos era unha reivindicación popular agora se negara.*

*Por iso, os concelleiros de Px@ presentamos á consideración deste pleno a seguinte Moción:*

1. *Para que a oficina de correos do Milladoiro poida prestar un servizo de*

*calidade e atender as demandas de unha poboación que rolda as 15.000 persoas así como prestar servizo as empresas do polígono de servizos e demais empresarios e comerciantes da zona, o Concello de Ames insta o Goberno do estado a que de indicacións a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos que coa maior brevidade posible para abrir tamén en horario de tarde.*

- 2. De igual xeito, instar ao Goberno de España a que de as instrucións necesarias a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos para mellorar o servizo incorporando novo persoal para aliviar a carga de traballo xerada.*
- 3. Instar ao Alcalde para realizar as xestións necesarias ao efecto.*
- 4. Informar en cada sesión plenaria dos tramites, xestións e acordos realizados.*

**Punto noveno.- Moción presentada polo grupo municipal socialista o 11 de abril de 2014 (R.E. núm. 4590), para rexeitar a supresión dos partidos xudiciais existentes en Galicia.**

Intervén o **alcalde** para dicir: Esta é unha moción presentada polo grupo municipal socialista para rexeitar a supresión dos partidos xudiciais existentes en Galicia. Tamén hai unha moción sobre este asunto do grupo municipal popular. Non sei se desexan facer un receso para tentar chegar a un acordo e facer unha declaración institucional.

Intervén **José Miñones Conde** que di: Pola nosa parte non fai falta receso e mantemos a nosa moción. Pregunta **Pilar Candocia** se a declaración institucional suprimiría as mocións, ao que contesta o **alcalde** que si se aproba a declaración institucional, pola súa parte, o grupo municipal popular retiraría a moción presentada.

Intervén **Ramón García Argibay** para dicir: A declaración institucional non debería ser suprimida independentemente de que as mocións sexan aprobadas ou non. Outra cousa é que o pleno, ou os propoñentes das mocións neste caso o grupo socialista e o partido popular, acorden fusionalas ou retiralas.

Toma a palabra **José Miñones Conde** para dar lectura a exposición de motivos da moción presentada apuntando que na súa intervención falará das dúas mocións presentadas e incluso da declaración institucional xa que para eles son cousas distintas.

O **alcalde** abre unha quenda de intervencións, comezando **Susana Mayo**, que di: Vou empezar por unha referencia ao dicionario, "vaidade: estima esaxerada que alguén ten de si mesmo, das súas calidades ou dos seus intereses". Este é o nome dun señor que se apelida Ruíz Gallardón. Cando pensaba en falar hoxe disto o primeiro que me viña a cabeza neses prontos que vostedes saben que eu teño que me dan por soltar frases as veces complexas ou polo menos polémicas, o único que pensaba é que a este señor se le "foi a pinza" unha frase moi común, logo dixen, non sexas inxenua, a este non se lle vai a pinza en absoluto, este señor ten un plan, un plan persoal de cumprir coa súa vaidade e leva moitos anos intentando "pillar cacho" que se di en linguaxe vulgar, e agora xa o ten. Necesita cumprir coa súa vaidade e tamén necesita cumprir con determinados intereses do partido popular. Coa escusa da crise, coa escusa da austeridade, fanse un montón de cousas que non teñen sentido. E esta en concreto é que non houbo nin un so argumento nin un so profesional do espectro que conseguise xustificala. Como ben argumentaba o grupo socialista, non hai un so beneficio para ninguén, hai un afán recentralizador, un afán de potenciar calquera estrutura provincial, xa se fixo coas absurdas deputacións que tiñan que estar

eliminadas hai tempo e agora faise coa xustiza, porque este señor pírrese por 4 titulares, e a poder ser polémicos para satisfacer á dereita mais rancia e arcaica que se aloxa no Partido Popular. Non hai un so beneficio e hai moitos custos; custos económicos, custos en mobilidade, custos para territorios como o galego e ademais custos que non van asumir nin os avogados, nin os procuradores nin o persoal da administración, senón a cidadanía. Cidadanía que está sendo masacrada con taxas xudiciais que están incluso recorridas, e que si non chegaba con machacalos por ese lado ademais agora imos facelos ir as sedes provinciais. Van a facer cousas tan absurdas como retirarlle competencias a Vigo, que so por si mesma, xunta tantos expedientes xudiciais como Galicia enteira e Vigo vai a pasar a ser unha delegación. Estamos a expectativa do que pase coa declaración institucional e se se retiran ou non as mocións porque nese sentido non se manifestaron. O que temos claro é que non imos apoiar de ningunha maneira estas ínfulas, estes delirios de grandeza e de recentralización que pasan por riba absolutamente de calquera, empezando pola cidadanía á que este señor se debe. Moitas grazas.

Intervén, co permiso da presidencia, **M<sup>a</sup> Dolores Fernández**, que di: Yo empiezo la exposición de esta moción presentando una enmienda *in voce* que dice: *Que no se apruebe, pero no solamente el Libro II del anteproyecto sino todo el anteproyecto de ley orgánica del poder judicial por antisocial y por el rechazo de todos los ámbitos judiciales.*

Presento esta enmienda *in voce* y a continuación explico lo que nosotros vemos en estas mociones. Este anteproyecto de ley orgánica del poder judicial, que está en trámite, fue informado el pasado 4 de abril por el Consejo de Ministros y está pendiente aún de los informes del Consejo General del Poder Judicial, del Consejo Fiscal, del Consejo de Estado y de las comunidades autónomas. Es un anteproyecto que consta de 7 libros no solo de uno, contiene una reforma no solo global sino también estructural aunque en determinados puntos se mantiene también la redacción de la ley orgánica vigente de 1985. Tanto la moción del PP como la del PSOE se centran en el Libro II, en la organización de los tribunales, que parece que es lo que más preocupa de estos 7 libros y 481 artículos que tiene este anteproyecto, ¿y por qué?, porque es el que más preocupa. Preocupa porque se crean los juzgados provinciales de instancia que hace que desaparezcan los juzgados que existen hoy en día, hace que desaparezcan también las audiencias provinciales, hace que desaparezcan los partidos judiciales y hace que desaparezcan los jueces de paz.

Lo que se dice en la moción del PSOE, centrándome en esta, gira en torno al Libro II del anteproyecto que habla de flexibilidad en la exposición de motivos y en el artículo 84. La exposición de motivos dice que a pesar de que el modelo definitivo de tribunal debe tender a la concentración en una sede de todos los efectivos judiciales, no puede desconocerse la diversidad de la realidad de nuestros territorios, los esfuerzos realizados por las autoridades competentes en infraestructuras y en estructuras judiciales. Es por ello, que la ley contempla dos medidas distintas encaminadas a flexibilizar la regla general: en primer lugar se prevé la posibilidad de que el tribunal provincial de instancia tenga otras sedes, en alguna otra población de la provincia que reúna una serie de requisitos de población, carga de trabajo, distancia de la capital; de igual forma se tendrá en cuenta el carácter uniprovincial de algunas comunidades autónomas así como el hecho insular o las especiales características geográficas de una zona. En segundo lugar, se prevé que las comunidades autónomas podrán realizar una propuesta alternativa a las sedes de los tribunales provinciales de instancia de su territorio para de esta forma conjugar la implantación del modelo con las peculiaridades propias de cada comunidad. Nos está diciendo la exposición de motivos y el artículo 84 que se pueden hacer otros juzgados, que pueden incluso quedar los existentes hoy en día fuera de las capitales de provincia, siempre y cuando lógicamente las comunidades autónomas que son las que tienen la obligación de hacerlo lo argumenten y lo soliciten, así de claro.

Pero de lo que no hablan ni en la moción del Partido Popular, ni en la moción del Partido Socialista, porque están más centrados en los juzgados es de los ciudadanos. ¿Qué pasaría con los ciudadanos que no viven en las ciudades donde se van a instaurar estos juzgados?. ¿Va a existir una desigualdad entre los vecinos, entre los que vivan o no en esas ciudades ?. Tampoco se recoge en estas mociones que pasará con el personal al servicio de la administración de justicia, que pasará con jueces, fiscales, secretarios judiciales, personal funcionario, procuradores, médicos forense. No sólo el Libro II sino toda la ley es un despropósito. El Libro II hace, concentra lo que ya dijimos antes de los juzgados y de la desaparición de los partidos judiciales pero en el resto de los libros también se hace referencia a todo este personal de la administración de justicia que no está conforme con este anteproyecto. De hecho, las asociaciones de jueces, fiscales y secretarios muestran su rechazo, incluso algunas de ellas lo califican de verdadera “chapuza” y también los colegios de abogados y procurados se muestran disconformes. Está claro que esta ley creará una nueva ruptura social, otra más a las que ya nos tiene acostumbrados el Partido Popular. Por el momento nada más.

Intervén, co permiso da presidencia polo grupo municipal socialista **Jose Miñones Conde**, que di: Vou a facer a miña exposición sobre as dúas mocións, e despois falarei da declaración institucional. Esta lei realmente o que busca é facer unha reestruturación da planta xudicial e serán as comunidades autónomas as que finalmente teñan que levar a cabo todo o que implica e iso suporá un custe económico que é de todo insostible e innecesario nestes momentos, así como o alonxamento da xustiza. É evidente que a reforma da planta xudicial implica a desaparición dos partidos xudiciais, e con iso a probable desaparición de xulgados como son os de Padrón e Negreira, así como os actuais xulgados de paz. Para nos, este goberno o que busca dende o principio é alonxar a cidadanía da xustiza. A proba de isto, o temos na aprobación das taxas xudiciais e agora nesta supresión de xulgados, poñendo en perigo partidos xudiciais como o de Santiago pero tamén o de Padrón ou Negreira. Ademais está reforma da planta xudicial recaería na Xunta de Galicia cun custe económico altísimo e cun prexuízo importante pola mobilidade de todo o funcionariado que está a traballar en xustiza. Levar todo adiante sería inviable nas actuais circunstancias de crise económica de aí que na moción instemos a Xunta de Galicia porque é a directamente implicada. É evidente que dende que entrou o PP no goberno e en particular o señor Gallardón, a cidadanía, neste caso a cidadanía de Ames que é a que defendemos, lle vai a supoñer un incremento inmenso ir aos tribunais. Haberá que pagar avogado e procurador como se viña facendo, pero agora tamén hai que pagar unhas taxas esaxeradas e se vai adiante esta reforma terán probablemente que ir a Coruña cun desprazamento que non todos poden. Está claro que a xustiza cada día é mais para os ricos, e si queres defender os teus dereitos ante a xustiza tes que ter claro que implica un importante desembolso económico. Nos, está moción a presentamos sobre o Libro II, non é unha moción sobre toda a lei, aínda que estamos totalmente en contra dela. Pero nos, nos centramos no Libro II que é o que afecta aos xulgados de paz e as plantas xudiciais. Meterse agora a falar de toda a lei sería outra moción que dende logo levaría outros moitos argumentos. Despois o que dixi de que non falamos dos veciños, ao final é precisamente do que falamos, non so porque afecte a profesionais como son avogados, procuradores, xuíces, etc senón porque afectaría á sociedade e especialmente a aquelas persoas que viven no ámbito rural e Ames ten iso precisamente, persoas que viven no ámbito rural, un terzo da poboación vive no rural, polo tanto, estarán directamente afectados. A poboación de Ames que agora pode acudir ao xulgado de Negreira con esta lei terá que desprazarse a Coruña

e imaxínate que por calquera circunstancia teñan que levar testemuñas, é un desembolso que a xente do rural e moitísima xente xa do urbano non pode asumir.

Agora falo da moción que presenta o partido popular. Presentan unha que se limita a facer un escasísimo resumo sobre unha parte da exposición de motivos da lei. Se colles a exposición de motivos practicamente é cortar e pegar sobre uns certos apuntes e pasan de puntillas sobre o que é o tema realmente importante. Para nos, utilizar o motivo de que se busca coa lei modernizar, que é o que se di na exposición de motivos, modernizar a xustiza é un sen sentido. Para nos a xustiza non se axiliza cun órgano provincial se non está optimizado. O importante é utilizar o que temos neste momento axilizando a xustiza, modernizando a xustiza poñendo en valor as novas tecnoloxías.

Ademais aproveito para falar da declaración institucional que é practicamente un copia e pega da que fixeron en Santiago onde chegaron a acordo. Se leemos os puntos nos que se chega a acordo, fala que nos criterios que definan a futura planta xudicial no territorio galego teñen en conta os criterios relacionados coas características socioeconómicas, xeográficas, poboacionais, etc. pois ben, iso xa está recollido na exposición de motivos do anteproxecto, é dicir, non se pode utilizar como argumento porque xa está recollido na propia lei, non implica ningunha mellora, o contrario leva a que se cree unha grandísima lagoa. Por iso non estamos de acordo nin coa moción que presentan vostedes nin con a declaración institucional. Esa declaración ten sentido en Santiago pero Santiago non é Ames, e Ames non é Santiago. E nos, que temos unha poboación rural bastante grande, nos afecta mais directamente o tema dos xulgados de Negreira e Padrón e dos xulgados de paz. O de Santiago tamén nos afecta pero suma sobre o anterior.

Unha vez mais podíamos falar das formas. Esta moción foi presentada sabendo que estaba presentada a moción do Partido Socialista. Poderían falar antes con nos, pero deciden presentar unha moción paralela, e despois chegan a comisión e solicitan chegar a acordo. Non estamos de acordo no fondo, outras veces podemos chegar a acordos mesmo na comisión, e 5 minutos antes do pleno recibimos unha chamada e despois nos entregan esa declaración institucional. Non estamos de acordo coas formas, pero independentemente de iso, neste punto tampouco estamos de acordo no fondo. A nosa moción se centra no Libro II e fai referencia precisamente ao que lles afecta mais aos veciños de Ames. De momento nada mais.

Intervén, co permiso da presidencia, polo grupo municipal popular, **Bernardo Moar Miguez**, que di: Evidentemente non cabe ningunha dúbida que o texto é susceptible de ser mellorado, texto ao que aínda lle queda unha longa tramitación ata a súa aprobación definitiva. O anteproxecto será remitido aos órganos consultivos, Consello de Estado, Consello Fiscal, para que emitan o preceptivo ditame; sen prexuízo doutros informes que o goberno poida solicitar. Recibidos estes informes e ditames, o Consello de Ministros aprobara o texto, que pode conter modificacións e que enviará ás Cortes Xerais para a súa tramitación lexislativa, primeiro no Congreso e posteriormente no Senado, con posibilidade de emendas en ambos casos. É dicir, durante a longa tramitación que aínda resta, o anteproxecto sufrira modificacións que permitiran o enriquecemento ou mellora do mesmo. Por outra banda, para o completo desenvolvemento da Lei é necesaria a aprobación dunha nova lei de Demarcación e Planta Xudicial e non está prevista nesta lexislatura. A xustiza española, de todos é sabido, é lenta e os xulgados están colapsados. Unha Administración de Xustiza lenta non fai xustiza. Así o pensa, non só o Goberno, senón tamén varias comisións de expertos convocadas por este Goberno e polo anterior. Así o manifestou tamén o Consello Xeral do Poder Xudicial no seu informe do ano 2012. O modelo que contempla o anteproxecto substitúe ao actual, baseado en partidos xudiciais e resulta similar ao que teñen outros países europeos. Con este modelo créanse os Tribunais Provinciais de Instancia (TPI), que implican unha nova estrutura e a súa sede oficial fíxase na capital da provincia. Sen prexuízo destes TPI, poderanse crear sedes

desprazadas dos TPI en función das seguintes circunstancias: volume e dispersión da poboación no territorio provincial, relevancia de carga de traballo dos órganos xudiciais existentes, distancia da sede desprazada á capital da provincia, tempo de desprazamento en transporte público desde a sede desprazada a capital da provincia, especiais características orográficas ou xeográficas do territorio provincial e, singularmente, as que dificulten os desprazamento á capital da provincia, existencia, estado e posibilidade de aproveitamento de edificios e infraestruturas xudiciais existentes na sede desprazada e posibilidade de amortización e recuperación dos investimentos efectuados nos edificios e infraestruturas xudiciais da sede desprazada.

No prazo dun ano dende que entre en vigor a Lei Orgánica Poder Xudicial, que reiteramos aínda está nunha fase inicial, formularase unha proposta de organización en materia de demarcación xudicial, que respecte os criterios citados anteriormente. Esta proposta debe contar co informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial. Pero esta estrutura territorial non será efectiva ata que se recolla noutra lei, a Lei de Demarcación e Planta Xudicial. Polo momento nada mais.

O alcalde abre unha segunda quenda de intervencións, comenzando **Susana Mayo**, que di: Eu quero facer incidencia en dous aspectos que nos aparecen como os máis negativos. O primeiro é que afecta a toda a poboación de Ames, rural e urbana, polo absoluto trastorno dos desprazamentos tendo en conta ademais que o poder adquisitivo é moito menor agora que hai uns anos. En segundo lugar non nos deixamos enredar polas redaccións que tenden a utilizar frases como *“terán en conta, é posible, sen prexuízo de...”*, expresións moi administrativas que dar a ver que hai marxe e flexibilidade. Eu non creo nesa flexibilidade por dúas cuestións: unha polas declaracións do propio ministro que o ten clarísimo que quere recentralizar e dúas polas declaracións de Evaristo Nogueira a quen todos coñeceran e a quen utilizo como referencia cando di: *“incluso existindo a posibilidade de que houbera subsedes, nunca sedes, ao mesmo nivel en categoría cas provinciais non se garante en absoluto que teñan o mesmo nivel de competencia para xestionar e tramitar que as sedes provinciais”*, é dicir que podémonos atopar cunha estrutura máis reducida e nunca co mesmo nivel de prestación que hai agora mesmo e como dixo o señor concelleiro *“a administración de xustiza lenta non é xustiza”*, estou totalmente de acordo. Iso é o que leva reclamando o persoal da administración de xustiza anos e anos, máis medios, máis persoal, máis estrutura, xusto o contrario do que se quere aprobar agora.

Intervén, co permiso da presidencia a concelleira **M<sup>a</sup> Dolores Fernández**, que di: Decir simplemente que efectivamente ya sabemos que esta moción esta fundamentada y de hecho lo dije en el Libro II, pero también digo que los cambios que se pretenden con este Libro II afectan al resto del contenido del anteproyecto. En cuanto a la moción del partido popular, también quiero añadir que lo que esta haciendo con esta moción es simple y llanamente cumplir con el proyecto de ley orgánica del poder judicial al solicitar que existan tribunales provinciales de instancia en las ciudades más importantes de Galicia que ya viene recogido por la ley. No vemos que hagan algún esfuerzo a mayores de lo que dice la ley. Por eso presentamos la enmienda *in voce*, para solicitar retirar el anteproyecto, porque vemos que el Libro II afecta a todo el anteproyecto de ley.

Intervén co permiso da presidencia, polo grupo municipal socialista, **José Miñones Conde**, que di: En relación ao que dixo o voceiro do partido popular de que a xustiza é lenta e que os xulgados están desbordados, vaia por alí e xa verá como xa non están tan desbordados e a xustiza xa non é tan lenta e compare con dous ou tres anos para atrás, e verá a diferenza. A xente non vai, non é que sexa unha xustiza mellor con

estas medidas que esta facendo este superministro, non, é que a xente vai menos porque non pode economicamente facelo, e por desgraza moitos dos veciños de Ames o van a saber, porque por exemplo cada un que queira agora reclamarlle á compañía telefónica lle custan mais as taxas, que o que vai a pedir de reclamación e cando lles poñen unha multa lles custan mais as taxas que a multa. ¿Con iso se axiliza os xulgados ?, pois non, non entendemos que esas sexan as maneiras. Precisamente cando se fixo hai anos ese comité de expertos para ver cales eran as maneiras de modernizar os xulgados e de modernizar a xustiza non se falaba diso, senón que se falaba precisamente do contrario, de crear, de dotar e de modernizar. Modernizar e implantar tecnoloxía, por aí é por onde se moderniza, non incrementando os custes dos veciños ou as taxas que teñan que pagar, taxas que como dixen antes non se recuperan aínda que gañes, e a iso súmalle o avogado e o procurador. No noso grupo non compartimos esas maneiras, de aí que non esteamos para nada de acordo con ese método de actuación que está levando o partido popular a nivel estatal e que como vemos agora se defende a nivel local.

Intervén co permiso da presidencia, **Bernardo Moar Miguez** que di: Na exposición de motivos da nosa moción, xa indicamos que Galicia ten unha serie de peculiaridades e especificidades propias como son o importante volume de poboación que vive nas sete grandes cidades de Galicia, un millón de persoas, máis do 36% dos habitantes da Comunidade, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e características orográficas que dificultan en moitos casos os desprazamentos á capital de provincia. Por outra parte, o goberno actual da Xunta de Galicia levou a cabo nestes últimos anos un importante esforzo económico, superior aos 50 millóns de euros, en infraestruturas xudiciais, tanto en novas construcións, como en reformas ou ampliacións. Estes investimentos e o aproveitamento dos actuais edificios xudiciais son motivos polos que reivindicamos que a futura Lei Orgánica do Poder Xudicial teña en conta as especificidades e peculiaridades propias das sete cidades galegas, contén con tribunais de instancia, e demandamos que sexan tidos en conta criterios relacionados coas características socioeconómicas, xeográficas, poboacionais, redes de comunicación e esforzo inversor realizado pola Xunta de Galicia. Nada mais polo momento.

Intervén **José Miñones Conde**, que di: A emenda *in voce* plantexada afecta a esencia da moción que presentamos que pretende centrarse nunha parte do anteproxecto. Estamos preparando outra moción sobre toda a lei.

Intervén o **alcalde** para dicir: Hai que votala, se se segue mantendo a emenda *in voce*.

Intervén **Mª Dolores Fernández** para dicir: Retiramos a moción *in voce*.

Intervén o **alcalde** para expoñer que se procede a votar a moción tal e como foi presentada polo grupo municipal socialista.

Rematadas as intervencións o pleno da corporación por maioría absoluta do número legal de membros cos votos a favor dos 5 membros presentes do grupo municipal socialista e dos 9 concelleiros/as non adscritos presentes, e a abstención dos 5 membros do grupo municipal popular, presta aprobación á moción do teor literal seguinte:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O venres día 04 de Abril de 2014 aprobouse no Consello de Ministros o “Anteproyecto de Ley Orgánica del Poder Judicial”, no seu Libro II recóllese unha reestruturación a fondo dos órganos xudiciais e o seu funcionamento.*

*Esta reestruturación implica a desaparición dos actuais Partidos Xudiciais pasando a crearse uns novos “entes” denominados Xulgados Provinciais de Instancia, ditos Xulgados situaranse nas capitais das Provincias e serán os eixos vertebradores da actividade xudicial.*



*En Galicia este novo plantexamento implica a desaparición dos actuais 45 Partidos Xudiciais incluídos xulgados tan importantes como serían Santiago, Ferrol e Vigo, pasando estes a ser meras delegacións do Xulgado Provincial.*

*Esta reforma aprobada polo Consello de Ministros non supón en ningún caso unha modernización da Administración da Xustiza, tal e como e se reflecte na súa EXPOSICIÓN DE MOTIVOS senón todo o contrario. Dita medida, unida a da suba das taxas xudiciais, supón unha nova traba aos cidadáns para o acceso o dereito a tutela xudicial efectiva. A Xustiza, pasará a ser ademais de lenta, CARA E LONXANA.*

*Dende o PSdeG PSOE vimos defendendo a necesidade de modernizar a Administración de Xustiza pero a Administración de Xustiza modernízase coa reforma das leis procesuais, coa regulación de solucións extraxudiciais alternativas, coa racionalización de medios materiais e persoais existentes, coa dotación de mais e mellores medios, coa informatización adecuada dos Tribunais etc.*

*Esta nova proposta ademais de non resultar rendible dado o momento de dificultades económicas que estamos a sufrir (pois suporía a creación da grandes sedes xudiciais nas catro capitais provinciais) non se axusta as características xeográficas nin sociais do noso país, onde existe unha gran dispersión poboacional, e suporá que cidadáns se teñan que desprazar a sedes xudiciais lonxanas, coas correspondentes dificultades de mobilidade e cos gastos económicos que leva aparelada a subida das taxas.*

*O anterior Goberno do Partido Socialista, encomendou a unha comisión de expertos a elaboración dun informe acerca da ruta a seguir a fin de acadar a reordenación do mapa xudicial. Dito informe foi aprobado polo Consello de Ministros e apostaba pola creación dos Tribunais de Instancia, por culminar o proceso de implantación da nova oficina xudicial, e por facer realidade o uso das novas tecnoloxías na Administración de Xustiza.*

*Agora o Goberno do PP parece querer empezar a casa polo tellado, ante o que desde o PSdeG PSOE amosamos o noso total rexeitamento, porque ademais do que xa se expuxo, suporía para os Concellos afectados graves prexuízos na súa economía local.*

*Nembargantes este Anteproxecto está, ao igual que a inmensa maioría das Leis aprobadas por este goberno, está a producir un gran rexeitamento en tódolos ámbitos da Xustiza, e non porque profesionalmente afecte a avogados/as, procuradores/as, xuíces/as senón porque afectaría á sociedade, especialmente a aquelas persoas que viven no ámbito rural.*

*En base ao anteriormente exposto procedemos a someter ao Pleno do Concello as seguintes propostas;*

- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a fin de que inste o Goberno do Estado para que non se aprobe definitivamente o LIBRO II do Anteproxecto e quede sen efecto esta parte da norma, e instando a manter as demarcacións xudiciais actualmente existentes.*
- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, e ao Ministerio de Xustiza.*

**Punto décimo.- Moción presentada polo grupo municipal socialista, con núm. R.E. 4591, de 11 de abril de 2014, sobre o IVE dos servizos de perruquería.**

O alcalde concede a palabra a un dos concelleiros propoñentes da moción, **Isabel González Cancela**, que di: Boas noites a todos e a todas e que tras a lectura a moción presentada di que o seu grupo entende que as perruquerías son, na maioría dos casos, empresas moi pequenas e familiares, e ademais como se di na moción, afectan mais directamente á mulleres. E tamén como se dixo na comisión posiblemente habería outros servizos ou empresas que estarían afectadas, e poderíamos tamén demandar que se corrixa o IVE e poderíamos falalo e facelo para outra moción pero neste momento presentamos esta moción concreta.

Intervén co permiso da presidencia, **Bernardo Moar Miguez** para expoñer a súa emenda *in voce* de engadir un punto mais a moción:

– Instar ao Goberno do Estado a que dentro do marco da reforma do sistema fiscal e tributario sexa estudado e valorado o uso intensivo de man de obra no sector das perruquerías, na procura de satisfacer as peticións formuladas por este colectivo.

Intervén co permiso da presidencia, **M<sup>a</sup> Dolores Fernández** para expoñer a súa emenda *in voce* de engadir un punto mais a moción.

– Que o concello de Ames inste ao Goberno de España a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% de determinados produtos e servizos que viñan tributando co tipo reducido do 8% antes do Real Decreto Lei 20/2012 do 13 xuño e artigos 91.1.1 e 91.1.2 da lei 37/1992 do 28 de decembro do imposto sobre valor engadido, a que se manteña o dito tipo reducido que é do 10%”.

O **alcalde** abre unha quenda de intervencións, comezando **Pilar Candocia**, que di: Eu creo que todos sabemos que os incrementos do IVE de maneira xenérica ,en particular en perruquería ou salón de peiteado, non acaba conseguindo o que se pretende senón todo o contrario, o que acontece é que hai unha contracción do consumo e o que pretendía que era recadar mais fai recadar menos. Xa sen falar doutra cousa que provoca que é que a metade vaia en negro, podemos mirar para outro lado, pero é a realidade, entón teremos que pensar si iso serve para algo ou se serve para todo o contrario. Vamos a apoiar a moción de partido socialista porque ademais neste sector a suba é brutal como aconteceu no seu momento coas actividades culturais. Se está vendo que cando hai no cine unha baixada grande a xente vai o cine, a xente non vai o cine porque non pode pagar esas barbaridades que costa agora o cine e o cine costa iso ,en parte, polos gravames inmensos que ten de impostos e demais. E o mesmo acontece coas perruquerías, e servizos estéticos en xeral. Nos servizos estéticos e nos salóns de beleza a man de obra é masivamente feminina e como sempre as crises as pagamos as mulleres sempre mais que os homes. A pagan os sectores que están peor posicionados na sociedade, e como desgraciadamente as mulleres estamos aínda peor posicionadas nesta sociedade somos as que pagamos mais as crises, as que temos os niveis de paro mais elevados, as primeiras que vamos para a casa. E o sector de perruquería afecta as mulleres de maneira dobre, porque as mulleres son tamén as primeiras que cando hai unha crise e hai que recortar nunha casa se recortan elas, antes que recortarlle aos fillos e antes de recortarlle ao resto da economía en nese recorte entran os servizos de estética e perruquería. Polo tanto, por esa razón grande da defensa da igualdade que tamén está implícita nesta moción ou así o entendemos nos e porque en xeral vamos a apoiar calquera proposta que veña de rebaixar o IVE, en calquera dos sectores, vamos a apoiar esta moción.

Intervén co permiso da presidencia, **María González**, que di: Tal e como falabamos na comisión, estamos de acordo en que se contemple esta baixada pero tamén a súa vez, de aí a emenda *in voce* da miña compañeira María Dolores, que poidamos engadir que á par se reconsideren o resto dos servizos que tamén subiron esa carga impositiva.

Intervén co permiso da presidencia **Isabel González Cancela** que di: Xa falamos na

comisión e non hai ningún problema en aceptar a emenda que acaba de propoñer María Dolores.

Intervén **Bernardo Moar** para dicir: Nesta moción estamos plenamente de acordo. Evidentemente o sector das perruquerías como ben dicíamos sofre moito, sobre todo en man de obra porque os marxes de beneficio son pequenos e a verdade é un sector que esta moi afectado dende xa fai varios anos e hai moitas mulleres traballando nese sector, por iso imos apoiar a moción con esa engádega que fixemos. Nada mais.

Intervén a **secretaría** para explicitar que primeiro teñen que someterse a votación as emendas presentadas.

Rematadas as intervencións sométense a votación as dúas emendas *in voce* presentadas polos concelleiros Bernardo Moar Míguez e María Dolores Fernández Álvarez e que son aceptadas ambas por unanimidade dos membros presentes da corporación municipal.

As emendas presentadas *in voce* e aprobadas por unanimidade son do teor literal seguinte:

Emenda in voce de Bernardo Moar Míguez:

– *Instar ao Goberno do Estado a que dentro do marco da reforma do sistema fiscal e tributario sexa estudado e valorado o uso intensivo de man de obra no sector das perruquerías, na procura de satisfacer as peticións formuladas por este colectivo.*

Emenda in voce de María Dolores Fernández Álvarez:

- *Que o concello de Ames inste ao Goberno de España a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% de determinados produtos e servizos que viñan tributando co tipo reducido do 8% antes do Real Decreto Lei 20/2012 do 13 xuño e artigos 91.1.1 e 91.1.2 da lei 37/1992 do 28 de decembro do imposto sobre valor engadido, a que se manteña o dito tipo reducido que é do 10%”.*

A moción emendada resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes da corporación municipal sendo a moción do teor literal seguinte:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*As perruquerías son un sector que agrupaba no ano 2011 a 48.000 salóns, nos que, de forma directa, traballaban 120.000 persoas. A crise económica, que dende 2008, afecta ao global da economía situará dende ese mesmo ano a moitos destes negocios nunha situación comprometida, debido, sobre todo, á baixada de afluencia de clientes e ao menor número de servizos realizados.*

*Como consecuencia desta situación, moitos salóns víronse obrigados dende ese momento, a realizar importantes axustes no seu nivel de prezos e, en consecuencia, nas súas marxes, co fin de frear a importante caída de clientes e intentar, como tantos sectores, seguir co seu negocio e manter os postos de traballo.*

*En setembro de 2012, para maior abundamento entrou en vigor unha nova medida xeral adoptada polo Goberno consistente en incrementar o “IVE” do sector do 8% (vixente ata o 31 de agosto de 2012) ao 21%.*

*A importantísima subida de 13 puntos representou para estes salóns o seu afundimento definitivo. Os motivos son claros: Os salóns que trasladaron a suba do “IVE” viron desaparecer os seus clientes, que non estiveron dispostos a pagar un incremento tan desmesurado, máxime nunha época onde toda a economía estivo e*

*está rebaixándoos.*

*Os salóns que non trasladaron a suba ás súas tarifas de prezos, asumindo eles mesmos ese incremento do 13%, finalmente presentaron fortes resultados negativos (non podemos esquecer que o marxe medio dun salón é netamente inferior ao 13 %) que precipitaron en moitos casos a caída e o peche dos seus negocios.*

*As cifras xerais son moi preocupantes. Durante o 2013 pecháronse máis de 8.000 salóns en España e perdéronse 20.000 postos de traballo. As previsións para este 2014 apuntan a unha nova perda de 5.600 empresas e a outros 14.000 empregos directos. En dous anos este sector reduciuse un 28%, co conseguinte impacto colateral noutros sectores que, de forma indirecta, están relacionados con el (empresas de suministros de produtos, de aparatoloxía, de mobiliario etc...).*

*Mentres tanto, recentemente (xaneiro de 2014), o Goberno anunciou a rebaixa impositiva do 21% ao 10% nas transaccións de obxectos de arte e anticipa unha rebaixa do "IVE" cultural como medida para incentivar o seu consumo aludindo a que é moi importante para a economía española.*

*Ao noso entender, o sector da perruquería non só é relevante desde o punto de vista numérico, que o é e moito, senón tamén dende o punto de vista social. Forma parte do tecido empresarial do país, é un sector de pequenos e pequenas empresarios e empresarias e emprendedores e emprendedoras que manteñen, aínda hoxe, un número importante de empregos e, ademais, é dos poucos sectores que están rexentados por un importante número de mulleres, que como ben saben sofren uns niveis de paro máis altos.*

*Creemos que si os obxectos de arte obtiveron unha consideración especial, a perruquería tamén merece ser tida en conta. Polo que, sometemos ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte, ACORDO:*

*-O Concello de Ames insta ao Goberno de España a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do "IVE" do 21% aos servizos de perruquería e volver a aplicar o tipo reducido do "IVE" do 10% a ditos servizos".*

*-Instar ao Goberno do Estado a que dentro do marco da reforma do sistema fiscal e tributario sexa estudado e valorado o uso intensivo de man de obra no sector das perruquerías, na procura de satisfacer as peticións formuladas por este colectivo.*

*- Que o concello de Ames inste ao Goberno de España a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% de determinados produtos e servizos que viñan tributando co tipo reducido do 8% antes do Real Decreto Lei 20/2012 do 13 xuño e artigos 91.1.1 e 91.1.2 da lei 37/1992 do 28 de decembro do imposto sobre valor engadido, a que se manteña o dito tipo reducido que é do 10%.*

**Punto undécimo.- Moción presentada polo grupo municipal socialista, con núm. R.E. 4592, de 11 de abril de 2014, para instar ao Goberno de España a regresar ao Pacto de Toledo e rexeitar a reforma imposta na Lei 23/2013, reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social.**

O alcalde concede a palabra a un dos concelleiros propoñentes da moción, tomando a palabra **Francisco Villaverde Marcos**, que expón o texto da moción.

O **alcalde** abre unha quenda de intervencións, comezando, **Pilar Candocia**, que di: Compartimos o fondo da moción que se presenta na medida en que é certo que as pensións están perdendo poder adquisitivo a respecto do acordado no Pacto de Toledo. Naquel momento, cando o Pacto de Toledo, nos e mais grupos da esquerda xa dicíamos que abría a porta aos suculentos negocios de seguros de vida, de seguros de pensións e demais e non se estaba garantindo e blindando que as pensións estiveran seguras e non suxeitas a perda de poder adquisitivo. Polo tanto non

entendemos que a volta ao Pacto do Toledo resolva o problema aínda que é certo que estamos nunha situación peor neste momento. Para nos a solución non é volver ao Pacto de Toledo, para nos a solución é garantir o público. Garantir que as pensións van a estar a un nivel no que non van a perder poder adquisitivo e polo tanto a nosa posición en principio vai a ser a abstención. Grazas.

Intervén, co permiso da presidencia, **M<sup>a</sup> Dolores Fernández Álvarez**, que di: Empiezo diciendo que en 1995, en que surge el Pacto de Toledo con una ponencia de Convergencia I Unió en la comisión de presupuestos sobre seguridad social, que garantizaba un sistema de pensiones, se creó el Fondo de Reserva de la seguridad social, en donde se mantuvo el poder adquisitivo de las pensiones y en donde se fijó una edad de jubilación razonable.

El Pacto de Toledo tuvo ya su primer encontronazo en el año 2009 cuando el partido socialista de Zapatero empezó a utilizar el Fondo de Reserva para fines distintos para los que había sido creado, en el sentido de que congeló las pensiones de los que habían sido con su trabajo los verdaderos constructores del Estado de Bienestar y elevando la edad de jubilación. Luego fue el Partido Popular del señor Rajoy el que procedió unilateralmente de urgencia y sin consenso alguno a reformar la seguridad social mediante el Real Decreto Ley 5/2013, cuando en época del gobierno de Zapatero en el año 2010 el PP exigía a Zapatero que cumpliera el Pacto de Toledo. El estoque final lo dio el Partido Popular con esta ley que estamos debatiendo en esta moción que es la Lei 23/2013 de 23 diciembre, que sin ningún tipo de consenso regula el factor de sostenibilidad y el índice de revalorización de las pensiones de la seguridad social. El factor de sostenibilidad, para calcularlo, se basan en una fórmula matemática que viene recogida en el artículo cuarto de la ley y que según Sofía Olarte que es catedrática de derecho de trabajo y seguridad social lo considera incomprensible e imposible de reproducir en palabras y el índice de revalorización que actuará sobre los nuevos pensionistas y sobre los que ya lo son hoy en día destierra definitivamente el tradicional IPC (Índice de Precios al Consumo).

Algo que funcionó durante muchos años que era el Pacto de Toledo en donde tanto los partidos políticos como los empresarios y los sindicatos llegaban a acuerdos para sostener pensiones y fijar edades de jubilación, se intenta con esta moción que por lo menos vuelva otra vez a resurgir. Por el momento nada mas.

Intervén, co permiso da presidencia **Francisco Villaverde Marcos**, que di: Actualmente as pensións son unha garantía de supervivencia para moitísimas familias e sobre todo para as que están no paro e as que non teñen prestación ningunha de desemprego, toda esa xente se non fora polos avós ou xente maior que ten a súa pensión e colaboran para que poidan comer, fillos e netos estaríamos nun caos. Por iso, é moi importante que ese poder adquisitivo que vimos que cada vez vai diminuíndo, non so porque as pensións non soben senón porque todo o demais esta subindo empezando polo IVE, está xerando unha cadea tan grande que cada vez vai levando a menos consumo, menos traballo e mais pobreza, polo tanto, para nos é moi importante que as pensións non perdan poder adquisitivo, que haxa unha suba que sexa coma a do IPC, como mínimo, porque iso garantiría a sostenibilidade das pensións, razón pola que se creou unha caixa ou hucha na que o Partido Socialista durante os 7 anos de goberno foi metendo miles de millóns de euros para garantir iso, so un ano conxelou as pensións pero os outros 6 anos as pensións tiveron unha suba moi importante. Neses 6 anos as mínimas subiron un 26%, as medias un 19% e desde que temos o goberno do Partido Popular so houbo unha suba do 1,5%. Por agora nada mais.

Intervén **Bernardo Moar** para dicir: Non deixa de sorprender, cando menos, que os que conxelaron as pensións por vez primeira na historia, rexeiten agora as medidas para soste o sistema. O sistema tiña un desequilibrio, o 80% dos cotizantes que se perderon foi en época do goberno socialista, case dous millóns e medio de cotizantes menos. Foi precisamente o partido socialista o que deixou o sistema de pensións ao borde da quebra e o que subiu a idade de xubilación sen consenso. ¿Cal era a proposta socialista? ¿esgotar o fondo de reserva? ¿agardar cos brazos cruzados para poder pagar as pensións do futuro?. O que fixo o PP foi blindar por lei a suba das pensións. As pensións nunca baixarán e non se falará de quebra do sistema. Subirán sempre un mínimo dun 0,25 %. O obxectivo do Goberno Popular non foi outro que evitar que as pensións volveran a conxelarse como ocorreu co Goberno socialista. Ese foi o obxectivo, que o sistema de pensións español fora sostible e autofinanciable, agora e no futuro. O sistema de pensións é un pacto entre xeracións que non se pode rachar , eu pago hoxe coas miñas cotizacións as pensións actuais porque a seguinte xeración pagará coas súas cotizacións as miñas. Que ese pacto sexa unha realidade é o que garante a reforma. Antes da reforma o sistema de pensións español sufría dúas grandes ameazas: a demográfica, polo aumento da esperanza de vida que fai que os xubilados cobren durante máis tempo a súa pensión. España pasará en 30 anos de ter 9 millóns de pensionistas a máis de 15 e a económica, con dúas facianas, coxuntural: caída de cotizantes e estrutural, derivada de decisións do PSOE. Tanto o Goberno do PP no ano 1996, como o actual, herdaron un sistema de pensións en quebra. No 2008 e no 2009, a Seguridade Social sumou un superávit conxunto de 14 millóns, que aplicando a lei, debiera ter sido destinado a engrosar o Fondo de Reserva pero o PSOE usouno para axustar as súas contas naqueles anos, os primeiros anos da crise. Ademais de isto, o PSOE tampouco culminou outra recomendación do Pacto de Toledo, a que esixía a separación das fontes do sistema. Coma non o fixo, se empregaron os excedentes da Seguridade Social para pagar outras prestacións que non son do sistema. Foi no ano 2013 o PP quen culminou esta separación e traspasou uns 15 millóns de euros para pagar estas prestacións, pero si se tivera feito de xeito paulatino non houbera esixido ao sistema tanto esforzo en tan pouco tempo. Non se debiera ter tan mala memoria.

No tocante ao factor de sostenibilidade, sinalar que é unha necesidade recollida no Pacto de Toledo e na mesma lei do PSOE , e consiste en adecuar cada nova pensión á esperanza de vida que haxa en cada momento. Na reforma das pensións do 2011, o PSOE xa introduciu a necesidade de crear un factor de sostenibilidade, aínda que o retrasaban ata o ano 2027. Naquela reforma o PSOE xa erraba nos seus pronósticos : dicía que o sistema non entraría en déficit ata 2018 cando entrou no 2011 e que non se usaría o Fondo de Reserva ata 2020, e xa se usou no 2012. O goberno do PP adianta a 2019 a aplicación do factor de sostenibilidade, e só se aplicará a primeira vez que o pensionista cobre a súa primeira paga e só afectará aos novos pensionistas a partir do 2019 e tampouco se aplicará ás pensións mínimas.

O que se refire á creación dun novo índice de revalorización anual, marca a suba anual das pensións, non tan dependente do IPC, pódese dicir que a vinculación entre inflación e pensións non é algo histórico e inamovible. De feito, foi o Goberno do PP en 1997 o que, seguindo o exemplo de todos os países europeos o introduxo en España por lei. A día de hoxe, só Reino Unido e Francia o aplican. O resto dos países europeos xa o desvincularon porque se probaron os efectos negativos que ten esa vinculación en épocas de crise. Polo momento nada mais. Moitas gracias.

O **alcalde** abre unha segunda quenda de intervencións, comezando **M<sup>a</sup> Dolores Fernández Álvarez** que di: Simplemente contestar al comentario del Partido Popular, que las diferentes fases por las que pasó el Pacto de Toledo, son como el juego de los barquitos: el Partido Socialista lo tocó y el Partido Popular lo hundió. Nada más.

Intervén, co permiso da presidencia **Francisco Villaverde**, que di: Creo que realmente polas porcentaxes podemos dicir que conxelar as pensións ou subilas un 0,25% ven a



ser case o mesmo porque supón nunha pensión media, 2 ou 3 euros de suba ao mes, polo tanto, pouco mais ten 0,25% que a conxelación que foi só unha vez. Logo o fondo ou a hucha de reserva que vostedes din que o partido socialista deixou baleiro a min non me dan as contas coas súas. O Partido Socialista si é verdade que fixo uso desa hucha para outros gastos, pero desde que gobernan vostedes, no ano 2012 sacaranse bastantes millóns de euros de esa hucha, sinal que tiña millóns de euros senón non se poderían sacar para pagar por exemplo a extra dos funcionarios e volvéronse a sacar o ano pasado.

O que temos que ver é que o sistema que establece actualmente o Partido Popular basease, é verdade, en unha modificación que fixo no seu momento o Partido Socialista pero vostedes levárono a un límite practicamente insostible, e veremos as consecuencias que ten no futuro, porque hoxe estámolas vendo. Cada vez temos máis pobres neste país e sobre todo pobreza infantil. Nada mais.

Intervén co permiso da presidencia, **Bernardo Moar** para dicir: Señor Villaverde, España segue o exemplo no só da maioría da UE senón do que recomendou a propia Comisión do Pacto de Toledo en 2010, cando suxería relacionar a revalorización non só á inflación senón aos propios ingresos do sistema e ao ciclo económico. O que fixo o Goberno do PP foi: primeiro, garantir co novo sistema o mantemento do poder adquisitivo a medio prazo. Segundo, nunca, nin na peor das crises baixarían as pensións. Terceiro, as pensións sempre subirán, pase o que pase, de xeito que o PP blinda que non se adopten decisións como a adoptada polo PSOE no ano 2011, cando as conxelou. Cuarto, como mínimo, e no peor dos escenarios posibles, as pensións subirán un 0,25 % e cando a economía española medre, que o fará, as pensións subiran o IPC dese ano mais o 0,25%. Nada mais. Moitas grazas.

Rematadas as intervencións o pleno da corporación por maioría absoluta do número legal de membros cos votos a favor dos 5 membros presentes do grupo municipal socialista e dos 6 concelleiros/as non adscritos/as Ramón García Argibay, María Dolores Fernández Álvarez, Manuel J. Ferreiro Santiago, María González Gómez, Alfonso Rey López, Emilio Martínez Carballeira e o voto en contra dos 5 membros do Grupo Popular e a abstención dos concelleiros/as non adscritos/as M<sup>a</sup> Pilar Candocia Pita, Xosé Anxo Doval Rey, Susana Mayo Redondo presta aprobación á moción do teor literal seguinte:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Pleno expresa o seu máis profundo desacordo coa decisión do Goberno de suprimir de forma unilateral a fórmula de revalorización de pensións públicas que até agora se aplicaba no noso país, impondo unha nova fórmula sen dialogar previamente co resto de partidos políticos, organizacións empresariais e sindicais, e rompendo así o procedemento establecido no Pacto de Toledo para acometer calquera reforma profunda no sistema de Seguridade Social sobre a base previa do diálogo e o acordo amplo.*

*A nova fórmula para calcular a revalorización de pensións instaurada a partir da Lei 23/2013 non garante o mantemento do poder adquisitivo das pensións. De feito esta nova fórmula suporá unha perda de poder adquisitivo das pensións de entre un 14% e até un 26% durante os próximos 15 anos.*

*A revalorización das pensións para 2014, limitada a un 0,25%, vén consolidar unha perda de poder adquisitivo que comezou a xerarse coa decisión de 2012 de non actualizar as pensións.*



Entre 2012 e 2013 as pensións xa consolidaron unha perda de poder adquisitivo, de modo que os incrementos realizados nas contías non foron suficientes como para compensar a evolución da inflación. Así, nestes anos as pensións inferiores a 1.000 euros, (que son o 66% do total) perderon un 0,1% e as pensións superiores a 1.000 euros (o 33% do total) perderon un 1,1%.

Sumado a todo o anterior, o incremento aprobado para 2014 suporá unha perda adicional de poder adquisitivo de polo menos 1,25% para todas as pensións sen distinción de contías, se temos en conta que o incremento foi de tan só o 0,25% e a previsión de inflación do propio Goberno é do 1,5%.

A perda de poder adquisitivo das pensións supón o empobrecemento especialmente dos que teñen, xa de seu, unha pensión baixa, lembremos que o 54% das pensións teñen unha contía inferior ao Salario Mínimo Interprofesional e unha limitación grave da calidade de vida da maioría de fogares que teñen nun xubilado, preto do 27% do total, a principal ou única fonte de ingresos. E, adicionalmente, a perda de poder adquisitivo das pensións afecta gravemente ao mantemento do emprego e a actividade económica, xa que estas rendas teñen como principal destino o consumo e a demanda interna de bens e servizos no noso país.

Cremos que o Goberno cede ás esixencias do núcleo máis conservador da Comisión Europea e dos mercados, cuxa actividade especulativa segue provocando que a economía produtiva non se recupere e que os traballadores/as, os pensionistas e xubilados sigan perdendo poder adquisitivo, utilizando as pensións públicas como contraprestación esixida para outros fins alleos ao da súa sustentabilidade e ó BOE como instrumento para conxelar as retribucións dos que dependen directamente das decisións do Goberno como os empregados públicos, pensionistas, desempregados, traballadores que perciben o salario mínimo, perceptores do IPREM, etc., mentres que, pola contra, adóptanse medidas destinadas a subir os prezos de servizos públicos, que tamén están sometidos á súa intervención.

Baste sinalar algúns exemplos de todo iso: desde 2011 os medicamentos incrementaron o seu prezo o 20,9% como consecuencia da exclusión dun número importante de medicamentos do financiamento público; o transporte público urbán sufriu unha subida do 14,6%; a calefacción, a luz e o auga subiron nestes dous anos máis dun 11,4%, consecuencia en gran medida dos sucesivos “tarifazos” eléctricos.

O camiño ten que ser o de asegurar a calidade de vida da poboación e pór fin ás inxustas políticas de austeridade, como vía para unha saída da crise de maneira democrática e sustentable económica e socialmente.

É polo que, esiximos ao Goberno que rectifique de inmediato e regrese ao marco de diálogo e ó acordo do Pacto de Toledo, pois as medidas adoptadas fóra deste non fixeron senón prexudicar ás persoas máis débiles, sen que actuasen nos verdadeiros retos que ten o sistema de pensións: a necesidade de adoptar medidas de mellora de ingresos, loita contra a fraude fiscal e laboral, facer emerxer a economía mergullada.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ames solicita se someta a votación a presente **MOCIÓN**, e a adopción dos seguintes acordos:

1.- Rexeitar a reforma imposta á marxe do Pacto de Toledo, na Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social, e instar o Goberno da Nación a que a rectifique.

2.- Instar o Goberno da Nación a que volva ao Pacto de Toledo e, neste marco, poña as medidas necesarias para que os pensionistas e xubilados recuperen unha fórmula que garanta o mantemento do poder adquisitivo das pensións públicas, e a sustentabilidade do sistema, unha medida que por xustiza lles corresponde.

3.- Acordar dar traslado da devandita resolución ao Goberno da Nación e ao Ministerio

*de Emprego e Seguridade Social.*

**Punto décimo segundo.- Moción presentada polos/as concelleiros/as Pilar Candocia, Olalla Alvite, Susana Mayo e Anxo Doval, con núm. R.E. 4601, de 12 de abril de 2014, para a restitución simbólica nos seus cargos da Corporación democrática destituída en xullo de 1936.**

O alcalde concede a palabra a un dos concelleiros propoñentes da moción, **Pilar Candocia**, que comeza a súa intervención dando lectura a moción e continúa dicindo: Con esta moción o que pretendemos non é outra cousa que se lles devolva a honra a persoas que se lles quitou sen merecelo. Eran como é esta corporación, absolutamente lexitima, cada un coas súas diferencias e cada un coas súas propostas. Non sería agora razoable que o destituísen a vostede ou a nos, señor alcalde, polas armas, non sería razoable. Non creemos que iso estea xustificado nunca. Tampouco foi razoable que se fixera nese momento e non é razoable que esas persoas apareza que son depostas e non se lles devolva a honra.

Era un goberno moderado, un goberno que xa viña de atrás, é dicir, non era un goberno rupturista nin nada que se lles parecera, e como si o fose, era o goberno lexitimo do concello de Ames. O que nos queremos non é mais que se restituía a legalidade vixente nese momento e se lles devolva a honra esas persoas. E nada mais que un recoñecemento digamos formal, é un recoñecemento simbólico, non é outra pretensión a que ten a moción.

O goberno republicano trouxo a Ames moitas cousas, trouxo a luz eléctrica entre outras cousas e con ela o progreso e encheu de estradas, de camiños o concello, sobre todo a unión co norte que foi fundamental entre outras cousas porque o alcalde era do norte, de Tapia concretamente e tiña que vir andando, non había camiños e esa foi unha das razóns, non é que fose a única razón pero o norte estaba moitísimo peor e iso tamén foi algo que motivou que se fixeran mais camiños. O alcalde Lojo preocupouse moito pola educación, 8 ou 9 escolas se crearon nese momento. Pensemos o que era Ames no 31 e o alcalde chegou a poñer cartos do seu peto para algunha das obras, que despois en moitos casos nin sequera recuperou, e dende logo o Ames que temos agora é moi debedor de aquel Ames e de todo o que se fixo naquel momento con aquela corporación que estivo é altura das circunstancias e que estivo moi pendente do que o pobo quería. Polo tanto pedimos o apoio para esta moción e dicir que neste mesmo sentido foi aprobada por unanimidade noutros concellos como pode ser o concello de Vedra. Nada mais para esta primeira quenda.

Intervén co permiso da presidencia, **Ramón García Argibay** que di: A min este tipo de mocións non me significan ningunha cuestión especial e hai cousas que son matizables porque cando se fala de devolver a honra eu creo que a estas persoas non lles quitou a honra ninguén, estas persoas sempre tiveron a honra independentemente que un ditador lles quitara o posto que estaban ocupando, que é distinto, pero a honra nunca a perderon, sempre tiveron a honra. Eu creo que hai que matizar ben.

Logo hai outra cuestión que a min me parece un agravio comparativo e enténdase ben o do agravio comparativo. ¿Cantas persoas hai en Ames e na provincia de A Coruña, en Galicia e en España pero como estamos falando de Ames, en Ames, cantas persoas hai en Ames as que habería que restituírlles a honra a que vostede se refiren?. Eu creo que moitísimas mais das que fala esta moción, polo que non deixa de ser unha inxustiza acordarnos de algúns que evidentemente fixeron moitísimos méritos

e doutros non. Méritos esa corporación e o seu alcalde fixeron moitos e ademais o profesor Alfonso ten aquí un relatorio que me gustaría ler para que se saiba quen era esta persoa porque como dicía vostede fixo moitas cousas polo concello e sobre todo pola zona norte. Pero unha cousa non é excluínte da outra, e polo tanto, eu creo que cando falamos do pasado, o pasado serve para recordalo, e non repetir os mesmo erros, pero nada mais, para nada mais debe servir o pasado. Polo tanto eu creo que estas mocións que evidentemente como dicía antes, a nos non é algo que nos diga nin moito nin pouco é algo que evidentemente está aí e que temos que aceptalo porque hai persoas que deciden traelas, pero hai moitísima xente que debería tamén estar recoñecida. Os méritos que fixeron no seu momento están aí, perduran e desde logo non se esquecen. Aquí vostedes falan, por exemplo, de que somos conscientes de que aínda existen familiares dos concelleiros depostos que conservan a memoria viva daqueles e que cando estes desaparezan, desaparecera con eles o seu legado. Non desaparecerá o seu legado, o legado destas persoas nunca vai a desaparecer porque esta aí, está a Escola de Tapia, está ese busto con esa placa. O recoñecemento, nunca vai a desaparecer xa que está a memoria das persoas e a memoria das persoas evidentemente nunca desaparece porque vai quedando.

A min gustaríame ler un traballo que está facendo o profesor Alfonso, concretamente un extracto en relación á biografía de Oscar Lojo Batalla Sampedro:

*“Naceu Don Oscar na aldea de Vilouta da parroquia de Tapia o ano 1873, e faleceu na mesma casa onde nacera en 1963. Moi novo emigrou a Bos Aires onde empezou a traballar de ambulante vendendo garabatas polas rúas. Era fillo do médico Batalla que atendía os seus pacientes na mesma casa de Vilouta.*

*Na década de 1920 regresou definitivamente da emigración á súa aldea natal onde viviu ata a súa morte. Todos estes anos dedicounos a coidar a herdanza que tiña en común cos seus irmáns, Jesús e Sofía con especial atención a horta da casa moi ben cerrada con muro de pedra, e cunha parra que chegou a facerse famosa en toda a comarca pola calidade do viño que traballaba persoalmente.*

*Mantiña unha coidadosa relación con todos os veciños especialmente cos nenos aos que lle facía regalos por reis a través da súa sobriña, cariñosamente chamada Lili Batalla, que era catedrática de Inglés en Santiago, os rapaces tamén os invitaba a ver a súa horta como os paxariños lle viñan a man a comer a broa.*

*Cultivaba a amizade dos os veciños, pequenos e grandes invitábaos os actos ludicos como era a navegar polo Tambre nunha pequena barca que tiña no río Tambre, onde hoxe esta a praia fluvial, mesmo organizaba competicións deportivas de nenos e nenas, vellos e vellas entre as dúas pontes do río pequeno que circundaba, aínda hoxe, o paraxe da praia, en Tapia coñecese por Insua, pagando do seu peto os premios para os gañadores. Como unha mostra do seu altruismo compre salientar que cando naceu en Santiago a súa sobriña Lili arranxou á súa conta o camiño de terra que vai de Vilouta a Ameixenda e que desembocaba na estrada de Santiago a Carballo na aldea de Mercuto, que era por onde ían os de Tapia a Compostela, así podo, a bautizar a Igrexa De Tapia.*

*Foi alcalde de Ames e despois de selo viviu só, cunha asistente, veciña da aldea, Amparo de Landeira, que lle arranxaba os labores da casa. En Tapia chamábanlle o “Señorito”. Viaxaba a pé habitualmente ata Lens e intercambiaba visitas cunha familia de alí; e os domingos, moi ben vestido con traxe, garabata e sombreiro, ía a Misa a San Amaro de Barouta. Dende os anos corenta a Santiago viaxaba en coche de línea.*

*A súa filosofía de vida a resumía no dito: “Non hai mellor vida ca dun só, levándose ben”.*

*Foi elixido alcalde de Ames nos últimos anos do reinado de Alfonso XIII, reelixido en 1931 coa República e cesado en agosto de 1936 pola ditadura de Franco.*

*Durante o seu mandato Ames cambiou totalmente de cara, sobre todo a parte norte totalmente abandonada ata entón. En obras publicas o avance foi espectacular: contruíronse as estradas de Roxos-Portomouro, a de Tapia-Ponte Maceira, a de Quintas a Lens e a de Augapesada-Bertamiráns. Tamén mellorou a de Bertamiráns - Osebe pola Terroeira e a Igrexa de Bugallido. Para a de Augapesada-Bertamiráns, como tardaban os cartos adiantounos el, isto custoulle un grave prexuízo económico polo estalido da guerra tardou moito tempo en cobrar e cobrou sen actualización.*

*Tamén tivo algunha desilusión pola falta de colaboración dalgún veciño o que houbo que expropiar.*

*Importante foi tamén o avance no eido da cultura, para dedicación exclusiva a escolas, as unitarias de Agrón, Trasmonte e Cerdeiras en Ames as tres costeadas pola Sociedade "Riveras del Tambre y Valle de la Mahia" da Habana; a mixta de Tapia, costeada por el e doada a parroquia, hoxe propiedade do Concello; a mixta de Seárez de Arriba costeada polos veciños dos dous Seárez, e a do Muiño en Covas sufragada pola Sociedade Veciños de Ames en Buenos Aires.*

*Tamén creou as escolas de castiñeiro de Lobo e a de Ventosa, pero en casas de aluguer. Fíxose tamén o local novo das escolas de Piñeiro, costeada por un veciño que lla cedeu o Concello.*

*O seu comportamento como alcalde próximo a cidadanía tróuxolle algúns problemas cos envexos que na república o denunciaron por relixioso e na ditadura por masón. Pero no pobo que defendeu foi a idea de Oscar Lojo Batalla Sampedro".*

Continua **Ramón García Argibay** para dicir: Isto é un estrato de quen era este persoeiro, polo tanto a memoria nunca se vai a esquecer porque os logros están aí porque a xente fala destas cousas e se transmite de xeración a xeración e desde logo hai persoas coma o profesor Alfonso que se encargan de que estas cousas non se esquezan e como el hai mais persoas, polo tanto, nos consideramos que unha moción deste tipo, insisto que xa cualificamos antes, non pode deixar de ser ou pode ser incluso un agravio comparativo con outras moitas persoas que fixeron cousas polo noso concello e que non se van a recoñecer sobre o papel ou nunha moción e por iso empezaba dicindo que a honra nunca se perdeu sempre a tiveron independentemente que un ditador os depuxera do seu posto. Nada mais.

Intervén **Pilar Candocia** para preguntar: Un minuto ¿De quen di que é ese escrito?. Que conste en acta secretaria, que ese texto que se leu é de Maximino Viaño.

Contesta **Ramón García Argibay**: Nunca dixen que non fora del, dixen que está sendo recompilado polo profesor Alfonso. Ao que **Pilar Candocia** di: Si que o dixo, dixo que era do do profesor Alfonso. Que eu non teño ningún problema co profesor Alfonso e estou encantada que traballe sobre Lojo Batalla ou sobre o que queira, pero ese texto é de Maximino Viaño e ademais leuno publicamente en Tapia o domingo 13 de maio e nos cedeu moi amablemente a copia.

Contesta **Ramón García Argibay** para dicir: Dona Pilar, si dixen que era do profesor o retiro porque non era a miña intención, eu díxenlle que estaba facendo unha recompilación non so desta persoa senón doutras persoas. Ao que contesta **Pilar Candocia** que queda todo aclarado. Intervén **Alfonso Rey** para aclarar que o texto é de Maximino Viaño e el esta facendo sobre el un traballo de recompilación.

Intervén, co permiso da presidencia **Francisco Villaverde Marcos**, que di: Nos imos apoiar esta moción porque consideramos, non que haxa que devolverlle o crédito ou a

honra, senón que hai que recoñecer que eles eran o goberno lexitimo de Ames naquel momento e debían de poder continuar. Naquel momento se consideraban roxos a todos aqueles que eran depostos e realmente creo que eran unhas persoas de ben, uns grandes veciños, que podemos dicir que eran mais de dereitas que de esquerdas, e temos que recoñecer a inxustiza que se fixo no momento en que se lles sacou o goberno lexitimamente alcanzado. O que expresa o señor Argibay que si hai outras persoas que tamén merezan ser recoñecidas, nos estamos dispostos a que cando se queira, facer ese recoñecemento a todas aquelas outras persoas que o merezan.

Intervén o **alcalde** para dicir: Ese goberno elixido democraticamente en lexitimidade foi deposto pola Guerra Civil. Quero dicir que o partido popular censura a actitude de calquera réxime totalitario, por si quedaba algunha dubida. Tamén quero dicir que o partido popular denuncia e condena os crimes que se cometeron durante Guerra Civil por ambos bandos e por suposto os que se cometeron durante franquismo así como as aptitudes deslexitimadoras a unha corporación refrendada polo pobo de Ames, e entendemos que todas as vítimas son iguais unhas e outras.

Como hoxe vai de recoñecemento aquí temos unha galería de alcaldes nesta primeira planta que ven de mais de 100 anos que foi un traballo dun concelleiro, José Berdullas que aínda esta vivo. Pero tamén dicirlle ao señor Miñones que se está a rir e creo saber o porque, dicirlle que a foto do meu antecesor foi solicitada por escrito varias veces e foi reiterada en varias ocasións. Entendemos que cada alcalde debe aportar a súa foto e non que sexa o goberno o que aporte unha foto calquera. Puntualizar que nesta moción o que se pide é que se inicie un procedemento ante o Ministerio de Xustiza e despois serán os familiares que aínda estean vivos os que decidan si continúan co procedemento ou non.

O **alcalde** abre unha segunda quenda de intervencións, comezando **Pilar Candocia**, que di: Comezo cunha brincadeira que é que insista un pouco o concello e lle mande un fotografo ao anterior rexedor e que ademais a foto sexa normativa e non sexa unha calquera que faga el.

Nos non temos ningún interese en polemizar con este tema e non temos ningún problema tampouco en honrar ou poñer en valor a calquera asociación ou particular que alguén considere, pero neste momento estamos falando dunha corporación local deposta, e cando falamos da honra non falamos da honra persoal, falamos da honra que lle depuxo de unha institución e que esa institución aínda non lla devolveu, cando estaban lexitimamente elixidos, é como se nos depoñen agora a nos e entendemos que hai que devolverlles esa lexitimidade. Tamén é de honrar ao que fixo a galería dos anteriores alcalde que efectivamente foi o señor Berdullas da corporación de Astray, non sabia concretamente que fora Berdullas quen o fixo pero agora xa o sei.

E efectivamente Lojo Batalla non desapareceu, pero non está recoñecido oficialmente que esa deposición foi ilícita, é o único que queremos. Esa deposición foi ilícita e esas persoas merecen volver a estar onde estaban e iso é o pretendemos coa moción, sen ningún tipo de problema para que podemos traer aquí outros recoñecementos.

Intervén **Ramón García Argibay** para dicir: Simplemente engadir que a min insisto a filosofía me parece perfecta e as cuestións son como son, pero non podemos esquecer o que vostedes estaban recoñecendo dalgún, que hai moita mais xente a que habería que facer algunha tipo de recoñecemento. A min o que non me gusta é recorrer sempre ao pasado, hai cousas que temos que ter superadas, sen entrar na esencia da moción xa que non ten nada que ver unha cousa ca outra.

Intervén **Pilar Candocia** para dicir: A historia serve tamén para ver o que non hai que facer, a historia ten que ensinarnos a poñer a cada un no seu sitio e temos que aprender a saber o que se fixo mal e poñer no seu lugar a quen o merece, e iso é o que pretende esta moción.

Rematadas as intervencións o pleno da corporación por unanimidade dos seus membros presentes presta aprobación a moción do teor literal seguinte:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Hai 83 anos, o 22 de xuño de 1931, logo de repetirse as eleccións o 31 de maio, constitúese a corporación municipal democrática de Ames con 16 concelleiros electos, e dela saíu **elixido alcalde por unanimidade Óscar Lojo Batalla** e ata xullo de 1936.*

*O 1 de agosto de 1936 a autoridade militar da praza de Santiago Juan Sanmiguel del Río cesa a todos os concelleiros e constitúe unha comisión xestora cun novo alcalde. O 28 de outubro o gobernador civil da provincia constitúe unha nova corporación composta polo alcalde designado polo novo poder ilexítimo xunto a outros 6 concelleiros titulares e 5 suplentes; deste xeito deponse a legalidade democrática republicana.*

*Desde o convencemento de que a actual corporación adquiriu unha débeda histórica coa corporación democrática lexitimamente elixida no ano 1931.*

*Entendemos que pasados corenta anos desde que rematou a ditadura e retornou a democracia, aínda non se realizou ningún acto de desagravio para cos concelleiros daquela corporación lexitima.*

*Somos conscientes de que aínda existen familiares dos concelleiros depostos, que conservan a memoria viva daqueles, e que cando estes desaparezan, desaparecerá con eles o seu legado.*

*Por todo o exposto o Pleno da corporación adopta o seguinte Acordo:*

*O Concello de Ames iniciará o procedemento ante o Ministerio de Xustiza de cara á Declaración de reparación e recoñecemento persoal que se recolle no artigo 4 da Lei 52/2007 ao que teñen dereito todos os membros da corporación deposta.*

*Unha vez efectuados os trámites e feitas as comprobacións oportunas diante do Ministerio, o concello acordará en sesión plenaria a solicitude en firme da Declaración de reparación e recoñecemento persoal para estes membros.*

*O concello invitará de maneira pública á veciñanza para participar deste pleno e, de maneira especial, aos familiares e descendentes dos devanditos concelleiros.*

*O concello colocará no exterior da casa consistorial, en lugar ben visible e respectuoso, unha placa na que se lembrará o nome dos concelleiros da corporación lexitima de 1936 como acto de desagravio.*

*Esta moción constitúese como un acto de xustiza, reparación moral e recoñecemento persoal dos representantes democráticos de Ames.*

*É un recoñecemento que realizamos desde a corporación democrática do ano 2014 á corporación democrática do período 1931-1936. En definitiva, trátase dun acto que humaniza e dignifica o noso traballo, e que nos iguala no tempo.*

Neste momento da orde do día se acorda polo señor alcalde un receso de uns minutos. Abandona o pleno o concelleiro Alfonso Rey López.

**Punto décimo terceiro. Moción presentada polo grupo municipal popular, con núm. R.E. 4765, de 15 de abril de 2014, para instar ao Goberno central para que o texto de reforma da Lei orgánica do poder xudicial teña en conta as especificidades e peculiaridades propias de Galicia.**

Intervén o **alcalde** para dicir: Antes de entrar nesta moción non sei si o grupo

socialista que foi o que puxo mais atrancos para a declaración institucional non sei se hai posibilidade de chegar a acordo. Cando se referían a que había un segundo punto que xa se reiteraba e que se podían ampliar os puntos, ao mellor hai posibilidade de ampliar. Eu lle podo dicir que co partido xudicial de Padrón e co partido xudicial de Negreira vamos a estar con eles, polo menos co de Negreira nunha próxima reunión, no sentido de que aínda que non pertencemos ao partido xudicial de Negreira, fomos convidados a un encontro e alí estaremos, mais que nada pola vecindade e relación que mantemos. Non sei se hai algunha posibilidade de ampliar nalgún punto no tocante aos concellos de Padrón ou Negreira, creo que estamos todos de acordo coa declaración institucional e sería importante estar todos xuntos como en Santiago, aínda que teñamos puntos de vista diferentes sobre aspectos concretos da lei.

Intervén **José Miñones Conde** para dicir que aceptarían a seguinte redacción: Instar á Xunta de Galicia para que inste ao Goberno Central para que o texto da nova Lei Orgánica do Poder Xudicial contemple a todos os partidos xudiciais de Galicia, e que siga mantendo alomenos, os servizos que ten na actualidade.

A vista de que existe consenso para unha declaración institucional intervén o **alcalde**, que di: o grupo municipal popular retira a súa moción e votariamos unha declaración institucional.

Neste punto da orde do día por unanimidade dos membros presentes e tras a retirada polo grupo municipal popular da moción incluída na orden do día prestase a aprobación a seguinte declaración institucional:

#### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE AMES SOBRE OS PARTIDOS XUDICIAIS**

*O artigo 24 da Constitución establece o dereito que teñen todas as persoas á tutela efectiva dos xuíces e tribunais para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.*

*A vixente Lei Orgánica do Poder Xudicial aprobada en 1985 sufriu preto de 40 modificacións, nun proceso inconcluso de adaptación das estruturas da Xustiza á realidade económica, social e xurídica do século XXI.*

*O pasado día 4 de abril foi aprobado polo Consello de Ministros o anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial (LOPX). Este anteproxecto da LOPX configura unha organización xudicial que ten por base os Tribunais Provinciais de Instancia, órganos que coa devandita base territorial agruparán aos actuais xulgados calquera que sexa a súa orde xurisdiccional. Esta distribución provincial vai condicionar o acceso á xustiza da cidadanía, provocando un maior distanciamento dos órganos xudiciais e incrementando as cargas a soportar polos administrados na súa relación coa xustiza.*

*A corporación de Ames considera que a demarcación dos Tribunais de Instancia establecida así cun ámbito provincial sería moi perxudicial para a comarca de Santiago de Compostela, onde se inclúe ó Concello de Ames, e para o conxunto de Galicia, e que, polo contrario, debería ter en conta as particularidades e especificidades propias de Santiago como cabeceira actual dun partido xudicial que ten unha carga de traballo considerable, e conta con seis xulgados de Primeira Instancia, tres de Instrución, tres do Social, dous do Contencioso - Administrativo, dous do Penal, unha sección da Audiencia Provincial, o IMELGA e unha Fiscalía de Área. Estes servizos préstanse ademais de á cidade de Santiago de Compostela, aos concellos da comarca, Ames inclusive.*

*A proposta do Anteproxecto de LOPX obvia que foi a practicidade do exercicio da xurisdición e o volume de asuntos existente, o que provocou que a estrutura estritamente provincial, inicialmente prevista na actual LOPX, fose abandonada nalgunhas cidades españolas, entre as que se atopa Santiago de Compostela, dada a necesidade de favorecer o encardinamento de institucións reguladas inicialmente como provinciais (Imelga, Fiscalía, xulgados do contencioso - administrativo, do penal*



e do social e seccións da Audiencia Provincial), e que son hoxe institucións xa consolidadas. En consecuencia, a supresión desta estrutura, que responde á evolución lóxica da organización da Xustiza, derivada das propias circunstancias socio - económicas do noso territorio, supón un retroceso que descoñece a necesidade revelada nos últimos anos de que determinados ámbitos xeográficos galegos se constitúan como un centro de referencia na organización xudicial, cunha organización estable.

Trasladar fóra da actual sede os órganos xa existentes, limitará a súa funcionalidade e prexudicará a efectividade do servizo. De tal forma que incluso a eliminación dalgún dos partidos xudiciais máis periféricos, necesariamente deberá comportar o incremento das sedes actuais de Santiago de Compostela, xa actualmente insuficientes. Por todo ilo, a Corporación de Ames, por unanimidade, **ACORDA:**

1. Instar á Xunta de Galicia para que inste ao Goberno Central para que o texto da nova Lei Orgánica do Poder Xudicial contemple a todos os partidos xudiciais de Galicia, e que siga mantendo alomenos, os servizos que ten na actualidade.
2. Que nos criterios que definan a futura planta xudicial no territorio galego, sexan tidos en conta os criterios relacionados coas características socioeconómicas, xeográficas e poboacionais, á hora de recoñecer como partido xudicial con Tribunal de instancia a estrutura existente na actualidade en Santiago de Compostela e noutras poboacións galegas.
3. Dar traslado deste acordo ao Ministerio de Xustiza, á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ao Tribunal Superior de Galicia, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ao Consello de Estado, ao Fiscal Xeral do Estado e ao Consello da Avogacía Galega.

**Moción de urxencia presentada por M<sup>a</sup> Dolores Fernández Álvarez, Alfonso Rey López, María González Gómez, Manuel Ferreiro Santiago, Emilio Martínez Carballeira e Ramon García Argibay, concelleiros de PxA sobre a concentración parcelaria de Biduído – Bugallido.**

O **alcalde** cede a palabra a un dos concelleiros, asinantes da moción para a xustificación da urxencia. Toma a palabra, **Ramón García Argibay**, para dicir: Esta moción, vai encamiñada a un tema que leva pendente moitísimos anos, 23 anos en concreto, e despois das noticias que vimos fai uns meses con respecto a este tema, pois as persoas que viven nesta zona e que están afectadas desde fai 23 anos, estiveron preguntando como era o sistema, que estaba pasando con esta situación e como ían a ser o prazos etc.

Nos, no seu momento, presentamos un escrito no concello por rexistro onde pediamos información, que por certo, se nos contestou hoxe dun xeito a verdade que bastante ambiguo, polo tanto mais ao favor para presentar esta moción de urxencia.

Estamos falando nin mais nin menos que da concentración parcelaria de Bugallido - Biduído que leva como dicía antes 23 anos en espera. O 15 de abril presentamos por rexistro de entrada un escrito onde solicitabamos acceso e copia aos escritos intercambiados entre a administración autonómica e administración local e viceversa , acceso e copia da documentación relativa as masas comúns do Concello de Ames e acceso e copia dos informes técnicos relacionados con esta actuación. Era unha

iniciativa a raíz das novas que saíron publicadas nos medios de comunicación onde se dicía que estaba próxima a finalización deste procedemento. En vista de que pasaba o tempo e as persoas afectadas nos fixeron chegar esas demandas decidimos presentar esta moción que consideramos que tiña que ser por vía de urxencia sobre todo pola contestación que se nos dou desde o concello que leo textualmente:

*“Con data 15 de abril de 2014 mediante numero de rexistro de entrada 4758 solicitan en relación coa concentración parcelaria Biduído II - Bugallido acceso e copia dos escritos intercambiados entre á administración autonómica e a administración local da documentación relativa as masas comúns que lle corresponden ao concello de Ames e os informes técnicos relacionados con esta actuación.*

*En relación con este asunto informo que o concello de Ames solicitou en outubro do 2013 a revisión de parcelas que dende os servizos técnicos de urbanismo se consideraron mais interesantes, posteriormente a Xunta de Galicia requiriu mais información do destino das devanditas parcelas e xa foi comunicada. Neste momento podo informarlle que o concello de Ames ten feitos todos os tramites ao respecto e se espera que no vindeiro mes de maio sexan cedidas ditas parcelas. Infórmolle así mesmo, que no momento no que o expediente se atope pechado poderá acceder ao mesmo”.*

Polo tanto en vista de que a resposta é ambigua e o único que di é que no mes de maio probablemente se dará esa información, e en vista de que o goberno de Ames non esta informando presentamos esta moción de urxencia.

Sometida a votación a ratificación da urxencia da moción, resulta ratificada por maioría absoluta do número legal de membros, coa abstención dos 5 membros do grupo municipal popular e o voto a favor do resto dos membros presentes da corporación municipal.

Intervén **Pilar Candocia Pita** para dicir: Nos, como sempre defendemos que todo se debe de falar e se debe deixar falar aínda que este tema tampouco creemos que sexa mais urxente onte que hoxe, é dicir, que podería vir probablemente por procedemento normal, pero como a nos, nos parece ben que se debata votamos favorablemente a urxencia.

O **alcalde** abre a quenda de intervencións, comezando **Anxo Doval** que di: Como dicía a compañeira Pilar, despois de 23 anos tamén se podían esperar 15 días mais. Este problema leva exactamente os mesmos que levo vivindo en Ames, e ademais non eu, pero a miña familia está moi afectada por esta situación, por iso me chama a atención que dentro da motivación da moción se empece a falar do ano 2007, 16 anos despois de comezar este proceso de concentración parcelaria. Tamén hai que dicir de nestes 23 anos, en gran medida pola aprobación dun PXOM que afectou enormemente a determinadas parcelas que cambiaron notoriamente o proceso se foi retrasando continuamente. E por ultimo, dicir de que despois de que tanto o señor alcalde como o responsable de medio rural anunciaran a inminente entrega de títulos, falando eu ca responsable de A Coruña que leva o procedemento de concentración parcelaria simplemente puxo cara, como boa funcionaria de que isto non se fora arranxar inminentemente, entre outras cousas porque había unha partida importante para arranxar e facer novos camiños produto do PXOM e que nin de broma ían estar preparados antes de primavera, é mais, non comezaron a xestión. Por iso me sorprende que se diga que están para inminente entrega os títulos. Non vou a ser eu dende logo quen poña tacha a que se entreguen, xa que me afecta moi persoalmente, pero que estean para entregar, non. Pero por aprobar a moción que non quede.

Intervén **Ramón García Argibay** para dicir: Creo que o expliquei cando xustificaba a urxencia, evidentemente fai 23 anos pero tamén dixen que presentamos un escrito o 15 de abril a raíz das informacións que apareceran nos medios de comunicación, e ao ver que non contestan presentamos a moción. Mediante escrito rexistrado o 23 de abril

non entregan unha contestación onde se di que o expediente non esta pechado e que non se pode acceder ao mesmo. E non se da mais información e o escrito son unhas cantas liñas onde a información brilla pola súa ausencia, polo tanto, nos consideramos que é urxente que nun pleno se debata esta cuestión pasaran 23 pasaran 12 ou pasaran 5 anos, non ten que ver unha cousas con outras. En canto a referencia do ano 2007 evidentemente podía empezar no ano 1991 que foi cando se empezou con esta cuestión, pero as referencias son as que son e me cingo ao ano 2007 porque foi cando empezou a falar o goberno de facer entrega de títulos.

Desde o ano 1991 pasaron moitísimas cousas e evidentemente pasou unha moi importante que foi o Plan Xeral do 2002 e foi moi importante e foi a peza fundamental e o dixen e o seguirei dicindo porque foi a peza fundamental de que Ames sexa o Ames de agora, e si comparamos concellos da redonda veremos que o único concello que tivo un plan xeral foi Ames e así progresou, as cousas como son. E vostede me escoitou dicir moitas veces e sigo dicindo que o Plan Xeral ten os seus fallos pero lle dou a vida a este concello.

Vostede falou do Plan Xeral polo tanto déixeme que lle conteste que estou na miña quenda, despois si vostede quere contésteme, pero déixeme que lle conteste, vostede falou do Plan Xeral e llo repito por enésima vez foi o Plan o que fixo que Ames progresara e agora estaríamos nunha situación ideal para facer una nova revisión do Plan, e o seguirei dicindo, outra cousa é que non haxa vontade de facelo, pero as cousas son como son. Cando se fai un Plan Xeral ten virtudes e erros, búsqume vostede un Plan Xeral que non teña erros, un solo, pois non o vai haber, porque todos teñen centos de alegacións, todos e senón mire o que pasou na Estrada ou en Teo ou noutros.

A cuestión importante foi esa noticia que deu o goberno e que nos parece unha boa noticia para os veciños afectados, para esas 1200 persoas que teñen alí os seus terreos desde fai 23 anos e queriamos información sobre esa cuestión, esa é a motivación desta moción e a motivación da urxencia. Consideramos que presentar esta moción non é ningunha cousa doutro mundo senón todo o contrario é algo que vai forzar ao goberno o mellor a dar as explicacións que teña que dar, e ademais algo que é moi importante porque aquí hai dúas partes implicadas, dúas administracións implicadas que son o Concello de Ames e a Xunta de Galicia. E quen ten que tomar as decisións na maior parte dos casos no momento en que estamos é a Xunta de Galicia non nos esquezamos, e o concello ten que cumprir cos requisitos que a Xunta de Galicia lle pide. E no escrito que é a única información que nos dan, a Xunta lle requiriu ao concello cuestións, non sabemos nin cales, nin como, nin cando pois a ver si o aclaran, por iso esta moción. O demais é desviar o debate, eu creo que a moción é unha moción sólida e que é moi razoable, que dunha vez por todas se remate coa concentración parcelaria de Biduído – Bugallido II.

Intervén co permiso da presidencia, **Francisco Villaverde Marcos** que di: En primeiro lugar, nos tamén votamos a favor da urxencia. En xaneiro deste ano no pleno eu fixen unha pregunta precisamente a petición de varios veciños de Bugallido do estado en que se encontraba a concentración de Biduido-Bugallido, e logo reiterámola por escrito o 6 de marzo de 2014 co numero de rexistro 2591, onde dicíamos que varios veciños das parroquias de Bugallido - Biduido nos trasladaban a súa preocupación porque non están entregados os títulos da parcelaria porque ao parecer o concello pediu as masas comúns e tiñan que xustificar a que ían destinar cada unha delas e o parecer o concello non fixo esa xestión e mentres o concello non o faga non vai haber esa entrega de títulos, e solicitamos toda a información relativa a este asunto.

Onte recibimos contestación, a mesma que vostede sobre este asunto, polo tanto, a nos parécenos que en si a moción apoia tamén a nosa petición, a nosa solicitude e imos apoiala porque creemos que realmente é urxente que se remate esta concentración despois de tantos anos e que os veciños dunha vez podan dispoñer das súas parcelas para desfrutar delas ou facer o que se lles antolle. Polo tanto, realmente consideramos que é urxente e que se o concello ten que achegar algunha documentación que a aporte e si non esixir que se remate dunha vez. E si hai algunha deficiencia, como dicía Anxo, que se propoña e se estude, pero que se remate, despois de 23 anos paréceme que xa é hora. Nada mais.

Intervén o **alcalde** para dicir: Efectivamente leva esta concentración parcelaria moitos anos, ao mellor o señor Villaverde se acorda doutras concentracións parcelarias que se fixeron no seu momento que tardaron bastante menos. ¿O motivo de que esta concentración parcelaria leve tantos anos?. Cada un terá unha opinión, o señor Anxo Doval ten outra que xa manifestou neste pleno, o señor Ramón García, eu creo que tamén sabe moitos dos factores que influíron no ultimo tramo desta concentración parcelaria porque tanto el coma eu asistimos a varias reunións ca asistencia técnica que levaba estes traballos, incluso me parece tamén co subdirector no seu momento de estruturas agrarias e alí nos manifestaron a problemática que había.

Independentemente do que poda pensar cada un, eu non coñecía os antecedentes da concentración parcelaria, se falaba de aquel perito que foi designado ao principio que morrera, logo veu un segundo perito e creo que houbo moitos problemas cos novos peritos para seguir co traballo. Houbo no 2007 recursos, despois daquela entrega provisional que se lle comunicou a todos os veciños no pavillón do Milladoiro onde acudiu a delegada territorial da Consellería de Agricultura. Houbo plantexados recursos e incluso houbo algunha sentenza xudicial que falaba de restaurar algún camiño, tamén houbo varios prazos, creo recordar, para a retirada de madeira das parcelas, porque se había dado un prazo e despois se ampliou novamente para que a xente puidera retirar a madeira e houbo que recolocar os marcos tamén de moitas parcelas, e agora hai tamén un problema de que moitas pistas que se fixeron no seu momento están deficitarias para poder entregalas en perfectas condicións. Dende o concello se solicitaron esas masas comúns e non hai nada pendente por parte do concello, é mais, cando teña a convocatoria lla farei chegar, de momento non a temos pero existe vontade por parte da Consellería de Agricultura de convocar unha nova xunta local de concentración parcelaria para facer entrega de títulos. De momento non temos a convocatoria, nos avanzaron que era inminente pero non temos a convocatoria, cando teñamos a convocatoria llo comunicaremos, e confiamos que se poida rematar o antes posible, se fora neste ano ¡ogallá! pero non depende de nós, pero dende o goberno faremos presión e todo o que este na nosa man para incentivar que se remate esa concentración parcelaria.

O **alcalde** abre unha segunda quenda de intervencións, e **Ramón García Argibay** di: Efectivamente estivemos coa subdirectora daquela e precisamente porque sabemos exactamente cal era a problemática daquela o noso interese, tendo en conta ademais o ruxe ruxe da rúa como dicía o señor Villaverde de que faltaba algo do concello, por iso me quedo tranquilo se vostede di que non hai nada pendente, é una boa noticia, xa sabemos algo mais, xa serviu esta moción para ter información a maiores da que tiñamos. Como non hai impedimento técnico nin económico para levar a cabo a entrega definitiva, se ademais o concello cumpriu con todos os condicionantes que lle pedía a Xunta de Galicia e con todas as cuestións técnicas e administrativas, que mellor noticia, simplemente falta convocar a nova xunta local e que nos comunique no seu momento esa convocatoria.

Intervén o **alcalde** para dicir: Na contestación xa lle dicíamos que non hai ningún tramite pendente por parte do concello.

Rematadas as intervencións a moción presentada por urxencia resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes, sendo dita moción do teor literal seguinte:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A concentración parcelaria de Biduído e Bugallido leva máis de 23 anos en espera, afecta as zonas de concentración parcelaria en montes de Biduído, Bugallido e zonas de Milladoiro.*

*Esta zona denominada Biduído-Bugallido 2 comprende preto de 3.000 fincas e 1.200 propietarios que dende o ano 1991, fai case que 23 anos dende que comezara, levan esperando que se remate esta actuación.*

*No ano 2007, con goberno socialista no concello e o bipartito da Xunta de Galicia, chegaran a anunciar nos medios de comunicación que se remataría na primavera.*

*En novembro do pasado ano, dende a Consellería de Medio Rural e dende alcaldía, informábase que no primeiro trimestre do ano poderíase realizar o tramite de notaria e rexistro de títulos para logo facer a entrega de títulos.*

*Parece que a primavera é a data elixida polos distintos gobernos pero iso si, non acaban de concretar de que ano.*

*Agora que as cuestións mais difíciles, as técnicas e as económicas, e que todo se encontra preparado para poder rematar este longo proceso que está soamente pendente de convocar a xunta local como último trámite para facer efectiva a entrega dos títulos e rexistro, non debemos permitir mais dilacións nos procedementos administrativos e burocráticos e non só podemos, se non que debemos darlle o impulso definitivo.*

*Dende Px@, ante as preguntas de moitos veciños das zonas afectadas, e despois de comprobar que nestes momentos non hai nada que impida a finalización deste procedemento máis que as cuestións burocráticas administrativas, presentamos a consideración plenaria os seguintes acordos:*

*1.- Instar a conselleira de Medio Rural a convocar a Xunta Local da Concentración Parcelaria de Biduído - Bugallido II como trámite previo e necesario para promover a firmeza da actuación.*

*2.- Instar a conselleira de Medio Rural a que requira ao concello de Ames para que aporte toda a información, documentación e/ou realizar todos os tramites administrativos e técnicos que se encontren pendentes.*

*3.- Instar a Consellería de Medio Rural a tramitar todas as cuestións necesarias para rematar todo o procedemento e decretar a firmeza.*

### **Punto décimo cuarto. Rogos e Preguntas.**

#### **Rogos:**

Intervén o concelleiro **Anxo Doval Rey** para formular os seguintes rogos:

**Primeiro rogo.-** Referido ao tema da xestión do ciclo integral da auga. É mais que nada polas formas, do fondo parece ser que vamos a falar o luns na comisión. Ao ler os decretos aparece unha concesión a unha asistencia técnica para convocar un novo procedemento de licitación. Despois de levar 4 ou 5 meses reunidos para tomar unha decisión e intentar aportar, aparece un decreto sen que ningún dos membros que

asistimos a esa comisión saiba nada ao respecto. Dende logo a un danlle ganas de non participar nunca mais en ningunha comisión se ao final o goberno fai o que lle da a gana. Pero a maiores das formas que xa me parecen lamentables ou pouco aceptables, resulta que aparece unha información na paxina web referida a este tema. Desde logo, non sei quen a redactou pero esta chea, na miña opinión, de inexactitudes. A primeira é a referida a que na comisión se acordara licitar por 2 anos para mentres estudar. Eu dende logo, non estiven en ningunha comisión e eu asistín a todas e todo o tempo, onde se acordara iso. Era unha das alternativas que os técnicos poñían enriba da mesa. Dende o meu punto de vista persoal o que me fastidia mais é a terxiversación das cousas que se din. Os técnicos informaron nunha reunión que houbo o pasado luns, era ao final das comisións informativas e se falaba de convocar a comisión da auga por urxencia e determinados membros da comisión se levantaron e eu me quedei, foi unha reunión como podía ser na rúa. Darlle carácter oficial a iso, espero que por parte da concelleira se desmintan, porque non existiu ningunha reunión oficial, e se o fora non tería sentido a do luns. Aínda que a día de hoxe tampouco sei se ten moito sentido a do luns dado que xa estamos informados. O decreto foi público e xa estamos informados. O meu rogo é que quería que aclarara que esa comisión non existiu e a reunión foi de xeito informal.

**Segundo rogo.**- Ao respecto do orzamento, a día de hoxe seguimos sen un proxecto de orzamento aínda que temos unha convocatoria de reunión de non se sabe que, porque non é unha reunión da comisión económica é unha reunión de portavoces. É dicir, se nos convoca para presentar un proxecto de orzamento, é unha convocatoria bastante curiosa, pero en todo caso xa se verá o que da de si. De novo un incumprimento por parte do goberno, un proxecto que nos ía a presentar 15 días despois do anterior pleno. Os argumentos que se dan para non presentar son curiosos, hai moitísimos concellos moito mais complicados co noso, con orzamentos xa aprobados e afectados tamén polas novas modificacións normativas. Tamén me chama a atención, a aprobación vía decreto, así nos enteramos, dunha programación da planificación bianual do orzamento que hai que comunicar ao Ministerio. Iso ten dúas posibilidades, que o aprobe o goberno ou que aprobe o pleno. E vostedes sempre pasan do pleno e aproba o goberno. Pero o grave xa non é iso, o grave é que nas leis, nas normativas da administración central estamos chegando a unha ditadura. Vostedes están, grazas a esa lei, vinculando orzamentos futuros condicionando ata o 2017 os futuros orzamentos. Vostedes que espero que non estean na próxima lexislatura gobernando, pero estea quen estea se verá afectado polo que vostedes aprobaron, se iso non é unha ditadura que veña deus e o vexa. Xa é lamentable que o aproben vostedes e non o pleno pero a lei di que hai que dar conta o pleno, e vía decreto non se da conta ao pleno, vía decreto nos enteramos, os concelleiros e a poboación en xeral. Pero ten a obriga de dar conta ao pleno, no próximo pleno despois desa aprobación figurando expresamente na orde do día.

Intervén **M<sup>a</sup> Eugenia Martín Vicente** para dicir: En lo referente a mi y a la comisión creo que ya hablamos previamente y le dije que efectivamente tenía razón en las formas, no tengo pega ninguna pega en decírselo aquí delante de todo el pleno y respecto al resto del procedimiento creo que el sitio para dar las explicaciones va a ser en la comisión, donde le daré las explicaciones oportunas. En cuanto a las formas tiene usted razón, le pedí perdón y lo reitero.

Intervén a concelleira **Susana Mayo Redondo** para formular os seguintes rogos:

**Terceiro rogo.**- Moi concreto, que no próximo pleno ordinario comece a emisión dos plenos vía streaming a través da web do concello, a través, evidentemente da radio de Ames.

**Cuarto rogo.**- Este rogo ten que ver coa violencia de xénero. Cando as penúltimas asasinadas pola violencia de xénero, fixemos un primeiro acto moi interesante de concentración diante dos institutos de Ames, e digo moi interesante non porque non

debamos facer as concentracións diante da casa do concello, senón polo efecto multiplicador de facelo cos rapaces e porque teñan un minuto de enterarse é moi beneficioso, ¿que acontece? Fíxose esa vez, e a seguinte vez que aconteceu, non se fixo ningunha xestión, así mo dixeron no instituto de Milladoiro que cando eu chamei para interesarme por si se ía a facer ese minuto de silencio a contestación foi moi clara: *“O director non está, e nos non temos nin idea. E estas cousas era mellor que pasaran polo claustro e que as institucionalicemos de forma que cando acontezan estas desgracias vai a haber sempre ese minuto de silencio e concentración”*.

Entón eu o que lle pido a concelleira é que xestione, e xa non digo soamente nos institutos, creo que non sobra en ningún centro de ensino xestionar que os claustros acorden ese proceder, para que sempre se garde ese minuto de silencio e haxa concentración en recordo e reclamación pola violencia de xénero.

Intervén **M<sup>a</sup> Eugenia Martín** para dicir: En cuanto a los actos de condena de la violencia de género, en el último se convocó a los institutos, no sé exactamente cuando se convocó pero se habló con ellos y nos dieron una respuesta. No se pudo hacer esa concentración la última vez porque estas cosas evidentemente se organizan a la carrera y en el momento y no podían los institutos pero se contactó con los dos institutos del Ayuntamiento. En cuanto a instar al claustro hablaremos con la dirección de los institutos para que lo hagan y para que aprueben esa medida que estaremos todos encantados. Yo intento involucrar a la gente joven en estos actos ya que es un problema muy grave entre los adolescentes y hay que tener mucho cuidado y estar muy encima de ellos para que realmente sean conscientes.

Intervén a concelleira **Pilar Candocia Pita** para formular os seguintes rogos:

**Quinto rogo.**- A primeira non é exactamente un rogo pero como é a oportunidade que teño para expresarme, felicitalo e felicítarnos porque por fin hai marquesiña na churrería Alba. E hai parada e hai usuarios, moitos usuarios, rógoles que se pasee para que vexa que non era unha manía senón unha necesidade e que nas horas punta hai moita xente alí. Pero o que se segue sen resolver e rógoles que tamén o resolva é o dos semáforos que están no Mercadona que cada vez está peor, agora está peor do que estaba ao parar todos a vez, hai que esperar moitísimo tempo. O da estrada de Negreira tampouco existía estaba sempre en intermitente, pero co novo sistema esta peor porque pechan todos a vez. Si tes que cruzar dúas rúas que en moitas ocasións tes que facelo, non che da tempo e tes que esperar dous semáforos e tarda moitísimo. Aparte non é moi habitual que paren todos a vez nunha rotonda e despois empecen a funcionar todos a vez, non ten sentido, iso hai que resolvelo. Pero o mais grave é que sigan tendo botón porque non son de pulsar, entón, por favor que paremos todos tontos, porque ao final por inercia, aínda que o saibas te leva a darlle ao botón.

Resposta o **alcalde**: A explicación que me habían dado era que se prefería bloquear todo o cruce ao mesmo tempo e se pediu que se acortara o tempo de espera. En relación aos pulsadores pedín retiralos. Apunta **Susana Mayo** que se fan prezo retiren tamén os do Milladoiro.

Intervén o concelleiro **Manuel Ferreiro** para formular os seguintes rogos:

**Sexto Rogo.**- Os meus rogos están dirixidos a Alfredo Taboada. O primeiro é para que se arranxe no lugar de Barreiro tres tajeas que hai, unha na zona de Laxes e outra no monte aberto na estrada que vai de Outeiro a Framil.

**Sétimo Rogo.**- No lugar de Castelo hai un punto de luz tumbado, tirado, os veciños xa fixeron un amaño pero creo que necesita un arranxo urgente.



Intervén o concelleiro **Ramón García Argibay** para formular os seguintes rogos:

**Oitavo Rogo.-** Vou empezar por onde non ía empezar, polo tema da paxina web, porque me acabo de enterar agora polo compañeiro Doval que se publicou algo na web sobre a licitación da auga pero resulta que a concelleira de Medio Ambiente acaba de pedir desculpas polas formas, certo, pero a páxina web no último parágrafo pon *a concelleira de medio ambiente M<sup>a</sup> Eugenia Martín explica que o goberno sempre actúo coa máxima limpeza e transparencia neste proceso, antepuxendo en todo momento os intereses de veciño/as de Ames aos das empresas concesionarias*, e resulta que hoxe pide desculpas polas formas, bueno llas pediu ao concelleiro Anxo Doval. A cuestión é que ao final o número de contradicións é tan alto, é tan grande que a min me gustaría facer un pequeno relatorio de como empezou todo isto: primeiro copian uns pregos de Cáceres punto por punto, letra por letra, palabra por palabra e os traducen ao galego. Segundo, queda deserto o concurso. Terceiro ven con bos ollos a municipalización e logo o desbotan, logo queren que o servizo o faga unha empresa de capital público do concello de A Coruña e logo hai uns informes que aínda estamos esperando todavía non os coñecemos e logo chegan e firman o decreto 795/2014 que pasara os anais da historia e será digno de enmarcar.

Intervén o **alcalde** para dicir: Perdón don Ramón, son moitos os gastos que ten atribuídos pola súa competencia a Alcaldía e que non necesitan decreto, é un contrato menor, eu quero manifestarlle iso, se ao mellor se fixeran máis decretos en gastos desa contía con anterioridade, ao mellor nos enteraríamos doutros gastos que nos enteramos a posteriori.

Continua **Ramón García Argibay** para dicir: Despois falarei do decreto 795/2014. Despois de todo iso saltándose as normas básicas xa non vou dicir, si legais ou non, pero algo moi importante que é a cortesía e o respecto polo traballo dos demais porque levamos meses, meses reunidos nunha comisión especial para esta cuestión onde se fixeron moitísimas aportacións, se dixeron moitísimas cousas, hai infinidade de actas para que o final se resume todo nun decreto. Pero é que ese decreto está motivado por unha situación moi importante, esta motivado por unha situación errática é algo inconcibible o que acaban de facer, irracional, esperpéntica, e ademais ese decreto o firman o día seguinte da recepción ,supoño que habería conversas antes, da proposta da empresa. Nese decreto figura algo que firmaron por unha cantidade 17.500 euros máis IVE e que é un contrato menor pero é que nese mesmo decreto recoñecen que si hai máis de 8 ofertas, que pode pasar, como non houbo ningunha pero pode pasar que haxa máis, cada oferta a maiores se valorará en 1.500 euros máis IVE. Polo tanto vostede esta firmando algo que esta superando o que a lei de contratos do sector público considera como contrato menor.

Vostedes tomaron unha decisión no seu momento, que nos non entendemos, vostedes se deixaron levar por outras cuestións, polas vísceras polo afán ese que teñen de non aceptar as cuestións cando veñen sobre todo deste lado e se deixaron levar e pasou o que pasou, que o prego quedou deserto e non sabían si municipalizar ou non municipalizar, se facer ou non unha encomenda, ao final víronse tan aturulados e estaban tan desbordados que lle puxeron un decreto a firmar e vostede firmou ese decreto. Iso é a realidade, e firmou un decreto que é unha contrata cunha empresa consultora para facer outros pregos. E se van a gastar esa cantidade de cartos para uns pregos para un contrato de soamente dous anos.

Por iso digo que colgue as actas na web porque así non hai dúbida algunha, e si non as colgan vostedes as vamos a colgar nos. Porque aínda que nos digan, o que nos digan, as vamos a seguir colgando, así de claro, para que se saiba perfectamente cales son as decisións que toman vostedes e por riba por escrito.

O problema é que non saben a onde ir. O problema é que levamos máis dun ano e a situación do concello está como está, que non sabemos o que vai pasar, non o sabemos, entón eu o que lle rogo de verdade, é que faga propostas concretas que non

siga dando paus de cego, porque ao final estamos acabando abril, e despois de maio ven san Xoán e o tempo nos está comendo, e polo tanto, insisto, o meu rogo é que fagan algo. Non o farán por nos pero aquí hai 30.000 veciños que están suxeitos a un contrato desde fai 15 anos cunha empresa que se está lucrado, porque o contrato evidentemente está desfasado, e vostedes lonxe de poñer remedio están empeorando a situación, están creando inseguridade, e llo dixen nun pleno extraordinario que o problema disto é a inseguridade que están creando.

As empresas, ao final non van a saber a que aterse, cando as empresas presentaron aquela cantidade de consultas as que vostedes responderon soamente algunhas, as empresas ao final lles crean inseguridade e non saben a que aterse, ese foi un dos fracaso do pregos.

Fíxense a indolencia deste goberno onde chega que no seu momento se lle dixo na comisión que figuraba erroneamente no prego un depósito de 2.000 metros cúbicos, e se dixo varias veces e nos pregos definitivos puxeron que había un depósito de 2.000 metros cúbicos, ¡nos pregos definitivos! ¡Fíxense vostedes a onde chega a indolencia deste goberno! Polo tanto, o meu rogo vai encamiñado a esa cuestión. Tómense en serio o asunto que nos estamos xogando moitas cousas: funcionalidade e economía.

**Noveno rogo.**-Xa o fixen no anterior pleno, é un paso de peóns que no seu momento pedimos para o Milladoiro na zona que vai de Supercor, non sei si fixeron algo ao respecto, si falamos con alguén si van a poñelo ou si non van a poñelo, falamos dun paso de peóns que podería ser elevado ou no seu defecto un semáforo, algo para regular porque esa carreteira ten moito tráfico de vehículos e de persoas.

**Décimo rogo.**- Que nos conteste que van facer en relación a ese escrito que presentamos varios concelleiros dicindo que renunciabamos as pagas extras en favor dunha serie de entidades. Levamos un ano e pico largo e aínda non nos contestou que vai facer con eses cartos, rógolle que nos conteste, porque somos 3 concelleiros que renunciabamos no seu día á paga extra en solidariedade cos traballadores

Intervén o **alcalde** para dicir: Hai mais concelleiros que renunciaron a paga extra que tres. Continua **Ramón García Argibay**: Vostede cando non quere escoitar non escoita, digo que somos 3 concelleiros os que renunciabamos a paga extra e que presentamos un escrito dicindo a onde queríamos que foran eses cartos, claro si non escoita, evidentemente non pode responder.

Intervén o **alcalde** para dicir: Eu lle vou contestar a iso cun informe dos técnicos porque é unha cuestión técnica, vostede renunciou a paga extra do mes de decembro e despois no mes de marzo, unha vez que deixa o goberno é cando pide ese destino.

Intervén **Ramón García Argibay** para dicir: Non é certo. Nos falamos cos técnicos de palabra e en vista de que non se solucionaba, o presentamos por escrito, non confunda, ao final as cousas son como son, non confunda vostede. Mire é tan sinxelo como maña contestar por escrito dicindo: o escrito presentado por Ramón, María e Manolo non se pode facer, si se pode facer, vaise facer o que sexa, pero conteste, solo pedimos que conteste. Nos falamos co técnico no seu momento e dixemos cal era a nosa intención, e en vista de que non se solucionaba o presentamos por escrito, é iso, nin mais nin menos. Polo tanto rógolle que conteste a ese escrito.

Intervén **M<sup>a</sup> Eugenia Martín** para dicir: En cuanto a las formas si que había pensado pedirle perdón y disculpas, pero ya que sus compañeros dicen que no se las voy a pedir, por darles la razón no se las pido. Intervén **Emilio Martínez** para dicir: Tampouco esperabamos nada de ti.

Continua **M<sup>a</sup> Eugenia Martín** dicindo: En cuanto a lo que dice usted de colgar las actas en la pagina web ya nos quedó muy claro que había quien no tenía claro que las deliberaciones de la comisión son secretas y yo no he dicho que había desechado la idea de la municipalización, con lo cual no es que nosotros no sepamos lo que vamos a hacer, es que usted no entiende nada.

Intervén **Ramón García Argibay** para decir: Mire si entendo que eu nunca dixen que vostedes desbotaran a idea da municipalización, pero si digo que primeiro dixeron que si e despois dixeron que xa non era tan viable. Eu xa sei que vostede é unha experta en moitos temas e por iso quedou deserto o concurso. As propostas que fixemos desde Px@ ao final tiñan a súa base. ¿Pero sabe cal é a diferencia? Que eu sei que non son ningún experto en iso e que hai expertos que me poden axudar, e vostede nin sequera da esa opción .

Toma a palabra o señor alcalde, **Santiago V. Amor Barreiro** para decir: A información que vostede ten di que dentro do prezo están incluídas ata un máximo de 8 ofertas ¡oxalá teñamos 8 ofertas!, pero mire, vostede fala de respecto polo traballo feito polos demais, eu alucino, perdóeme a expresión, cando vostede filtra a un medio de comunicación unha parte do prego que se puido visualizar nun medio de comunicación, e vostede fala do respecto polos demais. Eu xa lle dixen que se pasara ao lado do interese político e que defendera os intereses do concello que non torpedeara porque mire torpedeando ao goberno con este tema está torpedeando a institución que é o Concello de Ames. Eu creo que xa se falou moito do prego da auga e se veu claramente quen estaba a favor do interese municipal e quen estaba supostamente a favor doutros intereses.

Intervén **Ramón García Argibay** para decir: Hai unha diferencia, eu non filtro nada, eu digo o que hai e si vostede considera que filtrei algo vaia a onde ten que ir e como dicía antes a diferencia entre quen mira polo interese xeral e quen mira polos intereses particulares a marca vostede. Marca claramente esa diferencia no decreto 795/2014, está moi clara a cal é a súa intención, e sen embargo, a nosa é totalmente distinta porque si vostede tivera de verdade interese en mirar polo concello o prego hoxe estaría en condicións normais e adecuadas para que as empresas se presentaran, porque nos tempos que corren calquera empresa tolearía por ter o contrato do ciclo integral da auga. A ver quen mira polo interese xeral, vostede que asina un decreto infumable, lamentable ou alguén que sempre fixo aportacións, hasta que evidentemente non podiamos deixar pasar que o prego fora copiado punto por punto, letra por letra do concello de Cáceres. Nos enfróntamos a todo o mundo por esta cuestión, e quen queira ver os pregos o ten moi fácil entra na paxina web nosa e pode comparar os pregos de Cáceres e os do Concello e se darán conta e como me consta que xa hai xente que o fixo pois cada día estou mais tranquilo e vostedes vaian a onde teñan que ir. Intervén o **alcalde** para decir: Pásese ao lado do interese municipal e como se vai iniciar un novo trámite, cando teña que reunirse coas empresas utilice esta institución, o concello.

Intervén o concelleiro **Emilio Martínez Carballeira** para formular os seus rogos:

**Décimo primeiro rogo.**- Hoxe non me vou a exceder, porque estou cansado de facer rogos, de facer preguntas, pleno tras pleno, e que non se me conteste absolutamente nada de nada, entón creo que é unha perda deliberada de tempo. De todas formas hoxe se me entrega un escrito firmado polo amigo e concelleiro Alfredo Taboada en relación a un rogo que eu creo recordar que foi un tema que habiamos falado cos veciños de Ortoño, que estábamos presentes o alcalde, Ramón e mais este que lles fala, con respecto ao famoso paso de peóns de Ortoño, estamos falando da época de cando aínda estabamos no goberno. Se lle falou moi ben os veciños de que era unha cousa que segundo a explicación que nos deran era realmente necesario facer. E no día de hoxe se nos pasa un escrito que enviou o concello á Deputación, porque esa estrada é da Deputación. Un escrito que nos remiten con data de hoxe e firmado polo

alcalde onde contén a referencia a un escrito que se lle mandou á Deputación o día 9 de setembro 2013, número de saída 7681 que di: *“Estimados señores: No pleno ordinario do pasado 29 de agosto 2013, no seu apartado de rogos, foi solicitado un paso de peóns no cruce de Ortoño sito na DP-0205, por consideralo da súa competencia poñémolo no seu coñecemento para que procedan como mellor consideren”*. Estamos falando do 9 de setembro, home eu creo alcalde que xa pasou tempo suficiente como para que a Deputación conteste como ten que contestar, os veciños son os que realmente teñen que dicir si ese paso de peóns é necesario ou non. Porque os da Deputación saberán moito estando sentados nas oficinas onde están, o que teñen que facer é vir aquí e velo in situ e ver si realmente é unha necesidade ou non. Creo que non se pide tanto, e vostede como alcalde é a persoa máis indicada para poñerlle as pilas os da Deputación e sobre todo ca amizade que lle une co presidente provincial, don Diego Calvo. ¿Estamos esperando a que haxa un accidente? É o único rogo que lle fago, que insista, insista a quen proceda da Deputación, que veñan a ver iso, que o consulten cos veciños que son realmente os coñecedores dos problemas que teñen nese cruce. Nada máis.

Intervén o concelleiro **José Miñones Conde** para formular os seus rogos.

**Décimo segundo rogo.**- Crin que non iamos a chegar, a verdade é que estar de último ten as súas vantaxes pero tamén ten inconvenientes. Quedamos nos por falar do ciclo integral da auga, pero en 7 minutos creo pouco podemos dicir. Temos esa comisión convocada para o vindeiro luns, pero a min sorprendeume hoxe, é a dúbida que me queda, esas desculpas que fixo a concelleira cando pide desculpas polas formas, eu non sei se está a falar polas formas do que aconteceu na reunión do luns, se por poñer o que puxo na páxina web ou se se pide perdón por ese decretazo, porque neste último caso creemos que quen debería pedir perdón é o alcalde. E ese vai a ser o rogo, que pida desculpas vostede por sacar ese decreto do día 10 de abril contratando ese asesoramento, cando nin tan sequera deu información a comisión, pasando por riba da comisión que estaba creada para ese efecto. Recordo perfectamente as palabras do 23 de febreiro, reunidos na comisión, que dixeron vostedes *“imos a ver como se trata o tema coa empresa pública Emalcsa, vamos a seguir negociando con eles e tan pronto teñamos información, convocaremos novamente a comisión”*, que me corrixan os que estiveron alí presentes, iso foi o último que se dixo na comisión. E despois atopamos o decreto. Se debería pedir perdón por estar o luns 21 nunha comisión informativa e tratando de convocar por urxencia precisamente a comisión sobre o ciclo integral da auga para o día seguinte, a sabendas de que a que ao día seguinte remataba o prazo no que a empresa presentaba a súa oferta. É máis, a sabendas de que ese decreto xa estaba aprobado o día 10 de abril, o luns vostede calou durante todas esas comisións informativas nas que estivo presente, nas que estaban presentes os concelleiros da corporación, iso é unha falta de respecto, iso é faltarlle ao respecto a todos, entre os que me inclúo, que vimos ás reunións a sabendas vostede que nos custa moito vir as comisións e non temos dedicación e que nos custa moito poder compaxinar cos traballos. Vostedes convocan a comisión para o día seguinte sabendo que de un día para o outro varios concelleiros non podemos asistir a reunión, e estando como estabamos xa presentes na comisión informativa e amosando conformidade a facer de seguindo a comisión xa que estabamos presentes, e empeza a falar de representatividade pois o consideramos unha falta de respecto e nos levantamos e dixemos que fagan unha convocatoria oficial. Pero vostede xa sabía que estaba ese decreto asinado, xa contrataran vostedes unha empresa por case 18.000 euros. Creo que por parte do grupo socialista non se nos pode votar enriba absolutamente nada da nosa postura ao

longo de todo o ciclo integral da auga, das nosas aportacións, das nosas asistencias, das nosas propostas porque isto último que o parecer é o que se vai a facer foi o que en setembro nos propuxemos que se contratase durante dous anos unha empresa e se fixera unha auditoría. Xa en setembro dixemos aquilo, estamos en abril e vostedes o deciden de forma unilateral, ¿para que está a comisión entón, para que nos convocan? Estámonos pensando moi moito en solicitar a información por escrito e xa veremos se asistimos a comisión porque a falta de respecto é absoluta. Non sei se as desculpas van dirixidas polo que sae hoxe na prensa, se van dirixida a todo o procedemento e independentemente desas desculpas que se poidan dar teñan moi claro que iso non exime da responsabilidade. Poden vir todas as desculpas que queiran, podémosllas aceptar ou non, pero iso non exime da responsabilidade que ten. No informe, os técnicos nos din as diferentes alternativas, falan de prazos cuns cadros ben marcados e o que se fala na reunión de febreiro a vista do informe é que estamos fora de prazo en moitas das opcións e que vamos moi xustos. En abril, dous meses despois da comisión onde se deu conta do informe, e a pesares de pedir nos no mes de marzo que se convocara a comisión no pleno porque estabamos fora de prazo, que se veña despois con ese decreto do mes de abril, a verdade é que doe, persoalmente doe, e dende logo para nos é unha falta de respecto ou educación, xa non sabemos como opinar, pero que non exime da responsabilidade que ten o goberno. Nada máis.

Intervén **Mª Eugenia Martín** para dicir: Yo en cuanto a su trabajo en la comisión creo que siempre se lo he agradecido, siempre ha sido un trabajo positivo tanto en asistencias como en aportaciones. Yo le he pedido disculpas al señor Anxo Doval por las formas. ¿Sabe por qué? ¿Sabe al único concejal de la corporación municipal con fecha anterior al 10 de abril al que le consulté si convocar o no la comisión antes de que llegase el Reglamento aprobado de Aguas de Galicia? Pues fue al concejal Villaverde que me dijo que mejor después. Y la comisión no se convocó en fecha anterior al 10 de abril exactamente por eso. Porque estaba en el debate de convocarlo o no y sino había que convocar dos, precisamente apareció el por la puerta y le pregunté. Y su contestación fue: si podemos hacerlo en un solo día no lo hacemos en dos.

Intervén **José Miñones** para dicir: Non sabía Paco Villaverde que vostede estaba asinando un decreto por detrás. Continua **Mª Eugenia Martín** dicindo: Al señor Doval no le hice esa consulta, ni al otro grupo tampoco, da la casualidad que al único grupo al que se le hizo la consulta fue al socialista a través de su concejal. Por eso, precisamente no se convocó.

Intervén **José Miñones** para dicir: Se sempre nos van a facer ese caso, tranquilos, gobernaremos nós. O mellor de todo isto é que é un ciclo, todo volve, e volverá ao pleno e xa viran a chamar, non o dubide.

Intervén o **alcalde** para dicir: Eu so, dicirlle unha cousa señor Miñones, se fixo este decreto, cando non se tiña necesidade de facelo e vostede o sabe, e dígame cantos decretos de contratos menores fixo vostede no goberno. Ao que contesta **José Miñones**: Eu ningún.

Ao que di o **alcalde**: Pois dende a súa área, ¿cantos decretos se fixeron?. Independentemente das formas, se fixo un decreto para un contrato menor cando non era necesario.

Pregunta **Jose Miñones**: ¿E vostede é o que fai, contratos menores?. Ao que contesta o **alcalde**: ¿contratos menores? Non, estamos facendo moitas cousas a nivel deste concello que vostedes non fixeron nin lles interesaron facer.

Sendo as vinte e catro horas (24:00), do día 24 de abril de 2014 o señor alcalde presidente deu por rematado o acto e levantou a sesión, de todo o que eu como secretaria certificado.

Vº Prace  
O alcalde

A secretaria